



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 36

VIII lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 10 de febreiro de 2010

Presidencia do Ilmo. Sr. D. José Manuel Baltar Blanco
(presidente en funcións)

ORDE DO DÍA

(Continuación.)

5. Proposicións non de lei ante o Pleno

5.1. 08/PNP-0241 (12070)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Fernández, Rosendo Luís, e 13 deputados máis
Sobre as actuacións para levar a cabo respecto dos resultados da auditoría presentada pola Consellería de Sanidade en relación coas listas de espera de cirurxía

Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG núm. 108, do 04.11.2009

5.2. 08/PNP-0245 (12255)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sueiro Pastoriza, Alberto e 2 deputados máis
Sobre a posta en marcha das actuacións necesarias para determinar un sistema de recoñecemento e acreditación oficial das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral dos traballadores galegos

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 108, do 04.11.2009

5.3. 08/PNP-0265 (13730)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Viéitez Alonso, Henrique, e Adán Villamarín, María do Carme
Sobre a situación da empresa conserveira Bernardo Alfageme, S.A.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 123, do 25.11.2009

5.4. 08/PNP-0291 (15332)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Barcón Sánchez, María del Mar, e López Vidal, Pablo Xabier
Sobre a presentación no Parlamento de Galicia das Directrices de ordenación do territorio, así como do Plan do litoral, e o impulso, a través dunha ponencia única, dunha reforma da Lei do solo consensuada coas forzas políticas e coas institucións galegas

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 133, do 11.12.2009

5.5. 08/PNP-0307 (17285)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier, e 2 deputados máis

Sobre o impulso dun acordo co Goberno central para a aprobación dun cronograma con prazos e consignacións orzamentarias suficientes para o remate de todos os tramos da vía de alta capacidade Barreiros - Ferrol no ano 2014

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 161, do 29.01.2010

5.6. 08/PNP-0317 (18804)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre as previsións de investimento do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (CGSIB) no ano 2010

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 157, do 25.01.2010

6. Interpelacións

6.1. 08/INT-0219 (16421)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre os medios públicos de comunicación e a necesidade de que Galicia dispoña dunha nova lexislación

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 147, do 04.01.2010

6.2. 08/INT-0229 (18620)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a posición do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria sobre o denominado decreto do plurilingüismo

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 157, do 25.01.2010

6.3. 08/INT-0230 (18724)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quintas Álvarez, María Remedios

Sobre os proxectos relevantes do Goberno galego para o Xacobeo 2010

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 157, do 25.01.2010

7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

7.1. 08/POPX-0026 (21783)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para asegurar a integridade das competencias de Galicia en materia de caixas de aforros

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 164 f.3, do 04.02.2010

7.2. 08/POPX-0027 (21787)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vázquez Fernández, Manuel

Sobre os motivos do incremento xeneralizado na espera dos doentes do Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 164 f.3, do 04.02.2010

8. Preguntas orais ante o Pleno

8.1. 08/POP-0321 (7012)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sueiro Pastoriza, Alberto e Puy Fraga, Pedro

Sobre as previsións da Consellería de Traballo e Benestar para paliar as consecuencias da crise económica no colectivo dos traballadores autónomos

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 70, do 09.09.2009

8.2. 08/POP-0569 (16641)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel e 3 deputados máis

Sobre a asunción da responsabilidade política das posibles filtracións de exames nas oposicións dos grupos C1 e C2 da Xunta de Galicia

Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG núm. 138, do 17.12.2009

8.3. 08/POP-0639 (19951)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pose Mesura, Modesto

Sobre a intención da Xunta de Galicia de construír un hospital único para Pontevedra no monte Carrasco e o destino previsto para as instalacións hospitalarias de Montecelo (art. 155.5)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 164 f.3, do 04.02.2010

8.4. 08/POP-0641 (20091)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López-Chaves Castro, Ignacio Javier

Sobre a valoración do apoio do Goberno central ao Ano Santo Xacobeo 2010 (art. 155.5)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 164 f.3, do 04.02.2010

8.5. 08/POP-0642 (20098)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Álvarez Chao, María Emma e 6 deputados máis

Sobre o nivel de execución e aplicación das medidas e axudas adoptadas para paliar os danos producidos polo ciclón Klaus na noite do 24 de xaneiro de 2009 aos propietarios forestais (art. 155.5)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 164 f.3, do 04.02.2010

8.6. 08/POP-0675 (21385)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luísa

Sobre o balance relativo ás listas de espera na sanidade en 2009
presentado aos medios de comunicación (Art. 155.5)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 164 f.3, do 04.02.2010

8.7. 08/POP-0722 (21782)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ruíz Rivas, Manuel Santos e 2 deputados máis

Sobre a valoración da Consellería de Educación e Ordenación
Universitaria da folga levada a cabo no ensino non universitario o
día 21 de xaneiro de 2010 (Art. 155.5)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 164 f.3, do 04.02.2010

8.8. 08/POP-0555 (15791)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen

Sobre as actuacións do Goberno galego en relación cos danos
causados pola intensa pluviosidade rexistrada nos pasados días
do mes de decembro de 2009

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 164 f.3, do 04.02.2010

8.9. 08/POP-0578 (17659)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Verdes Gil, Sonia e Soneira Tajés, María Soledad

Sobre o preacordo entre a empresa Alimentos lácteos e o Grupo
Leite Pascual

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 159, do 27.01.2010

8.10. 08/POP-0590 (18845)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre os obxectivos concretos que para a reactivación eco-
nómica de Galicia se agarda conseguir durante o Xacobeo
2010

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 157, do 25.01.2010

8.11. 08/POP-0620 (19699)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e Suárez Canal, Alfredo

Sobre as declaracións do conselleiro de Cultura e Turismo nas
que menospreza a cultura galega

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 164 f.3, do 04.02.2010

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Carlos Ignacio Aymerich Cano, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para asegurar a integridade das competencias de Galicia en materia de caixas de aforros. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Aymerich Cano (BNG).* (Páx. 9.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 9.)

Réplica do autor: *Sr. Aymerich Cano (BNG).* (Páx. 10.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 11.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Manuel Vázquez Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os motivos do incremento xeneralizado na espera dos doentes do Sergas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Vázquez Fernández (S).* (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 13.)

Réplica do autor: *Sr. Vázquez Fernández (S).* (Páx. 13.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 14.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Henrique Viéitez Alonso e D.^a M^a do Carme Adán Villamarín, sobre a situación da empresa conserveira Bernardo Alfageme, S.A. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente (Baltar Blanco) anuncia que a esta proposición non de lei se lle presentaron dúas emendas, a doc. núm. 22654, do G. P. dos Socialistas de Galicia, e a doc. núm. 22652, do G. P. Popular de Galicia. (Páx. 15.)

Intervención do autor da proposición non de lei: *Sr. Viéitez Alonso (BNG).* (Páx. 16.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Tomé Roca (S)* (Páx. 17.) *e Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 19.)

O señor Viéitez Alonso (BNG) intervéñ para pechar o debate. (Páx. 21.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María del Mar Barcón Sánchez e D. Pablo Xabier López Vidal, sobre a presentación no Parlamento de Galicia das Directrices de ordenación do territorio, así como do Plan do litoral, e o impulso, a través dunha ponencia única, dunha reforma da Lei do solo consensuada coas forzas políticas e coas institucións galegas. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente (Baltar Blanco) anuncia que a esta proposición non de lei se lle presentaron dúas emendas: a doc. núm. 22647, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, e a doc. núm. 22651, do G. P. Popular de Galicia. (Páx. 22.)

Intervención da autora da proposición non de lei: *Sra. Barcón Sánchez (S).* (Páx. 23.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Táboas Veleiro (BNG) (Páx. 25.) e Sr. Rodríguez González (P). (Páx. 27.)*

A señora Barcón Sánchez (S) intervén para pechar o debate e posicionarse respecto das emendas. (Páx. 29.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Xabier López Vidal e dous deputados máis, sobre o impulso dun acordo co Goberno central para a aprobación dun cronograma con prazos e consignacións orzamentarias suficientes para o remate de todos os tramos da vía de alta capacidade Barreiros-Ferrol no ano 2014. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente (Baltar Blanco) anuncia que a esta proposición non de lei se lle presentaron dúas emendas: a doc. núm. 22638, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, e a doc. núm. 22653, do G. P. Popular de Galicia. (Páx. 30.)

Intervención do autor da proposición non de lei: *Sr. López Vidal (S). (Páx. 31.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Táboas Veleiro (BNG) (Páx. 33.) e Sr. Gómez Alonso (P). (Páx. 35.)*

O señor López Vidal (S) intervén para pechar o debate. (Páx. 37.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Carlos Ignacio Aymerich Cano, sobre as previsións de investimento do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (CGSIB) no ano 2010. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente (Varela Sánchez) anuncia que a esta proposición non de lei se lle presentou unha emenda, a doc. núm. 22648, do G. P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 38.)

Intervención do autor da proposición non de lei: *Sr. Aymerich Cano (BNG). (Páx. 38.)*

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Sestayo Doce (S). (Páx. 41.)*

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Rodríguez Arias (P). (Páx. 43.)*

O señor Aymerich Cano (BNG) intervén para pechar o debate. (Páx. 45.)

O señor presidente (Baltar Blanco) anuncia que se vai proceder á votación das proposicións non de lei. (Páx. 46.)

Suspéndese a sesión por uns minutos.

Retómase a sesión.

O señor presidente (Baltar Blanco) anuncia que se van someter a votación as proposicións non de lei. (Páx. 46.)

Votación do texto orixinario da proposición non de lei doc. núm. 12070, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Rosendo Luis Fernández Fernández e trece deputados máis, sobre as actuacións para levar a cabo respecto dos resultados da auditoría presentada pola Consellería de Sanidade en relación coas listas de espera de cirurxía: aprobada por 37 votos a favor e 36 en contra. (Páx. 46.)

O señor Sueiro Pastoriza (P) le o texto transaccionado da proposición non de lei doc. núm. 12255, do G. P. Popular de Galicia. (Páx. 46.)

Votación do texto transaccionado da proposición non de lei doc. núm. 12255, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alberto Sueiro Pastoriza e dous deputados máis, sobre a posta en marcha das actuacións necesarias para determinar un sistema de recoñecemento e

acreditación oficial das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral dos traballadores galegos: aprobada por unanimidade con 73 votos a favor. (Páx. 47.)

O señor Viéitez Alonso (BNG) le o texto transaccionado da proposición non de lei doc. núm. 13730, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 47.)

Votación do texto transaccionado da proposición non de lei doc. núm. 13730, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Henrique Viéitez Alonso e D.^a María do Carme Adán Villamarín, sobre a situación da empresa conserveira Bernardo Alfageme, S.A.: aprobada por unanimidade con 73 votos a favor. (Páx. 47.)

A señora Barcón Sánchez (S) le o texto transaccionado da proposición non de lei doc. núm. 15332, do G. P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 47.)

Votación do texto transaccionado da proposición non de lei doc. núm. 15332, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María del Mar Barcón Sánchez e D. Pablo Xabier López Vidal, sobre a presentación no Parlamento de Galicia das Directrices de ordenación do territorio, así como do Plan do litoral, e o impulso, a través dunha ponencia única, dunha reforma da Lei do solo consensuada coas forzas políticas e coas institucións galegas: aprobada por unanimidade con 73 votos a favor. (Páx. 48.)

O señor López Vidal (S) le o texto transaccionado da proposición non de lei doc. núm. 17285, do G. P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 48.)

Votación do texto transaccionado da proposición non de lei doc. núm. 17285, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Xabier López Vidal e dous deputados máis, sobre o impulso dun acordo co Goberno central para a aprobación dun cronograma con prazos e consignacións orzamentarias suficientes para o remate de todos os tramos da vía de alta capacidade Barreiros-Ferrol no ano 2014: rexeitada por 36 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención. (Páx. 48.)

O señor Aymerich Cano (BNG) le o texto transaccionado da proposición non de lei doc. núm. 18804, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e informa de que a transacción afecta só ao primeiro punto, polo que solicita que a iniciativa se vote separadamente. (Páx. 48.)

Votación do texto transaccionado do primeiro punto da proposición non de lei doc. núm. 18804, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Carlos Ignacio Aymerich Cano, sobre as previsións de investimento do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar no ano 2010: rexeitado por 36 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención. (Páx. 49.)

Votación do texto orixinario do segundo punto da mesma proposición non de lei: rexeitado por 36 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención. (Páx. 49.)

Votación do texto orixinario do terceiro punto da mesma proposición non de lei: rexeitado por 12 votos a favor, 61 en contra e ningunha abstención. (Páx. 49.)

O señor presidente dá lectura a dúas declaracións institucionais. A primeira sobre a Convención Internacional sobre Dereitos das Persoas con Discapacidade. E a segunda sobre as consecuencias do terremoto de Haití. (Páx. 49.)

Interpelación de D. José Manuel Lage Tuñas, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os medios públicos de comunicación e a necesidade de que Galicia dispoña dunha nova lexislación. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Lage Tuñas (S). (Páx. 50.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. (Páx. 52.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Quintana González (BNG) (Páx. 55.) e Sr. Baamonde Díaz (P). (Páx. 57.)

Réplica do autor: Sr. Lage Tuñas (S). (Páx. 59.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza*. (Páx. 60.)

Suspéndese a sesión ás dúas e dezasete minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e catro minutos.

Interpelación de D.^a María do Carme Adán Villamarín e D. Bieito Lobeira Domínguez, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria sobre o denominado Decreto do plurilingüismo. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 62.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria*. (Páx. 64.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Meijón Couselo (S)* (Páx. 66.) e *Sr. Rodríguez González (P)*. (Páx. 68.)

Réplica da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 70.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria*. (Páx. 72.)

Pregunta de D. Manuel Santos Ruíz Rivas e dous deputados máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da folga levada a cabo no ensino non universitario o día 21 de xaneiro de 2010. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rodríguez González (P)*. (Páx. 74.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria*. (Páx. 75.)

Réplica do autor: *Sr. Rodríguez González (P)*. (Páx. 76.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria*. (Páx. 76.)

Pregunta de D. Alberto Sueiro Pastoriza e de D. Pedro Puy Fraga, do G. P. do Popular de Galicia, sobre as previsións da Consellería de Traballo e Benestar para paliar as consecuencias da crise económica no colectivo dos traballadores autónomos. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sueiro Pastoriza (P)*. (Páx. 77.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar*. (Páx. 78.)

Réplica do autor: *Sr. Sueiro Pastoriza (P)*. (Páx. 79.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar*. (Páx. 79.)

Pregunta de D. José Manuel Lage Tuñas e tres deputados máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a asunción da responsabilidade política das posibles filtracións de exames nas oposicións dos grupos C1 e C2 da Xunta de Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Lage Tuñas (S)*. (Páx. 80.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Facenda*. (Páx. 81.)

Réplica do autor: *Sr. Lage Tuñas (S)*. (Páx. 81.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Facenda*. (Páx. 82.)

Pregunta de D.^a María Emma Álvarez Chao e seis deputados máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o nivel de execución e aplicación das medidas e axudas adoptadas para paliar os danos producidos polo ciclón Klaus na noite do 24 de xaneiro de 2009 aos propietarios forestais. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Álvarez Chao (P)*. (Páx. 83.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural*. (Páx. 83.)

Réplica da autora: *Sra. Álvarez Chao (P)*. (Páx. 84.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural*. (Páx. 85.)

Pregunta de D.^a María Carmen Gallego Calvar, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións do Goberno galego en relación cos danos causados pola intensa pluviosidade rexistrada nos pasados días do mes de decembro de 2009. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Gallego Calvar (S)*. Páx. 85.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*. (Páx. 86.)

Réplica da autora: *Sra. Gallego Calvar (S)*. (Páx. 87.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*. (Páx. 87.)

Pregunta de D.^a Sonia Verdes Gil e de D.^a María Soledad Soneira Tajés, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o acordo entre a empresa Alimentos Lácteos e o Grupo Leite Pascual. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Verdes Gil (S)*. Páx. 88.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural*. (Páx. 89.)

Réplica da autora: *Sra. Verdes Gil (S)*. (Páx. 90.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural*. (Páx. 91.)

Pregunta de D.^a Ana Belén Pontón Mondelo e D. Alfredo Suárez Canal, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as declaracións do conselleiro de Cultura e Turismo nas que menospreza a cultura galega. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 91.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza*. (Páx. 92.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 93.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza*. (Páx. 94.)

Pregunta de D. Modesto Pose Mesura, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a intención da Xunta de Galicia de construír un hospital único para Pontevedra no monte Carrasco e o destino previsto para as instalacións hospitalarias de Montecelo. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pose Mesura (S)*. (Páx. 94.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade*. (Páx. 95.)

Réplica do autor: *Sr. Pose Mesura (S)*. (Páx. 95.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade*. (Páx. 96.)

Pregunta de D.^a Ana Luísa Bouza Santiago, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o balance relativo ás listas de espera na sanidade en 2009 presentado aos medios de comunicación. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Bouza Santiago (BNG)*. (Páx. 97.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade*. (Páx. 98.)

Réplica da autora: *Sra. Bouza Santiago (BNG)*. (Páx. 98.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade*. (Páx. 99.)

Suspéndese a sesión ás sete e vinte e tres minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Bos días, señoras deputadas, señores deputados e membros do Goberno.

Reiniciamos a sesión co punto sétimo, de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Carlos Ignacio Aymerich Cano, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para asegurar a integridade das competencias de Galicia en materia de caixas de aforros

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO: Grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, onte o Goberno español, seguindo indicacións dalgúns aliados que ten neste país, impugnou a Lei galega de caixas. E impugnouno dun xeito que manifesta que non ten ningunha vontade de dialogar. Cando se impugnan dez artigos dunha lei, dun proxecto de lei que ten pouco máis de vinte preceptos, é evidente que non hai vontade de negociar; o que hai é a vontade de impedir que Galiza manteña o seu poder financeiro. O que persegue o Goberno español non é defender o bloque da constitucionalidade, non é protexer a Constitución de ningunha infracción – por certo, na que ningunha delas incorre a Lei galega de caixas–. O que se pretende é facilitar que o pacto que a nivel español, a nivel madrileño, teñen xa fechado PP e PSOE para que as caixas galegas pasen aos seus ámbitos de influencia, Caixa Galicia para Caja Madrid e Caixanova para o ámbito do PSOE –a través desa SIP gobernada e dirixida por entidades do PSOE–, se consume no noso país.

O Goberno español e o PSOE son conscientes de que, impugnando e suspendendo por cinco meses como mínimo a nosa Lei de caixas, están a impedir a única vía factíbel na actualidade para dar cumprimento a aquilo que o Parlamento aprobou por unanimidade: manter a galeguidade das nosas caixas de aforro.

Nós, desde o Bloque Nacionalista Galego, queremos que o Parlamento galego, queremos que o Goberno galego cum-

pran con aquilo co que se comprometeron. En xullo do ano pasado o Parlamento galego acordou por maioría que a Xunta instara á Xunta de Galiza a impugnar no Tribunal Constitucional o Decreto lei 9/2009, polo que se aproba o Fondo de reestruturación ordenada bancaria. Entendemos –e podemos entender desde o Bloque Nacionalista Galego– que a Xunta negocie, que utilice as vías de negociación e de conciliación que prevé a Lei orgánica do Tribunal Constitucional. Mais unha negociación, para poder chegar a bo porto, esixe boa fe; é evidente que o Goberno do Estado non está actuando de boa fe. Non actúa de boa fe cando considera inconstitucional en Galiza o que tolera noutras comunidades autónomas; non actúa de boa fe cando impugna a lei galega sen instar previamente ningunha negociación, sen chamar, sen dialogar nin con este Parlamento –que é o autor da lei– nin tampouco coa Xunta de Galiza.

Por tanto, nós entendemos desde o Bloque Nacionalista Galego que recurso contra recurso; recurso contra recurso, para defender a dignidade deste país, para defender tamén a potestade lexislativa deste Parlamento e para afirmar que as caixas de aforro de Galiza son patrimonio de todos os galegos, foron construídas cos nosos esforzos, cos nosos aforros, e non poden ser entregadas a través do FROB nin a Caja Madrid nin tampouco a esa alianza que o PSOE promove.

Chega, señor Feijóo, a hora da verdade. Está ben facer declaracións, está ben falar de aldraxe, pero agora é o momento en que vostede ten que demostrar se de verdade defende ou non as caixas de aforro deste país e se defende ou non as competencias de Galiza e deste Parlamento.

¿Que medidas vai adoptar para defender as competencias de Galiza en materia de caixas? Ou, dígollo máis concretamente: ¿a que espera a Xunta que vostede preside para levar o FROB ao Tribunal Constitucional? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Aymerich.

Ten a palabra para responder o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señorías.

A Xunta de Galicia ten claro cales son as súas competencias, señoría. A Xunta de Galicia sabe que a Comunidade ten competencias, pero non unhas competencias parciais, senón competencia exclusiva en materia de caixas de aforro. E a Xunta de Galicia igualmente sabe o que aprobou este Parlamento, que é iniciar as actuacións previstas para impugnar o FROB, iso si, incluír previamente a convocatoria da Comisión bilateral de negociación e de cooperación co Goberno. A Xunta de Galicia, en consecuencia, sabe cales son as súas competencias e cal é o que se aprobou neste Parlamento.

O que si tamén sabemos, señorías, é que hai un Goberno de España, un Goberno socialista en España, e un Grupo Parlamentario Socialista en Galicia, que non quere que a Xunta de Galicia recorra ao FROB. Iso si que o sabemos e o sabemos claramente.

Señoría, a Xunta asumiu o compromiso parlamentario en relación co FROB, compromiso que supón, primeiro, solicitar a Comisión bilateral, e, en segundo lugar, ter preparado o recurso. Dende o mes de setembro solicitamos a Comisión bilateral. O Goberno socialista tardou cinco meses en convocala, vaise celebrar o próximo 16 deste mes; aí, señoría, falaremos definitivamente. E xa lle digo, señoría, durante estes cinco meses non perdemos o tempo: a Xunta ten preparado o recurso de inconstitucionalidade contra o FROB e, se o día 16 se clarifica que o Goberno socialista está actuando de forma desleal, non teña vostede ningunha dúbida que o Goberno de Galicia cumprirá con este Parlamento, co Estatuto de autonomía e coas súas obrigas recorrendo o FROB ante o Tribunal Constitucional.

Señoría, outros actúan con deslealdade; creo que Galicia non actúa nin actuou con deslealdade ningunha. Galicia está actuando coa máxima lealdade co Estado, porque Galicia é Estado. O feito de que o Goberno de turno, o Goberno neste momento socialista de Madrid, estea actuando cunha tripla deslealdade con Galicia non nos exime a nós de cumprir as nosas obrigas de ser leais co Estado.

Deslealdade cando Galicia se entera dunha acusación gravísima, que é non respectar a Constitución, cando nos enteramos a través dun xornal; deslealdade cando se presenta un recurso de inconstitucionalidade contra unha lei exactamente igual a aprobadas por gobernos socialistas das comunidades autónomas de Cataluña, de Andalucía ou do País Vasco;

deslealdade máxima cando nos din que queren dialogar e o mesmo día en que nos propoñen dialogar presentan o recurso de inconstitucionalidade, cando aínda tiñan ata o 6 de abril para presentar ese recurso. A deslealdade, señoría –coincido con vostede–, é máxima, pero Galicia vai seguir actuando con lealdade; e lealdade é loitar por caixas de aforro, loitar por caixas de aforro solventes, loitar por caixas de aforro galegas, fronte a un posicionamento de bloqueo, a un posicionamento de debilitamento e probablemente –xa veremos o que ocorre– a un posicionamento de destruír as caixas de aforro galegas do Partido Socialista Obreiro Español e do Goberno socialista de España.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor presidente.

Ten a palabra para a réplica o señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO: Mire, señor Feijóo, está ben iso de devolver mel por fel, pero cando o Goberno español actúa de forma desleal a Xunta de Galiza debe actuar de forma intelixente. E actuar de forma intelixente é defender con firmeza as competencias exclusivas que temos en materia de caixas de aforro e tomar consciencia de que é un instrumento que invade competencias autonómicas exclusivas. Porque o recurso do Goberno español é un recurso político. O recurso que a Xunta de Galiza no seu momento e a Comunidade Autónoma faga en defensa das nosas competencias fronte a ese Decreto lei 9/2009 é defender claramente as competencias que temos en virtude do actual Estatuto fronte a unha norma que as invade de forma flagrante.

Pero, mire, un podería entender que, estando en vigor a nosa lei, estando en vigor e sendo eficaz a lei que aprobou este Parlamento, non se impugnase o FROB, porque efectivamente o FROB podería servir para facilitar a integración das caixas galegas. Cando a nosa lei está suspendida por disposición, por unha manobra política do Goberno español, non impugnar o FROB é manter en vigor e facilitar un instrumento que vai servir xustamente para o contrario, porque vai ser ese FROB o que facilite a absorción das caixas galegas por entidades foráneas. Por iso a Xunta de Galiza ten que actuar xa.

E, señor Feijóo, teño tamén que dicirullo. Prensa non precisamente próxima ao Bloque Nacionalista Galego –vostedes se asombran cando falamos dese pacto entre o PP e o PSOE en Madrid–, o diario *Expansión* onte, martes, 9 de febreiro de 2010, páxina 20, dicía: “Caja Madrid está chamado a ser uno de los principales jugadores en la reconversión del sector financiero. En el mercado se apuesta porque Rato intente crear una gran caja del PP con la fusión de la Caja de Ahorros del Mediterráneo y Caixa Galicia”. É que non o di o BNG, é que o di a prensa española, esa á que vostede agrada tanto, e dino un día tras outro.

Vostede, señor Feijóo, se quere desfacer as dúbidas que comezan a pairar sobre a actitude do Partido Popular e sobre a súa propia, debe presentar xa este recurso; presentar xa este recurso e aclararnos ademais de que se pode negociar, que é o que se pode negociar co Goberno español cando impugna dez artigos da Lei galega de caixas. ¿Que é aquilo que é renunciabile e aquilo que non é renunciabile?

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO: ¿Imos renunciar a que as caixas galegas estean ao servizo do país? ¿Imos renunciar a que estean dirixidas e a que haxa unha participación da representación democrática de todos os galegos que hai neste Parlamento ou imos permitir que siga a situación actual...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO:... e que o acordo dos galegos se leve a Levante e na que son grupos e persoas e familias as que no seu propio interese gobernan estas caixas?

No Bloque Nacionalista Galego queremos defender as competencias de Galiza, queremos manter a vixencia na súa integridade da nosa Lei de caixas e queremos, desde logo, caixas galegas e comprometidas co país.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas.

O señor AYMERICH CANO: A actitude duns, coñecémola, a actitude doutros, a súa, demostraraa cando presente este recurso de inconstitucionalidade. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Aymerich.

Ten a palabra para responder o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, onte mesmo enviei unha carta ao vicepresidente terceiro do Goberno solicitando a convocatoria urxente desa reunión para tratar de aclarar as discrepancias que o Goberno de España ten coa Lei de caixas galegas, pero non ten coa Lei de caixas de Cataluña, coa Lei de caixas do País Vasco ou coa Lei de caixas de Andalucía.

Hoxe mesmo, señoría, e confío que, á maior brevidade posible, se formalice definitivamente un diálogo para solucionar un conflito xurídico iniciado unilateralmente polo Estado, pero quero dicirlle: nós estamos dispostos a acordar, pero a recortar, non; nós estamos dispostos a dialogar, pero a que sexamos discriminados, non. E por iso lle volvo reiterar: Galicia foi leal e seguirá sendo leal incluso fronte a un Goberno desleal, pero non teña ningunha dúbida: se o 16 de febreiro, data da reunión da Comisión bilateral, o Goberno socialista de Madrid segue dando mostras da súa máxima deslealdade co aforro galego, non teña vostede ningunha dúbida que cumpremos o deber de presentar o recurso de inconstitucionalidade. Iso creo que é a forma intelixente de plantexar, ante un Goberno socialista en Madrid, os compromisos e os principios irrenunciabes dunha autonomía leal.

Señorías, fomos tratados de forma desleal no financiamento autonómico, fomos tratados de forma desleal no bloqueo das transferencias constitucionais a Galicia e volvemos ser tratados de forma desleal no aforro de Galicia. Pero non teña dúbida, señoría: claro que hai vida intelixente en Galicia. Mire, onte toda a xente de Galicia se deu conta –os galegos e as galegas– do que é a incoherencia e a burla á sociedade galega.

Ontes pola mañá o Grupo Socialista aquí votaba que si á modificación das asembleas das caixas de aforro, á hora de comer presentaba un recurso de inconstitucionalidade en contra da renovación das asembleas das caixas de aforro e pola noite presenta unha manifestación en contra do que votou pola mañá no Parlamento galego. (*Aplausos.*) Iso si que é a máxima incoherencia, señorías, iso é a máxima incoherencia.

Señorías, o máximo respecto, o máximo respecto a todos; o máximo respecto, salvo aos desleais. O máximo respecto a aqueles que queren manter unha gran caixa de aforros en Vigo, o máximo respecto a aqueles que queiran manter o aforro galego en Galicia, pero a deslealdade sempre, sempre, sempre será xulgada de forma inapelable polos galegos.

Xa lle digo, señoría: temos presentado, temos preparado o recurso fronte ao FROB. Imos enchernos de razón para dicirlle ao Goberno socialista de Madrid, pero non se olvide: o PP non ten ningún pacto co Partido Socialista, e non quero recordarlle o pacto que ten o BNG co Partido Socialista en todas as institucións. Nós non temos ningún pacto co Partido Socialista, señoría. Vostedes, que gobernan co Partido Socialista, intenten dicirlle que non se leve o aforro de Galicia para fóra. Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Manuel Vázquez Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os motivos do incremento xeneralizado na espera dos doentes do Sergas

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Vázquez Fernández.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Bos días, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Para gobernar hai que escoller unha maneira de facelo, señor Feijóo. Vostede escolleu o delirio persecutorio, esconder a cabeza debaixo da ala e acabamos de comprobar... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ...sí, e acabamos de comprobar que andar dando cabezazos contra a Constitución.

Vostedes decidiron que os problemas dos galegos non son importantes para vostede. Vostede ve como se desboca o paro en Galicia, se incrementan en cifras espectaculares os peches das empresas, se disparan de maneira absoluta as listas de espera, pero iso a vostede non lle preocupa.

Vostede segue empeñado en montar esa conspiración mundial contra Galicia, topando socios que lle fan o pé, pero eu

voulle dar unha recomendación: pense menos no que pasa fóra de Galicia, déixese menos de confrontar co Goberno do Estado e dedíquelles algún tempo a ver o que pasa en Galicia. ¿E que pasa en Galicia, señor Feijóo? Pois, por exemplo, pasa que por primeira vez en cinco anos as listas de espera cambian de inflexión e se disparan de maneira xeneralizada en todo o país.

Por primeira vez hai 7.500 homes e mulleres máis que están esperando consultas e hai 3.500 homes e mulleres máis que o que están facendo é esperando consultas cirúrxicas.

Por primeira vez parálizase o Plan de mellora da atención primaria, parálizase o Plan de saúde mental, parálizase o Plan de coidados paliativos ou o Plan de saúde da muller.

Mire, en nove dos quince hospitais dispáranse as listas de espera cirúrxicas. No da Costa multiplícase por dous o tempo de espera; en Monforte sobe o 50 %; en Coruña, Santiago e O Salnés dispáranse de maneira absoluta estas listas de espera cirúrxicas.

Pero todas as especialidades cirúrxicas aumentan, algunhas de xeito dramático, como é o caso de xinecoloxía, que pasa de corenta e nove a setenta e sete días, ou o caso de neurocirurxía, que pasa de setenta e tres a cento trece días.

En consultas, de trinta e dúas especialidades empeoran vinte e cinco, señor Feijóo; vinte e cinco especialidades que empeoran. E en casos como A Barbanza pásase da primeira consulta ao especialista de corenta e dous días a oitenta e un días.

Estamos asistindo a un fracaso estrepitoso do modelo sanitario, señor Feijóo; imaxino que por culpa de Zapatero; imaxino que por culpa dos ayuntamientos. Porque xa nos ten vostede acostumado, señor Feijóo, un ano despois de que tomou posesión, a que vostede é o escaqueante do Goberno. Vostede non ten responsabilidade de nada: nin do paro nin das listas de espera nin do peche de empresas nin de facer unha lei que en canto pasa pola primeira análise, que é o Consello de Estado, lla tumban totalmente.

Señor Feijóo, a miña pregunta é: ¿recórdalle aquela lei que anunciou vostede de que en corenta e cinco días ou en sesenta días ía haber un modelo que ía ser o que resolvía todas as listas de espera?

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Supoño que a vai anunciar hoxe, pero non lla cremos, porque xa está en vigor e non a aplica. A pregunta é: ¿cando, dunha vez, vai poñer en marcha unha política sanitaria que resolva os problemas dos homes e mulleres deste país?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Vázquez.

Ten a palabra para responder o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señorías.

Señor Vázquez, efectivamente, para gobernar hai que escoller. Vostedes escolleron. Probablemente cando un escolle pode estar errado, pero cando un mente, cando un di unha cousa aquí e outra en Vigo, cando un di unha cousa aquí e outra en Madrid... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, cando un vota aquí unha cousa e a contraria polo mesmo partido a uns quilómetros de distancia, señoría, iso non é escoller, iso é ser un desleal. *(Murmurios.)*

Señoría... *(Aplausos.)*

Alá vostede, señoría. Non me gustaría pasar á historia como un dirixente político corresponsable... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* de deslocalizar de forma innecesaria, de forma arbitraria e de forma discriminatoria o aforro de todos os galegos, como vostede está a punto de pasar á historia de Galicia. Alá vostede, señoría, alá vostede, alá vostede. *(Aplausos.)*

Señoría, dime vostede que nós nos estamos dando de cornos contra a Constitución pola Lei de caixas. Pero vostede non fala nin sequera co seu voceiro, que ten ao seu lado. ¿Vostede non fala nin con el, que ten manifestado publicamente que non advirte ningún plantexamento de inconstitucionalidade na lei? ¿É que vostede non fala co vicepresidente dunha das caixas, por certo, presidente da Deputación da Coruña, que volve reiterar que non advirte ningún elemento de inconstitucionalidade na lei? Señoría, ¿pero é que voste-

de non leu nin sequera as leis que se aproban en Andalucía polo seu partido, en Euskadi polo seu partido e en Cataluña polo seu partido? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señoría, alá vostede e a súa lealdade.

Eu vólvolle solicitar expresamente a súa lealdade, vólvolle solicitar expresamente a súa lealdade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Alá vostede, señoría. Vostede pode darlle –non a min nin a este Goberno– a lealdade a Galicia ou retirarlle. De momento vostede está retirando a lealdade dun deputado á Comunidade Autónoma galega cando prometeu ou xurou o seu cargo, que é defender os intereses xerais de Galicia.

Señoría, moi sinxelo, mire: o primeiro que hai que facer en sanidade é saber os datos reais sobre a lista de espera e o segundo –como vostede di–, tomar unha decisión.

Os datos reais sobre a lista de espera, de acordo coas auditorías da inspección sanitaria, é que había 70.000 persoas non computadas en lista de espera. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

E o segundo, señoría, o segundo, señoría, é tomar unha decisión, e a decisión que adoptamos foi moi sinxela: cumprir como primeiro compromiso a diminución da lista de espera nas patoloxías urxentes que poñen en risco a vida dos pacientes ou a integridade dos paciente. E dígolle: por primeira vez en sete anos Galicia cumpriu o obxectivo do Ministerio de Sanidade de ter aos pacientes de prioridade 1 por debaixo dos trinta días, exactamente vinte e oito.

Quero recordarlle, señoría, que no seu Goberno, do que formaba parte, a lista de espera de prioridade 1 era de corenta días de media; con este Goberno, vinte e oito, por debaixo do obxectivo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor presidente.

Ten a palabra para a réplica o señor Vázquez Fernández.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Eu non sabía que entre as competencias do presidente da Xunta era repartir os carnés de leais e desleais. *(Aplausos.)* Sorpréndeme vostede, pero, en todo caso –que lle gusta a historia–, voulle facer un prognóstico histórico. Quen vai pasar á historia de Galicia por haberse cargado a lingua propia é vostede. *(Aplausos.)* Quen vai pasar á historia de Galicia por haber negado un estatuto de última xeración é vostede. *(Murmurios.) (Aplausos.)* E quen vai pasar á historia de Galicia, señor Feijóo, quen vai pasar á historia de Galicia por ser o home que se cargou o modelo sanitario tamén vai ser vostede.

Mire, as listas de espera e os datos que lle acabo de dar eu téñenos aí, proponos a súa conselleira. E vostede, como sempre, acompañado por algún deputado proclive a facer malabarismo nas listas, está intentando enganar á xente.

Mire, en radioterapia –non sei se lle soa de gravidade ou non gravidade, a min sóame máis ben a mal rolo cando alguén vai a radioterapia *(Murmurios.)*–, pois mire, en radioterapia, pasan vostedes de nove días a trinta e nove días. É certo que un vai facer radioterapia por cuestión de gustos.

En nefroloxía, de vinte e oito a cincuenta e oito días. En anestesia da dor, de corenta e tres días a setenta días. Hai que esperar un ano para que che fagan unha colonoscopia, hai que esperar quince meses para que che fagan unha revisión. Hai que esperar un ano para cirurxía vascular.

Señor Feijóo, ten vostede un problema, ten vostede un problema: que se empeñou en gobernar este país coa cabeza debaixo da ala e non ve o que está pasando neste país e non se entera de que vai desbocado o paro, de que está en crise o sistema sanitario, de que temos un problema no que vostede meteu a este país co sistema de aforro.

Mire, a historia non se preocupe, que nos vai poñer a cada un no seu sitio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, e vostede ten unha oportunidade, agora, para asumir o modelo constitucional na lei, pero vostede non quere vir aquí corrixir de acordo co Consello de Estado e facer que isto saia ben. Vostede ten un compromiso co señor Rato, que é que Caixa Madrid se leve unha ou as dúas caixas galegas. E vostede vai facer todo o posible...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Remato, señor presidente.

E vostede vai facer todo o posible para que ese sexa o final da película.

En todo caso, a min hoxe o que me preocupa son os 200 –permítame que o tome, que non quero equivocarme...–

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Os 215.000 homes e mulleres que esperan consultas, os 35.000 homes e mulleres que esperan por un quirófano.

Vostede é o responsable da paralización sanitaria que ten este país. Así que déixese de delirios persecutorios...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ:..., goberne este país e resolva o problema das listas de espera. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Vázquez.

Ten a palabra para réplica o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitísimas grazas, señoría.

Mire, vostede cre que o Estatuto de autonomía é unha lavadora. Un estatuto de última xeración. *(Murmurios.)*

Mire, señor Vázquez, un pouco de respecto pola norma de autogoberno galego. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, ¿vostede como vai plantexar un novo estatuto se nin sequera respecta o que temos? *(Murmurios.)* ¿Como vostede nos vai plantexar un estatuto –como vostede diría– de última xeración, cando temos un estatuto de fai trinta anos, que nos outorga a competencia exclusiva en materia de caixas de aforro, e vostede non o respecta? *(Aplausos.)* ¿Como vostede nos vai plantexar un novo estatuto, señoría?

Mire, señoría, fáleme vostede do Consello de Estado. Pero se quedou claro que a decisión do Goberno era recorrer ante o Tribunal Constitucional, con independencia do informe do Consello de Estado. Pero se, ademais, o Consello de Estado e o Goberno ditamina sobre unha lei onde vostedes, o BNG e mais nós, nalgúns artigos que agora se plantexan inconstitucionais, vostede votou a favor. (*Murmurios.*)

Pero, señoría, se non hai o máis mínimo rigor nin a máis mínima lealdade cos intereses de Galicia. E ese é o problema que temos.

Mire, señor Vázquez, se aquí estiveramos todos de acordo –e en Galicia estamos todos de acordo salvo vostede–, se aquí lle faláramos cunha soa voz ao Goberno socialista de Madrid, pódolle asegurar que non ían levar o aforro galego, deslocalizándoo de forma arbitraria. Por iso, señoría, recorrer ao conto que vostede leva durante meses é cando menos sorprendente.

¿Vostede podería manter durante vinte e catro horas un criterio? ¿Un criterio? ¿Vostede está de acordo coa fusión, si ou non? ¿Si ou non? Nós estamos de acordo. Diga que está de acordo e actúe en consecuencia, e conquerimos a fusión. Non, señoría, non.

¿Vostede está de acordo por unha vez consigo mesmo? (*Murmurios.*) Sería fundamental, para saír do bloqueo que nos están plantexando. Mire, señoría, voulle dar os datos que vostede non quere dar. Mire, as prioridades 1, é dicir, aqueles pacientes que teñen que estar intervidos antes dos trinta días: cirurxía cardíaca infantil, redución 100 %, 86 % redución cirurxía cardíaca de adultos, 56 % redución da cirurxía vascular, 52 % redución da cirurxía torácica, 45 % redución en oftalmoloxía, 30 % en cirurxía dixestiva. Señoría, eu non falo... (*Murmurios.*), falo de datos, dos datos de prioridade 1. Vólvolle insistir, señoría: 3.500 intervencións cirúrxicas máis en xornada ordinaria. Un 5 % máis de consultas que o pasado ano.

Pero mire, vostedes xa os teñen, ¿cales son os datos da última lexislatura? Os datos da última lexislatura, a media da demora media cirúrxica da última lexislatura, son noventa e un días; a media da demora media cirúrxica do ano 2009 foron setenta e nove días. Mire, señoría, o primeiro ano estamos máis de dez días por debaixo da media dos catro anos

de vostedes; en todo caso, dígolle: non conquerimos o 100 % dos obxectivos, seguiremos traballando, pero, con todos os respectos, señor Vázquez, póñanse de acordo consigo mesmo e déixennos facer un novo hospital en Vigo e outro en Pontevedra.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor presidente.

Continuamos co punto de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Henrique Viéitez Alonso e D.^a M^a do Carme Adán Villamarín, sobre a situación da empresa conserveira Bernardo Alfageme, S.A.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): A esta proposición non de lei presentáronse emendas polo Grupo Socialista, co número de rexistro 22654, e polo Grupo Popular, co número 22652.

(O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado José Tomé Roca, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego sobre a situación da empresa conserveira Bernardo Alfageme, S.A. (doc. núm. 13730), que se debaterá na sesión plenaria do día 9 de febreiro de 2010.

Emenda de modificación

O texto da resolución débese substituír polo seguinte:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia ao Goberno da Xunta a facer as xestións necesarias para asegurar actividade produtiva da conserveira Alfagame e para garantir o mantemento dos postos de traballo.”)

(O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e a iniciativa do seu deputado José Manuel Balseiro Orol, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Par-

lamentario do Bloque Nacionalista Galego sobre “a situación da empresa conserveira Bernardo Alfageme, S.A.” 08/PNP-0265/13730).)

Emenda de Substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á realizar todas as actuacións posibles co obxecto de que a empresa Bernardo Alfageme S.A. poida levar adiante o seu plan de viabilidade co obxectivo de manter a actividade da empresa e o maior número de postos de traballo posibles”).)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Viéitez Alonso.

O señor VIÉITEZ ALONSO: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

En primeiro lugar, saudar aos representantes do comité de empresa de Bernardo Alfageme, aos que agradecemos o esforzo de estar hoxe aquí, porque efectivamente no Parlamento galego se tratan cousas fundamentais para este país, pero tamén debemos tratar cuestións importantes, cecais nestes momentos a máis importante que lle preocupa á inmensa maioría da poboación, que é o desemprego, que é saber se mañá se vai continuar traballando ou non, ou, en todo caso, se se vai encontrar un posto de traballo.

Esta situación dramática, que día a día se están incrementando as listas do desemprego –os datos do desemprego aí están–, todos podemos valoralo pero en definitiva detrás dos números hai persoas, homes e mulleres nunha situación tremendamente dramática, e insistimos en que neste caso o Parlamento galego, como expresión da vontade popular deste país, non pode permanecer impasible e debe non só acompañar as persoas que sofren estas condicións, senón buscar as solucións a este problema, e desde logo tratar de invertir esta tendencia crecente desde fai meses.

A situación de Bernardo Alfageme, a situación da plantilla de Bernardo Alfageme, é nestes momentos unha situación dramática e angustiosa; estamos falando de 340 empregadas e empregados, de 340 familias que dende fai máis de medio ano veñen

denunciando a situación pola que atravesamos esta empresa, e ten desembocado nestes momentos na práctica paralización da actividade dos centros de traballo e no impago dos salarios; situación que, de non cambiar de rumbo, pode concluír no seu peche e na condena ao desemprego e á incertidume a estas 340 familias.

Esta empresa, que foi e segue sendo un referente no sector da conserva e unha das empresas líderes a nivel mundial do sector, vén desenvolvendo esta actividade dende fai máis de cento trinta e seis anos, con catro centros de traballo, situados en Vigo, no Grove, Ribadumia e Vilaxoán. Vigo está parada, por Sanidade, por cuestións mínimas que se poderían solventar, pero a dirección da empresa non ten feito absolutamente nada para subsanar as esixencias de Sanidade; en Vilaxoán e en Ribadumia están traballando ao ralenti, practicamente un 40 % de carga de traballo, e no Grove a inmensa maioría da plantilla está na casa.

Esta radiografía –breve, sucinta– témola que engadir con que nestes momentos os préstamos concedidos a Alfageme por entidades financeiras suman 46.400.000 euros, dos cales o 72 % o instituto, o Igape, ten respondido por eles. É dicir, que practicamente, de cada catro euros dos préstamos concedidos, tres respondemos os galegos e galegas.

Esta radiografía pasa, despois de varios plans de empresa ou plans de viabilidade –ás veces cambian os nomes– presentados pola dirección, pactados co comité de empresa, e que despois de varios avais feitos pola Administración autonómica, a situación actual preséntase crucial e definitiva para a continuidade da actividade, e, como consecuencia, o mantemento dos postos de traballo.

Existe unha dirección que varía de xeito constante, e os seus compromisos acadados non só co comité senón tamén coa representación do Goberno autonómico, neste caso co Igape, non os cumpre. E sobre eses plans e eses compromisos en cada plan de empresa de viabilidade até agora non se ten dado ningunha explicación por parte da dirección de por que non se levaron a cabo ao longo sobre todo destes dous últimos anos, inclusive de calquera das actuacións comprometidas, como no penúltimo plan de empresa, que tamén se presentou diante do Igape e da representación social.

Unha xestión nefasta polos órganos de dirección, pero nomeadamente polo actual propietario da empresa. Situa-

ción de xestión nefasta –insisto– que afondou nos camiños das perdas, tanto de diñeiro como de clientes e de vendas. En resumo, a situación ten empeorado e non hai inicialmente sinais de que se modifique o seu rumbo.

Por iso, o conxunto dos traballadores e traballadoras entenden que o actual propietario debe deixar paso a unha dirección solvente e contrastada para remontar a situación.

No pensamento dos traballadores e traballadoras de Bernardo Alfageme só hai unha constante: queremos seguir traballando. Esa constante choca cos propósitos da actual dirección da empresa, que é liberar terreos para especular con eles a cambio de nada –ou a cambio de algo–, pero efectivamente que en absoluto favorece nin a continuidade da actividade da empresa e evidentemente a continuidade do emprego.

E, polo tanto, esta situación tampouco a podemos permitir, e por iso demandan do Goberno galego que controle o diñeiro que poida entrar de agora en diante e sobre todo tamén demandan que haxa unha maior comunicación entre o comité e o Goberno galego, porque é así como será posible controlar os movementos que se fagan, cousa na que até agora ten habido pouco diálogo, e desde logo reclamamos ao Goberno que sexa máis sensible a esta demanda.

Esta situación recoñecemos que é complexa, e desde logo, dende o Bloque Nacionalista Galego, o traemos a este Parlamento co criterio e co ánimo de axudar e de acompañar a todas aquelas medidas que permitan –como dicía antes– cambiar o rumbo e facer viable esta empresa e manter os empregos. E nesta situación complexa, hai unha situación de fortaleza dentro da complexidade, pero unha situación de fortaleza por parte do Goberno galego, e é o que dicíamos anteriormente: eses avais prestados polo Goberno galego, ese 72 % deses 46.400.000 euros dálle unha posición de prevalencia, unha posición de fortaleza, e esa posición debe de facer valela para solventar este problema, garantindo a viabilidade da empresa, os postos de traballo das mulleres e dos homes que foron capaces, co seu esforzo, de construír un produto, unhas marcas que son referencia no sector conserveiro e no sector alimentario en xeral.

Queren seguir traballando e queren seguir demostrando que a confianza que se deposita neles son capaces de devolvela aos produtos e ás marcas de confianza.

Nese sentido, o que non queremos dende o BNG, o que non quere o comité, o que non quere o conxunto dos traballadores e traballadoras, é chegar a un concurso de acredores, porque o único que faría neste caso o Goberno galego sería actuar como un banco máis, pero non resolvería o problema de fondo, que sería que a actividade de empresa seguira traballando, seguira exercendo, e os traballadores e traballadoras seguisen mantendo o seu posto de traballo.

Somos conscientes da complicada situación, mais o Parlamento galego, como expresión do poder e do pobo galego, e sobre todo o Goberno galego, coas ferramentas e a capacidade que ten, non podemos quedar impasíbeis, como día a día vanse desmantelando os sectores produtivos da nosa economía, condenando ao desemprego a miles de homes e mulleres. Se nesa actuación decidida por parte do Goberno galego está comprometido a garantir a viabilidade en función dos criterios que antes expuxemos, desde logo vai ter o noso apoio, o noso consentimento, e iso é o que demandamos, ese compromiso forte e decidido por parte do propio Goberno.

Nada máis, e agardemos que sexamos capaces de quitar unha resolución conxunta de todo o Parlamento.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Viéitez.

Intervención dos grupos emendantes. Polo Grupo dos Socialistas, ten a palabra o señor Tomé Roca.

O señor TOMÉ ROCA: Bos días, señor presidente.

Señorías.

Saudar tamén, como facía o meu compañeiro que me precedeu, os traballadores da empresa Alfageme, que hoxe nos acompañan neste debate.

Ben, atopámonos diante dun caso claro de responsabilidade empresarial na nefasta xestión que levou a cabo na empresa Bernardo Alfageme, de Vigo. Esta empresa, que é a primeira conserveira galega ou era a primeira conserveira galega, chega a esta situación difícil para a empresa e para os traba-

lladores e as traballadoras non pola crise económica –aínda que todo axuda–, senón porque foron os propios xestores e propietarios quen a levaron a esta situación de crise empresarial endóxama, o que fai que sexa pouco claro o futuro dos 400 postos de traballo de que dispón a empresa.

Estamos diante dunha situación onde se mezclan intereses de empresa e de especulación urbanística, polo menos dende que foi adquirida por Promalar. E estas cousas tamén hai que dicilas. Parece evidente que se apostou máis pola especulación que pola empresa, e isto levounos á situación na que nos atopamos. Esta é a consecuencia da ambición polo diñeiro fácil, en vez de apostar pola industria produtiva e pola xeneración de riqueza.

Parece que o que menos importa, que o que menos lles importa aos xestores e aos donos da empresa é o destino das 339 traballadoras e traballadores e das súas familias, que están pasando por momentos moi difíciles. Foron varios os plans de viabilidade que se fixeron para esta empresa, pero, lamentablemente, outras tantas veces foron incumplidos pola dirección da mesma.

O conxunto de todo isto levou á empresa a unha situación crítica coa necesidade de obter novos fondos para financiarse a curto prazo e para refinanciar a deuda. Nin aos traballadores e traballadoras nin ao conxunto da opinión pública non se lle deron explicacións dos motivos reais dos incumprimentos das actuacións comprometidas para reorientar a dinámica da empresa no sentido de poñer a xestión no camiño da eficiencia empresarial en beneficio de todos.

Descoñecemos tamén qué esta á facer o Igape –do que algo sabemos, pero, dende logo, non sabemos todo–, se vai a dar novas axudas ou se vai esixir algún tipo de responsabilidade á dirección e á xestión da empresa dende que fai vinte días aproximadamente concedera un aval –ou así se anunciou– por 1.200.000 euros para axudar a esta empresa. ¿Vai facer algo máis, señor conselleiro? –que lle agradezo que estea aquí, non é o caso doutros conselleiros do Goberno que tamén teñen que ver con este problema, véxase Traballo e véxase Pesca; parece que están desaparecidos, deben de ter cousas moito máis importantes que facer ca vir ao Parlamento escoitar os problemas da sociedade–.

O que si fixeron os responsables da dirección e da empresa cos seus incumprimentos foi incrementar as perdas tanto de

clientes como da venta de produtos. Todo este conxunto de negligencias levan a que, evidentemente, os traballadores e traballadoras se sintan impotentes e angustiados, sen saber qué facer fronte á inacción da empresa e da Administración da Xunta de Galicia.

Boa proba desta desesperación lóxica na que se atopan foi a decisión, que parece que onte tomaron en assemblea os traballadores e traballadoras da factoría viguesa de Alfageme, de acordar rescindir os seus contratos por falta de actividade produtiva da planta. Ben é certo que deixan a porta aberta a que se encontre unha solución que dea continuidade, se se reconduce o rumbo da empresa.

Eu creo que están poñendo o pouco sentido común que hai en todo isto, e deles deberían de tomar exemplo, señores do Goberno do Partido Popular. Uns traballadores que levan xa moito tempo loitando polos seus postos de traballo e por manter a actividade empresarial da conserveira, dende logo, demostrando máis interese por salvar a empresa que os propios donos e xestores da mesma.

Pero se a actuación dos responsables da empresa foi penosa, ¿cal foi o papel da Xunta de Galicia en todo este problema? ¿Que fixeron a Consellería de Industria, a Consellería de Traballo e a Consellería de Pesca? Non sabemos se é para ganar tempo ou non –usted nolo pode aclarar, señor conselleiro–, pero a Consellería de Economía e Industria –parece que a través do Igape– intentou axudar e mesmo parece que hai negociacións con posibles socios, eso si, incumplindo o compromiso que vostede mesmo, señor conselleiro, adquiriu cos traballadores de telos puntualmente informados dos avances que se foran producindo, pero non o fixo, posiblemente porque tampouco ten nada serio que ofrecer.

Pero, como vén sendo habitual, a gran desaparecida en todo este asunto é a Consellería de Traballo. ¿Onde está a conselleira de Traballo? Temos unha conselleira que lles ten alerxia aos problemas laborais, e podemos dicir sen temor a equivocarnos que está feita unha especialista en que os problemas se arreglen solos, como en múltiples ocasións, mesmo o convenio do metal de Pontevedra e, se non, que se pudran, pero ela non se mete aí, resbálalle.

¿Que fixo a señora conselleira neste problema laboral –porque este é un problema laboral–, ¿que fixo?, ¿que proposta

fixo? ¿Que liña de axuda se estableceu desde a Consellería de Traballo? ¿Como ve ela a saída a este problema? ¿Cal é o seu análiseis?

Francamente, señorías, a vostedes non lles fai falta a Consellería de Traballo, xa o sabemos todos, por eso fixeron ese conglomerado que fixeron aí, que, por certo, agora teñen máis disputas internas que en Falcon Crest, pero os traballadores e traballadoras deste país, os traballadores e traballadoras e os empresarios, a inmensa maioría dos empresarios, si que necesitan unha consellería de traballo que funcione, que esté xestionada por un equipo solvente e libre de líos, libre de líos. É vergonzoso que a Consellería de Traballo responsable dos temas de emprego estivera ausente neste conflito laboral sen aportar nada, nin a nivel económico nin a nivel de solucións tendentes á permanencia da empresa e dos postos de traballo.

¿Como é posible que unha consellería que se chama de Traballo non mediara en ningún momento neste conflito? ¿Como é posible? Porque non me dirán que este non é un problema de emprego. Seguramente, como vén sendo habitual, a señora conselleira estaba esperando que lle chegara un ERE extintivo e aí seguro que o asinaba rapidamente, non tería ningún problema.

Señores do Partido Popular, a nós hoxe neste debate o que nos preocupa son os traballadores de Alfageme, que, por certo, parece que á conselleira de Pesca, que estivo aquí, se marchou –debe de estar tomando café–, pois non lle preocupa nada. Debe de ser bastante máis importante tomar café que estar no seu escaño escoitando o debate neste Parlamento tendente a buscar solucións a unha empresa en crise onde 339 familias están pendentes do seu futuro. (*Murmurios.*)

Eu o que lle pediría á guardería da dereita é que estea un pouco en silencio e teña respecto. (*Murmurios.*) Si, si, un pouquiño de silencio e de respecto... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Señor Tomé, vostede siga co seu discurso, intentando non meterse con ninguén, e finalice, que lle quedan dez segundos. (*Aplausos.*)

O señor TOMÉ ROCA: Eu sigo, señor presidente, pero hai que manter o orden; hai que manter o orden e o respecto a quen está falando. Se non queren, que non escoiten.

Nós imos apoiar esta proposición non de lei, pero esperamos que sexa aceptada a nosa emenda, ou transaccionada, porque pensamos que define mellor o que necesita a empresa Alfageme e o que tamén necesitan os traballadores. Dende logo, demandamos a implicación real da Xunta de Galicia para acadar unha solución positiva que satisfaga os 339 traballadores e as súas familias –e remato xa, señor presidente, moitas grazas– porque ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia o que lle preocupa hoxe son dúas cousas: que continúe a actividade produtiva e garantir os postos de traballo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Tomé.

Polo Grupo Popular ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Gracias, señor presidente.

Saudar tamén, como os anteriores, os representantes dos traballadores aquí, no Parlamento de Galicia, saudar tamén as persoas que están afectadas polo momento que está a vivir esta empresa, saudar, como non, os conselleiros que nos acompañan.

E, señor Tomé, antes de empezar o discurso, sería bon que vostede se mirara o espello. Efectivamente, os conselleiros pois probablemente teñan algo que facer; probablemente o seu líder non ten nada que facer, salvo algunha decisión que pode perjudicar a Galicia probablemente e tampouco está presente. (*Aplausos.*)

Dito todo isto, as empresas galegas non son alleas ao contexto de crisis que está a afectar a este país. Fai uns anos España partía dunha previsión de privilexio; hoxe España lidera a destrución de emprego en Europa, hoxe España é exemplo de como non se deben facer as cousas para superar a crisis. Pensionistas, a mocidade, os traballadores máis modestos son, neste caso, os máis prexudicados; prexudicados pola nefasta xestión dos gobernos que nos antecederon, que non souberon, que non quixeron ou non son capaces de loitar contra a crisis e actúan con improvisación.

Este contexto negativo de crise e destrución de emprego tamén afecta os traballadores do mar, tamén afecta os traba-

lladores das industrias conserveiras, entre elas, como ben xa se dixo aquí, a Bernardo Alfageme, S.A. Temos que lamentar a delicada situación dunha conserveira histórica, constituída en 1946 fábrica de conservas de peixe, e dos seus derivados desde finais do século XIX. Catro plantas produtivas, como se dixo aquí, Vigo, O Grove, Ribadumia e Vilaxoán, e un total aproximado de máis de tres centos empregos.

Observamos con lóxica preocupación. O Goberno de Galicia observa coa lóxica preocupación os problemas polos que está a atravesar esta empresa, e con principal obsesión da Xunta e do Grupo Parlamentario Popular en traballar para evitar que estas situacións se produzan nesta e en calquera empresa de Galicia.

Queremos facer aquilo que nas mans da Administración autonómica outros non souberon facer. Non é unha tarefa doada, non hai fórmulas mágicas, o compromiso está sobre a mesa e neste compromiso están actuando as consellerías de Traballo, as consellerías de Economía e de Industria e o Igape, na procura dunha solución satisfactoria para todas as partes, que se basea en apoiar o mantemento da actividade da empresa e garantir a continuidade do maior número de postos de traballo posibles. E o novo Igape, instrumento imprescindible de axuda, auxilio e colaboración das empresas, das empresas que buscan na Administración un aliado, un aliado neste caso.

A mediados do ano 2007 o plan para a venda das instalacións de Vigo, na rúa Tomás Alonso, achegaría ingresos extraordinarios para o financiamento da empresa. A empresa é certo que se veu prexudicada por unha decisión do Goberno actual da cidade de Vigo, asinando unha edificabilidade máxima menor da esperada no Plan xeral, imposibilitou a obtención dos recursos necesarios e comprometeu a viabilidade da empresa.

En setembro do ano 2007 e en marzo do ano 2009, estando o Goberno bipartito en funcións, o Igape apoiou a Bernardo Alfageme en dúas ocasións: avalando dúas operacións de préstamo e facilitando o acceso de financiamento por un importe nunha delas de 44 millóns de euros mediante avais e por un importe noutra de 30.503.000 euros.

Un dato que deben saber, sen lugar a duda, todos os traballadores de Alfageme: estos avais foron concedidos sen con-

dición ningunha, non condicionaron o aval á profesionalización da dirección e do Consello de Administración, nin se estableceu control algún sobre o cumprimento dos plans de viabilidade; dous erros que contribuíron a comprometer aínda máis o seu futuro.

A pesar dos importantes apoios do Igape, non se conseguen recuperar a rendabilidade, non se conseguen nin se acadou un equilibrio financeiro en dita empresa, e hoxe a empresa presentou –no pasado mes de xullo– un plan de negocio para o período 2009-2013, coas seguintes actuacións: reenfoque comercial e de márketing, compromiso de profesionalización da xestión e un plan industrial para evitar a baixa ocupación e para a renovación das fábricas obsoletas.

O novo Goberno galego vai facer todos os esforzos necesarios para que se poida chegar a un acordo entre a empresa, as entidades financieras acreedoras, a representación legal dos traballadores; e, o máis importante, que se debe cumprir co establecido no Plan de viabilidade, e así será posible manter a produción, a maioría dos postos de traballo da empresa. E –estamos seguros– o Goberno galego está a facer e seguirá facendo todo o posible e a Xunta é a primeira interesada en garantir o cumprimento do Plan de viabilidade, o acordo acordado pola empresa e os traballadores. E a Xunta de Galicia pode implicarse –e de feito está a implicarse– na busca de inversores para reflotar a empresa, no que nos consta que o Igape e a consellería están traballando nesta dirección, en facilitar novos avais para a concesión de créditos á empresa. Pero o que sería unha osadía é asegurar e garantir o total de continuidade na actividade de Alfageme porque hoxe nin sequera é posible facer esta afirmación en empresas que están funcionando sen ningún tipo de problema económico.

E, señores do BNG, nós non queremos garantir a continuidade desta empresa por cinco anos, como piden vostedes; nós queremos garantir a continuidade desta empresa, se pode ser, por vida, porque con cinco anos non amañamos nada. Nós non queremos garantila por cinco anos, nin amañamos nada nós nin amaña nada a empresa nin amañan nada os traballadores. E vamos a traballar non con vistas a cinco anos, vamos a traballar desde o Goberno de Galicia e desde o Grupo Parlamentario Popular con vistas a un prazo moito máis largo. Vostedes parece ser que son de corto recorrido, e, como son de corto recorrido, así lle foi a Galicia e así nos

vai. Nós vamos a traballar máis de largo recorrido, e me consta que se está traballando nesa dirección.

Pero hai que dicirlles algo máis. Neste momento o representante do Partido Socialista que me antecedeu na palabra dixo o que fixera o Goberno. Pois, mire, por primeira vez o Goberno, o actual Goberno de Galicia, deu uns avales para, primeiro, salarios dos empregados; segundo, para pagar a promotores, e, terceiro –que nunca se fixo–, perdón, provedores, para controlalos... (*Murmurios.*) Perdón, non sei se vostedes son don perfecto, que nunca vostedes se engañan, pero eu pediríalles nada máis nin nada menos que un respecto, non para naide, senón para as personas que hoxe están aquí (*Aplausos.*) e para os moitos traballadores que probablemente o están pasando moito peor, moito peor, moito peor que... (*Interrupcións.*) Señor presidente...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Señor Lobeira.

Señor Balseiro, siga vostede, e remate coa súa intervención.

O señor BALSEIRO OROL:... e para moitos traballadores que o están pasando bastante peor que os 75 que estamos aquí. (*Aplausos.*) Por eso vostedes o mínimo que teñen que facer é saber escoitar e respectar. E vostede especialmente, e vostede especialmente.

E esa é a situación neste momento. Me consta que o conselleiro de Industria se reuniu co comité de empresa en varias ocasión, e o Goberno de Galicia está disposto a reunirse as veces que faiga falta para resolver este problema.

E, señor presidente e señores do Bloque Nacionalista Galego e señores do Partido Socialista, estamos pola labor de chegar a un acordo, estamos pola labor de que hoxe saia do Parlamento de Galicia un acordo: que estos traballadores que están aquí se poidan ir medianamente tranquilos para a casa e así llelo poidan transmitir aos que non están aquí, pero que seguro están pendentes de que hoxe..., do acordo que se tome no Parlamento de Galicia.

Nada máis e moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Balseiro.

Para pechar o debate desta proposición non de lei ten a palabra o señor Viéitez Alonso.

O señor VIÉITEZ ALONSO: Gracias, presidente.

Ben, señores do Partido Popular, estamos acostumbrados a que nos veñan a ler a páxina 13 do seu libro de propaganda. Pero o obxectivo que perseguía o BNG non era debatir sobre programas de propaganda senón sobre a situación dos traballadores e traballadoras da empresa Bernardo Alfageme neste caso, como noutros. E pensamos que a nosa intervención foi na medida de tender pontes, unificar vontades e conseguir resolver o problema, que, en definitiva, é o que lles interesa aos traballadores e traballadoras. O resto da propaganda déixeno para os seus mítines.

E non minta, señor Balseiro, nin señores do Partido Popular, non mintan, porque, ou unha de dúas, ou está mentindo deliberadamente ou non coñece o proceso.

Sete de abril do 2009, saída do Igape: “Remitímoslle a seguinte certificación orixinal do acordo adoptado polo Consello de dirección do Igape, na súa xuntanza do 23 de marzo do 2009, a respecto dunha concesión dun aval para acadar un creto de 6.003.000 euros, cunha garantía do 66,7%...”, donde, por falta de espazo, non lerei, pero aquí se reúnen as condicións que debe acreditar a empresa.

Quince de novembro do 2007. Remitímoslle a seguinte documentación e certificación orixinal do acordo adoptado polo Consello de dirección do Igape, na súa xuntanza do 28 de setembro do 2007, donde especifica as condicións que debe de reunir a dirección da empresa para acadar un creto de 35 millóns de euros e un aval do 70% por parte do Igape. Léao e se poderá enterar do que estamos falando.

Documento de compromisos adquiridos pola propiedade da empresa, avalado polo Goberno anterior, donde intervén un señor, que creo que ustedes coñecen, o señor Odilo Martiñá, director xeral de Relacións Laborais, o 19 de outubro do 2009, en donde recolle unha serie de consideracións importantes e necesarias que iban na liña argumental que nós defendemos, e é que a solución da empresa pasa necesariamente porque o actual propietario deixe paso a un novo comprador. Por certo, agardemos que non sexa este novo

comprador porque experiencias, por desgracia, sobre este grupo témolas.

Polo tanto, insistimos unha vez máis, o debate non está en termos propagandísticos, o debate está en unificar criterios e en facer todo o que hai que facer para garantir a solución deste problema e garantir o futuro da empresa. E o temos ben claro, polo menos desde o Bloque Nacionalista Galego, que se se poñen a traballar neso desde logo coa nosa colaboración van contar. Refugamos deses debates estériles que sinceramente a ninguén lle interesan, e moito menos aos traballadores e traballadoras, moito menos. E, desde logo, diranme ustedes cales foron as condicións que puxeron desta volta cando avalan ao 100% o creto que teñen feito: dous cretos de 1,2 millóns cada un e avalan ao 100%. ¿Cales son as condicións? Non se coñecen. Pódense xuntar cantas veces queiran co comité, que, por certo, é necesario, porque o comité é un dos garantes –xunto coa Administración– é un dos garantes da continuidade do futuro desta empresa. Teñan máis contacto co comité. Non é certo que se teñen xuntado as veces necesarias sobre todo para transmitir a información necesaria e acompañar comité e Administración na búsqueda dunha solución futura. Xúntense cantas veces queiran, pero, o que é máis importante, búsquenlle a solución a este problema.

E nese sentido con nós van a colaborar, van ter a nosa colaboración, nese sentido; agora, se o que queren é utilizar os traballadores e traballadoras para tirárnolos á cabeza, como acaba de facer o intervinde do Partido Popular, neso van a ter a nosa oposición frontal. Agardemos que a súa responsabilidade e sensibilidade –que dixeron que tiñan– sirva para que este Parlamento se pronuncie unanimemente a favor dunha resolución deste conflito.

Nada máis e moitas gracias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas gracias, señor Viéitez.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María del Mar Barcón Sánchez e D. Pablo Xabier López Vidal, sobre a presentación no Parlamento de Galicia das Directrices de ordenación do territorio, así como do Plan do litoral, e o impulso, a través dunha ponencia única, dunha reforma da Lei do solo consensuada coas forzas políticas e coas institucións galegas

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): A esta proposición presentáronse emendas do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Popular.

(O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Teresa Táboas Veleiro e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de modificación á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Socialista con número de Rexistro 15332, sobre a presentación no Parlamento de Galicia das directrices de ordenación do territorio, así como do Plan do litoral, e o impulso, a través dunha ponencia única, dunha reforma da Lei do solo consensuada coas forzas políticas e coas institucións galegas. 08/PNP-0291,

Emenda de modificación

Débese substituír a parte resolutiva da Proposición non de lei polo seguinte:

“1º) Presentar as directrices de Ordenación do Territorio no presente periodo de sesións tal e como o defendeu o BNG no Pleno do 16 de Outubro de 2009.

2º) Presentar no Parlamento neste mes de Febreiro o Plan de Ordenación do Litoral

3º) Instar novamente ao Goberno galego, tal e como defendeu o Grupo Parlamentar do BNG neste Parlamento, por certo co voto en contra do partido político que sustenta a acción do Goberno a impulsar a través dunha ponencia única unha reforma da lei do solo consensuada coas forzas políticas e as institución dos país.”)

(O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e a iniciativa do deputado Roman Rodríguez González, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta, ante esa Mesa, a seguinte emenda á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 08/PNP-0291 (15332), sobre a presentación no Parlamento de Galicia das directrices de ordenación do territorio, así como do Plan do litoral, e o impulso, a través dunha ponencia única, dunha reforma da Lei do solo consensuada coas forzas políticas e coas institucións galegas.

Emenda de substitución

“Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Presentar as DOT e o POL no actual período de sesións, con anterioridade á súa aprobación inicial, ao Parlamento de Galicia. Creándose a tal efecto no seno da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos un grupo de traballo específico.

2. Tramitar o actual Proxecto de lei de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no actual período de sesións partindo do acordo marco establecido entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP”.)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Para formular a proposición ten a palabra a señora Barcón Sánchez.

A señora BARCÓN SÁNCHEZ: Moitas grazas, presidente.

Deputados e deputadas, créanme que sinto enormemente que se teña ido precisamente agora o señor Rueda, fai un anaquiño, pero, bueno, en calquera caso, vostedes, que son do seu grupo, déanlle os bos días da miña parte.

Señorías e señoras e señores deputados, decía onte o señor Cerviño, na súa magnífica intervención sobre o idioma e sobre a lingua, que este era o elemento central dun país, dunha sociedade. Concorro con el, a lingua e a cultura son a nosa memoria, son a nosa esencia e son o que enche de sentido a nosa identidade colectiva. Pero seguramente concordaremos todos que tras o noso idioma, tras a nosa cultura, o territorio, o lugar onde habitamos e o noso patrimonio común é tamén aquilo que nos dá carácter, que nos define ao longo de séculos e que vai debuxando a nosa transformación a través de xeneracións, e que se converte en testemuña viva da nosa pegada.

Do noso territorio falaba don Ramón Otero Pedrayo precisamente no prólogo da primeira edición desa *Guía de Galicia*. E vou a pedir prestado un dos parágrafos preferidos do señor Cerviño precisamente para falar do noso territorio, un pará-

grafo de don Ramón Otero Pedrayo: “A ialma de Galicia non se esconde a quen a busca con amor e sinceridade, pero é tímida, saudosa, nostálgica, non gusta de exhibirse nas cidades modernas ou nos hoteis elegantes, hai que buscala nos vals decorados polas viñas, nas aldeas idealizadas polos cruceiros seculares, nas bravas costas, entre a eterna forza da mar e a enerxía eterna dos mariñeiros valentes e sinxelos, baixo a sombra dos pórticos románicos, en todos os lugares onde a vida fai un alto para deixar escoitar a palpitación da raza”. Deixando razas á parte, o territorio, máis que a faciana da nosa vida en común, é case unha tarefa compartida, a nosa obriga cos galegos e as galegas do futuro, os que un día han de ser, han de vivir e han de habitar.

O territorio debe converterse, pois, nun punto de encontro colectivo onde sexamos quen de perfilar un escenario máis xuto e cohesionado que posibilita un desenvolvemento económico, equilibrado e sostible, aquel que procura unha sociedade moderna e responsable. A ordeación do territorio, a protección do patrimonio natural, paisaxístico e cultural debe converterse na liña estratéxica preferente da acción política, que posibilita un modelo de organización territorial ao servizo dos cidadáns. Porque cando falamos de territorio, de solo, falamos de vida e de persoas, falamos dun lugar para vivir, de ter un lugar axeitado para traballar, para querer, para mantelo, para melloralo, para cumprir coa nosa obriga como sociedade e como xeneración; de deixar para o futuro un legado mellor que o que recibimos. Sen embargo, eso parece certamente difícil nestos momentos en Galicia.

É certo que a segunda metade do século XX permitiu á nosa Comunidade vivir a irrupción das grandes infraestruturas de comunicación. É certo que o crecemento das nosas cidades trouxo unha auténtica revolución do benestar colectivo. É tamén verdade que temos en marcha grandes infraestruturas portuarias, ferroviarias, que van a posibilitar un salto cuantitativo e cualitativo en poucos anos. Pero non é menos certo que Galicia ten aínda hoxe problemas importantes que afrontar e que temos que responder como responsables políticos dunha maneira estable e definitiva. A emigración interior consolidou un modelo de crecemento fortemente asentado sobre o eixo atlántico, conformando un sistema policéntrico de cidades e pobos onde se concentra unha parte moi notable do desenvolvemento económico e social, acompañado por importantes baleiros noutras partes do país. Temos, pois, un territorio desequilibrado e cun modelo de

expansión difusa que caracteriza o noso asentamento e que se convirte nun dos problemas máis importantes á hora de asumir a creación de servizos públicos de calidade.

Nas últimas décadas do século XXI prodúxose unha notable modificación da ocupación espacial. Pero nin os procesos desarrollistas nin a descentralización institucional que supuxo o Goberno autonómico fixeron realidade as necesarias políticas de ordeación do territorio. Nesta Galicia de dúas velocidades foi demasiado a miúdo a iniciativa privada a que marcou as preferencias e liderou as decisións de maior transcendencia para o país, sen que necesariamente todas esas decisións se corresponderan co interese xeral e sen que as perspectivas de sostibilidade foran os elementos substantivos á hora de establecer e de tomar esas decisións. O estoupido da burbulla inmobiliaria, a crise financeira, o avellentamento demográfico, a necesidade de optar por modelos económicos distintos dos actuais, as incógnitas encol da pervivencia dunha parte dos nosos sectores primarios, a necesidade de búsqueda de enerxías alternativas e as políticas de protección ambiental completan un cadro de debilidades e de problemas aos que temos que buscar unha solución entre todos.

Unha parte importante das respostas que están buscando o conxunto da cidadanía está nas políticas de ordeación territorial. Como dicíamos, non foi hasta o século XXI que estas políticas atoparon acomodo nas prioridades gubernativas, e non foi hasta a anterior lexislatura que comezaron a percibirse e a cristalizar coa tramitación das directrices de ordeación do territorio a decidida e definitiva, polo que supuxo de protección, a aposta pola conservación e ordeación do noso litoral e o avance no cumprimento do marcado pola Louga, por exemplo, creando esa Axencia de Protección para a Legalidade Urbanística. Protexer, ordear, tomar decisións.

Medidas como a moratoria dos 500 metros permitiron conservar o que restaba da nosa costa e parar un proceso de depredación que solo conviña aos intereses duns poucos e que irremediamente camiñaba hacia a destrución do mellor e maior potencial que temos.

Sen embargo, os instrumentos de ordeación e planificación están sen rematar. Carecemos, pois, dun marco xeral estratéxico que nos permita tomar as decisións correctas. Se me

permiten a utilización dun linguaxe moi da Axenda 21: pensando globalmente, pero actuando localmente.

Aínda así, topamos cunha serie de decisións tomadas por este Goberno que nos parece van na liña contraria ao que supón a ordeación e mesmo a conservación e posta en valor dos nosos recursos.

O anuncio da planta en Touriñán non pode ser obviada cando falamos de políticas territoriais, porque nos dá de bruceas cunha situación de feito que non concorda coa necesidade de ordeación de usos, de protección do medio natural e de responsabilidade colectiva que debería liderar un goberno conscente.

Dar autoridade ao noso litoral, permitir a vida e o desenvolvemento económico nel, mellorar a vida dos seus cidadáns e as posibilidades das xeneracións vindeiras non significa sacrificar un entorno cuxo destino non pode nin debe ser a acuicultura, senón a súa protección, polo seu valor intrínseco absolutamente insubstituíble.

Atopamos tamén unha proposta de reforma da Lei do solo que entendemos non abrangue a totalidade de modificacións que serían precisas neste momento para resolver dunha vez por todas as eivas da nosa lexislación urbanística e que, polo tanto, nos aboca irremediamente á redacción dunha nova lei nun curto espazo de tempo. Atopamos o inicio da tramitación dun plan de acción do litoral que aínda non coñecemos os grupos políticos, pero que en calquera caso debería concordar cos eixes perfilados polas directrices de ordeación do territorio, ser coherente e consecuente coas liñas estratéxicas que imos marcar para o noso territorio para as vindeiras décadas.

En suma, señoría, somos críticos con que se tomen atallos innecesarios e con que non se teña en conta a necesaria xerarquización das normas que deben caracterizar un desenvolvemento normativo útil e coherente, fuxindo de baleiros e de inseguridades xurídicas que en nada benefician nin a persoas nin a institucións. Pero estamos aquí coa man tendida para ofrecer ao conxunto das forzas políticas e ao conxunto das institucións galegas un grande pacto polo territorio; un pacto que arranque donde teñen que arrancar os pactos políticos de fonda dimensión: neste Parlamento; que acorde un calendario de aprobación e debate dos instrumen-

tos de planificación e ordeación e que nos permita acadar unha lexislación urbanística e territorial solvente, estable e segura.

Nós –créannos– non iremos nin con tiza nin con pintura a dicirlles aos cidadáns que lles van a tirar as casas que quedan fóra desa marca, ou que lles van a roubar ou que lles van a espoliar. Nós ofrecémonos a sentarnos e a pensar o mellor para o noso país, para ese territorio do que antes falaba Otero Pedrayo, porque eso será o mellor para a xente. Eso garantiralles unha vivenda digna, un lugar digno e sostible para traballar, unha mobilidade moderna e unha sociedade equilibrada e cohesionada para vivir eles e para deixar aos seus fillos.

Dicía Le Corbusier, que non era galego, pero sabía moito de urbanismo, que os tres elementos esenciais para definir un bon urbanismo e tamén unha boa arquitectura eran espacio, luz e orde. Temos un espacio fermoso que debemos dotar de amplitude, demos orde aos usos, aos dereitos, ás necesidades, ao futuro e pidamos que a luz nos ilumine para tomar as mellores decisións.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Barcón.

Grupos emendantes. (*Pausa.*)

Polo do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Táboas Veleiro.

A señora TÁBOAS VELEIRO: Grazas, señor presidente.

Señores deputados, señoras deputadas, señor conselleiro, bo día.

Estamos de novo presentando neste caso, e o BNG emendando, unha proposición non de lei presentada polo Grupo Socialista xa presentada e xa rexeitada polo Partido Popular no mes de outubro. Estamos, ademais, ante unha situación que comeza xa a parecer case absurda. A través da prensa temos que enterarnos das reunións que ten o Partido Popular co Grupo dos Socialistas no Parlamento para chegar a un pacto polo territorio. Esta mañá o presidente da Xunta de Galiza repetiu cando menos vinte veces a palabra “desleal-

dade”. ¿E como se califica o feito de non ter en conta para chegar a ese grande pacto, a ese consenso, ao Bloque Nacionalista Galego? ¿Como se pode cualificar? De deslealdade tamén. De deslealdade e, sobre todo, unha falla de respecto a todos os galegos e galegas que votaron aos nacionalistas galegos e que teñen aquí nesta Cámara a súa representación. A eso, señor conselleiro, chámasele deslealdade tamén.

Polo tanto, agardamos que se pretendemos chegar a ese lugar común de acadar finalmente un documento válido que teña pervivencia no tempo para ordear o noso territorio e, polo tanto, que teña un futuro donde non haxa os estragos que se cometeron nas últimas décadas, creo que o comezo, dende logo, non é nada bo, señor conselleiro; e agardamos que se poida voltar ao camiño de que todas as forzas políticas –porque todos representamos cidadáns aquí, neste Parlamento– esteamos representadas nese pacto que se pretende e que comeza con tan mal pé.

Quería nesta intervención como portavoz de urbanismo e ordenación do territorio do Bloque Nacionalista Galego facer unha serie, bueno, de comentarios referidos ao que ten sido nos últimos meses e que vemos con moita preocupación dende o nacionalismo galego referidas ao territorio, á ordenación do territorio e ás cuestións urbanísticas.

Temos ante nós dous instrumentos presentados a bombo e platillo e totalmente contraditorios. Isto poderíase titular como aquela novela: *O estrano caso do doutor Jekyll e mister Hyde*, que convivían na mesma persoa o mal e o ben, neste caso no mesmo departamento, no departamento que vostede dirixe, señor Hernández. E é, por unha banda, un documento, que é a Lei do solo, que permite, incluso a través dunha disposición adicional, unha amnistía xeral para as edificacións ilegais... Que, por certo, non queda claro se unha vez que esas edificacións que se fixeron sen estar suxeitas á legalidade urbanística non van ter que pagar tampouco nada para as arcas públicas. É dicir, que se lle vai a transmitir á sociedade galega a idea de que: ti podes facer o que che pete que, total, despois vén unha amnistía, vía disposición adicional, e non pasa nada nin pagas nada ás arcas públicas. E, por outro lado, temos un documento que tamén presentou vostede co señor presidente, que é o Plan de ordenación do litoral, que prohibe e que ademais de ser o *top ten* da trapallada da ordenación urbanística e territorial... Porque para ver eses planos hai

que entender primeiro esa paleta de cores que utilizan, as tramas; é case imposíbel chegar a entender esa planimetría que utilizaron vostedes para o Plan de ordenación do litoral, e con trapalladas e incongruencias tales que en sitios, por exemplo, como en Pontevedra, cando no Plan de ordenación do litoral se fala de núcleos tradicionais, introduce nese núcleo tradicional o novo edificio de Campolongo da Xunta de Galiza, o edificio da Axencia Tributaria que aínda está sen rematar, e aparece calificado, clasificado, como núcleo tradicional. Ou en Vilagarcía, na parte de atrás do que é a Casa do Concello, un plan parcial xa aprobado en Vilagarcía, xa aprobado dentro do planeamento que ten o Concello de Vilagarcía, e resulta que queda totalmente afectado tamén polo Plan de ordenación do litoral.

Entón, estamos, por unha banda, abrindo as mans, a través da Lei do solo, para poder edificar donde antes non se podía, permitindo esa amnistía a través dunha disposición adicional, e, por outra banda, temos un plan de ordenación do litoral que prohibe. É dicir, o mesmo, dous instrumentos feitos no mesmo departamento e que non coinciden nin tan sequer cos nomes e as clasificacións dos solos. Porque na Lei do solo clasifícanse os solos cuns nomes e, en cambio, no Plan de ordenación do litoral, con outros distintos.

Fálase de corredores ecolóxicos, fálase de protección paisaxística. É dicir, utilízanse termos que non se utilizan na Lei do solo. De aí este símil que fago con eses dous instrumentos desta novela de misterio titulada *O estrano caso do doutor Yekyll e mister Hyde*.

Despois, podemos coller polo miúdo e desmiuzar o que é o Plan de ordenación do litoral tal e como recolle a propia páxina *web* con ese marabilloso vídeo que fixeron, porque, eso si, propaganda, toda. Hai un título que di: ¿Que é o plan? ¿Que é o Plan do litoral? E poñen: Un documento necesario e inaprazable. Bueno, ¿necesario? Si, xa sabemos que é necesario. Estiveron dezaseis anos, non fixeron nada. Ou sexa, necesario é porque este país leva moito tempo agardando por documentos e instrumentos que ordeen o noso territorio. Para os nacionalistas ese soporte físico da nación é precisamente o territorio, e cando rematemos coa lingua, cando rematen vostedes coa lingua, cando rematen co territorio, ¿en que recrearemos a identidade?, ¿na gastronomía, señor conselleiro? Ao mellor, podemos deixala como unha especie de lugar sagrado, sacralízalo, para recrear esa iden-

tidade, porque nin lingua nin territorio. Polo tanto, claro que é necesario, é obvio que é necesario.

¿Inaprazable? Claro, claro, porque había unha medida cautelar e remataba o prazo.

¿Un instrumento de xestión? ¿De xestión, cando non son nin quen os concellos de entender, como xa digo, o *top ten* da trapallada na propia grafía e na propia utilización desas tramas? E donde se meten e se clasifican... Na Xunqueira de Alba, en Pontevedra, por exemplo, que é unha zona que é de dominio marítimo-terrestre, queda menos protexida que outras zonas do núcleo urbán, por exemplo.

¿Resultado dunha política activa? ¿Activa, despois de case un ano? ¡Política activa!, e aínda poñen eses adxectivos. ¿Política activa? Máis ben desleixo e inoperancia.

¿Proxecto que reconece as singularidades? Mire, voulle dicir unha cousa, de singularidades non reconece nada, porque para que sexa un instrumento de xestión válido ten que partir da atención dos elementos identitarios do noso litoral, que producen tamén elementos diferenciados de índole social e económica. A intención dun instrumento destas características de ordenación territorial desta importancia estratéxica para Galiza é de que ten que ter unhas características que sexan un marco estable, normativo, non solo como intención, como aparece aquí nesta frase na páxina *web* da propia consellería, senón que, de verdade, como quere o Bloque Nacionalista Galego, que sexa un instrumento válido para o país, para a súa economía e, dende logo, para os seus habitantes, por ende.

Continúo. Pretende tamén ferramenta de xestión dinámica do territorio. Xa queda claro que á parte de non ser unha ferramenta de xestión, porque ata agora é totalmente un cúmulo, unha morea de despropósitos, incongruencias e incoherencias, como acabo de describir con dous casos en Pontevedra ou en Vilagarcía, está claro que esto tampouco responde a esta premisa que recolle o que é o un plan na páxina *web* de presentación deste instrumento. O *top ten*, como xa digo, da trapallada.

E despois fala de Galiza un contorno de sostibilidade, respecto cultural –respecto cultural– e solidariedade territorial. Bueno, respecto cultural, eu creo que o Partido Popular, nos

meses que leva, de respecto cultural..., esta frase, este parágrafo podían quitalo. ¿De solidariedade territorial? Pois, curiosamente, precisamente esa dobre intención, o ben e o mal, no Plan de ordenación do litoral deixan practicamente invalidadas moitas zonas que son núcleos urbanos do litoral e, sen embargo, a través da Lei do solo, pretenden ocupar e deixar que a especulación avance agora xa sobre o solo rústico do noso país, tamén en contra das actividades do sector agrogandeiro, que teñen aí o seu soporte físico. Polo tanto, nin respecto cultural nin solidariedade territorial, todo o contrario, volven afondar vostedes, neste caso, entre o interior do país e o litoral do noso país, e polo tanto afondando nesa fenda que por desgraza xa temos de diferenza de niveis de renda entre ese eixo atlántico, entre eixo litoral e mais o interior do noso país.

Por iso, de novo, como portavoz do grupo parlamentar dos nacionalistas galegos, quero que quede claro aquí que o nacionalismo sempre vai pular por ter os instrumentos precisos para ordenar o noso territorio, porque para nós, igual ca outros –igual que pode ser a lingua–, o territorio é un sinal de identidade, e temos que ordenalo e preservalo para as xeracións futuras. E terá en nós, señor conselleiro, unha man tendida para sacar a adiante documentos desta índole. O que non imos aturar de ningún xeito é que se sexa desleal cos milleiros e milleiras de galegos e galegas que votaron ao Bloque Nacionalista Galego, e que intencionadamente se lles estea deixando a través dun cambalache, para permitir seguramente a especulación, deixarnos fóra do debate referido ao noso territorio.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Táboas.

Polo Grupo Popular ten a palabra o señor Rodríguez González.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Moitas gracias, señor presidente.

Bos días, señorías, señor conselleiro.

Bueno, hai que comenzar agradecendo o ton da portavoz do PSOE, a señora Barcón, non así a do BNG, que se ve un pouco irritada, quizais por ter quedado fóra de xogo nunha

cuestión coma esta. Quizais o debate de hoxe sobre as directrices, sobre o Plan do litoral, pois non debería terse producido hoxe, e non se debería ter producido se alguén tivera feito os deberes no seu momento e tivera sido responsable na súa práctica das súas decisións políticas.

Hai que facer unha moi breve historia. É dicir, que a finais do último Goberno do señor Fraga, sendo o actual presidente, o señor Núñez Feijóo, conselleiro de Política Territorial, pois estaban en marcha e avanzaban a un moi bo ritmo os instrumentos de ordenación do territorio básicos para a planificación espacial de Galicia, que son as directrices e que son o POL. Naquel momento, hai xa máis de catro anos, as directrices tiñan un documento de avance que estaba en exposición pública, o Plan do litoral estaba en redacción, cun horizonte temporal de remate no 2005.

Por certo, naquel momento estabamos na vangarda das comunidades autónomas españolas, pois naquel momento Cantabria e Cataluña, no 2004 e no 2005, respectivamente, eran os únicos plans litorais que había, e hoxe pois case seguimos no mesmo punto. Bueno, case non, déronse grandes pasos, déronse pasos de xigante nos últimos anos e aí están os traballos pois moi avanzados de ambos instrumentos.

Se falamos das directrices, hai que dicir que xa no ocaso do anterior Goberno pois se sacou un documento que eu teño clasificado non como trapallada, senón como “top manta”, para a súa aprobación inicial, no sentido de que copiaron e empeoraron o documento orixinal. É lóxico que os contidos fosen continuistas, sen embargo, o que non é lóxico é que insistiron unha e outra vez por parte dos anteriores responsables da Consellería de Política Territorial en que era por primeira vez que se facía algo semellante, cando era claro que non era así.

O que está claro é que naquel momento alguén á última hora se acordou de que non tiñan feito os traballos, e coas présas ademais fixeron unha chapuza administrativa, pois na tramitación para intentar ganar un tempo que tiñan desperdiciado anteriormente aprobaron inicialmente estas directrices sen ter pasado ou sen ter superado o trámite ambiental. Foron como unha especie de malos estudantes que copiaron os traballos dos compañeiros e facían forza e intentaban dicir que non era así.

Ben, a historia do POL quizais sexa aínda máis rocambolesca. Co cambio de Goberno, a nova Xunta desprezia os tra-

ballos existentes, e tardan dous anos en sacar a coñecida como Lei dos 500 metros, Lei do litoral. Se era tan urxente, como é que tardan dous anos en facer esa prohibición? E tardan dous anos máis en comezar os traballos técnicos. É unha actitude irresponsable, pois unha decisión dese tipo, que é unha decisión profunda, dura, esixía que ao día seguinte de ditar esa resolución se comezase a traballar, e realmente non se fixo.

Modificación da Lei da solo. Durante o bipartito fixéronse dúas: en materia de urbanismo e de ordenación do territorio. Foron cambios moi puntuais, pequenos, mínimos, o que quere dicir que realmente entendían que estaba ben ou que realmente pensaban que non era necesario ou que non tiñan capacidade política para facelo.

Realmente, que pasou nestes anos do bipartito? Pois, por unha parte, había un discurso, pero, por outra parte, non había ningunha vontade política de sacar a adiante esas cuestións. Era difícil, a ordenación do territorio é difícil, por que sexa coordinación administrativa, evidentemente, con dous gobernos era difícil coordinarse, sobre todo se un non quere. Quizais houbera outras prioridades, quizais é que non houbera modelo de país, ou quizais é que todas elas e un pouco de cada unha delas pois levase á realidade: que non se fixo, non se avanzou absolutamente nada.

Esto contrasta claramente co compromiso firme e decidido do actual Goberno. Hoxe, para este Goberno, para este partido e para este grupo parlamentario, a planificación territorial é unha prioridade. Xa se avanzou por parte do presidente da Xunta de Galicia o día do discurso de investidura. E proba disto é que neste momento pois o POL está en marcha, actualmente incluso neses concellos, de aí veñen por eses fallos que a señora Táboas cacarexa neste caso.

As DOT pois estamos tamén co documento de avance en tramitación, co documento de referencia que é necesario para a posta en marcha do ISA. E a modificación da Lei do solo pois está neste momento en tramitación para este período de sesións.

E todo isto estase a facer pois con moito consenso, cos concellos, coa Fegamp, cun enorme traballo técnico. O caso do POL é un exemplo magnífico dun traballo técnico moi forte, dun coñecemento exhaustivo da costa metro a metro. E eu

quería dicirlles aos señores do BNG que o POL non se fixo dende un iate, senón que se fixo cun traballo profundo e de recoñecemento metro a metro.

Pero sobre todo o que hai neste momento pois é unha vontade política moi clara. (*Murmurios.*) –Aí non entran os iates, señor Lobeira, aí non entran os iates–. Hai unha vontade política moi clara de facelo, cousa que vostedes non estaban a facer. (*Aplausos.*)

Mire, o BNG segue no seu discurso facilón de sempre, e por encima con enormes imprecisións. A Lei do solo non é un instrumento de planificación, señora Táboas. A Lei do solo vai permitir ordenar o rural, vai permitir xerar mellor calidade de vida no rural, non o que di vostede. E mire, evidentemente o POL non é unha trapallada, é un documento técnico dun enorme valor. E, por suposto, o POL non clasifica o solo –e vostede que é arquitecto debería sabelo–, o POL non ten que clasificar solo; o POL o que fai nesta fase é xerar, presentar grandes tipoloxías espaciais, non clasificar o solo, que é unha cuestión dos plans xerais.

Pero, bueno, vostedes desconfían dos concellos. Pero hai que recordarlles a vostedes que vostedes tampouco son políticos virxes, xa saben ou deberían saber que a política pois non é un exercicio literario ou só de voluntarismo. Galicia xa os coñece, para ben ou para mal, xa os coñece e xa os coñecemos todos, e a súa experiencia e o seu balance están aí, non? Falan moito de protección pero un concello que vostede coñece ben como é o Concello de Poio acaba de pedir que se achegue a construción a vinte metros do mar. E a súa experiencia na consellería, e non o digo... –sempre se enfada, señora Táboas, non é cuestión persoal–, a súa experiencia na Consellería de Vivenda coas Normas do hábitat ou ben co plan sectorial iso si que é unha auténtica desplanificación territorial, porque andaron por aí repartindo como quen reparte chicles polígonos de vivendas protexidas, unha auténtica desplanificación territorial.

Mire, en todo caso, se queren achegarse ao consenso perfecto. Nós estamos abertos e desexámolo, e desexámolo sinceramente, e van ter tempo para demostralo, pero teñen que ter vontade de facelo e non quedarse no discurso simple de sempre. Respecto do Partido Socialista, nós dámoslle a benvida a un pacto polo territorio. Foi o conselleiro Agustín Hernández,

na súa primeira comparecencia nesta Cámara, quen ofertou esta cuestión. Esperemos sinceramente que este ofrecemento de pacto non sexa unha fuxida hacia adiante. Esperemos que neste caso, como noutros moitos, nos poidamos, a sociedade galega se poida fiar de vostedes.

Mire, dicíao onte tamén o señor Cerviño, ao cal respecto profundamente. Hai debates importantes nos cales debemos ter sentido de país, o da lingua é un deles, vostedes van poder optar no da lingua en estar cos señores do BNG ou cos señores do PP? É dicir, cunha minoría social ou coa gran maioría social?

No das caixas xa non falemos. E esperemos que sexa posible; esperemos que sexa posible pese a que os precedentes non son bos.

No anterior mandato puidéronse pactar moitísimas cousas, puidéronse pactar moitísimos instrumentos e non se pactou ningún: as Normas do hábitat, o Plan de vivenda, as reformas do solo. Non se fixo nada, non se fixo caso nin á Fegamp naquel momento.

Sen embargo, este Goberno é diferente ao que vostedes apoiaron, claramente diferente. Por dous motivos: primeiro, é un Goberno aplicado, é un Goberno que fai os deberes, é un Goberno que cumpre os compromisos. E aí están os traballos feitos, o desenvolvemento tanto das directrices como o do POL. Hai unha aposta clara decidida pola ordenación, entendendo que esta ordenación permite fixar unhas regras de xogo, entendendo que esta ordenación permite ordenar, clasificar os usos do solo e, sobre todo, permite un desenvolvemento máis harmónico, máis equilibrado do que son as actividades humanas sobre o propio territorio. E preténdese con todo isto achegarnos ao que se pode denominar pois a búsqueda da experiencia territorial que tanta falta nos fai.

A modificación da Lei do solo, que está no Parlamento. Por certo, entrou co aval da Fegamp e busca –como xa sabemos todos– reducir os tempos de tramitación administrativa, e busca tamén –digamos– axustar a complexidade normativa da Lei do solo pois ás diferencias que hai no medio rural galego. Neste sentido vai a nosa emenda. O PSOE pide consenso político, nós ofrecémolo. Nós ofrecemos participación tanto nas directrices como no POL,

como na nova Lei do solo, e pedimos esto na nosa emenda: que se abra pois un grupo de traballo ou un órgano semellante onde poidamos debater estas cuestións. Pero ollo: consenso si, pero consenso con lealdade. Non vale dicir aquí unha cousa e despois facer a contraria. Nós cremos e sinceramente abrimos este debate, pero repetindo o que acabo de dicir: consenso si, pero con absoluta lealdade por parte de todos.

Xa para rematar, se as DOT, se o POL, se a nova Lei do solo saen adiante con criterio, creo que vai ser un éxito para todos, e será un éxito para Galicia; será un éxito para a súa sociedade, será un éxito para a súa economía, será un éxito para o seu territorio, para a súa paisaxe. E o noso ofrecemento é sincero: pedimos lealdade, pedimos sentido de país, pedimos esquecer os réditos políticos cortoplacistas e pedimos que os acordos que aquí teñamos teñan unha vocación de permanencia no tempo. Se todo isto somos capaces de facelo, eu creo que temos un futuro mellor, e creo que...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ:... –si, señor presidente agora mesmo– xustificaremos o noso traballo perante a sociedade.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Rodríguez.

Ten a palabra a señora Barcón.

A señora BARCÓN SÁNCHEZ: Gracias, presidente.

Créame, señor Rodríguez, e señora Táboas, pero especialmente o señor Rodríguez, que os socialistas nos sentimos hoxe verdadeiramente afortunados, porque hoxe descubrimos quen dá o marchamo de lealdade, quen converte os cambalaches en asunto de país, quen converte os acordos e quen ofrece o consenso, e quen é o dono da lealdade e do consenso. Polo tanto, nós, os socialistas, estamos enormemente agradecidos de ter a inmensa fortuna de estar sentados ao lado destes grupos que están en posesión da verdade, da lealdade, do acordo e do asunto do país. (*Aplausos.*)

En calquera caso, a min paréceme que unha pizquiña de humildade non nos viña mal seguramente a todos; empezo pola miña persoa, pero gustárame que seguirmos por todos os grupos.

Señora Táboas, falou vostede aquí de que había un presunto cambalache no acordo dos dous grupos. Eu, co afecto que sabe que lle teño, digo que dubido moito que vostede pense esa frase que dixo, pero en calquera caso con toda humildade tamén invitoa e invitamos ao Bloque Nacionalista Galego a sumarse ao acordo para converter ao cambalache nun asunto de país. Porque mire, ao Grupo Socialista pareceralle ben, mal ou regular o acordo entre o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego no asunto das caixas, o que non lle parece é un cambalache (*Aplausos.*), o que lle parece é un acordo lexítimo entre forzas políticas. E nós reclamamos a lexitimidade de ofrecer un pacto e de ofrecer un acordo, señora Táboas. Pero, en calquera caso, vostedes súmense a un acordo e así converten o cambalache nun asunto de país.

Señor Rodríguez, claro que hai responsables, home! Eu non quixen falar e poñerlles nome aos responsables. Sobre todo non quixen poñerlles nome aos responsábeis máis que nada porque nunha nota recente o Partido Popular de Galicia dicía que eu era a “sempre elegante”, e non quería perder a miña elegancia natural, da que lles estarei eternamente agradecida.

Pero, claro que hai responsábeis: o señor Núñez Feijóo, conselleiro de Política Territorial, que deixou sen facer os instrumentos de planificación que tiña que ter feito, porque a modificación da lei que teñen vostedes metida neste Parlamento é unha emenda á lei Cuíña e á lei Feijóo; unha Lei do solo aprobada polo Partido Popular no 2002 que vai pola cuarta modificación, señor Rodríguez. Pero si apenas fixeron vostedes máis cousas que emendar a súa propia lei!

Claro que hai responsábeis, claro que hai responsábeis da situación de depredación coa que o anterior Goberno atopou o litoral galego, si señor. Unha lei que convertía cada espazo nun solar, unha lei que convertía cada espazo natural na posibilidade de convertelo nun asunto de especulación, e con eso e eso foi o que parou a moratoria dos 500 metros. Pero volvo dicirllor: nós non iremos nin cunha tiza —señor conselleiro, doulle a miña palabra—, nin cun cubo de pintura, como foron deputados desta Cámara, dicirllor á xente que lle

iamos tirar as casas ou que lle ía o anterior Goberno tirar as casas que estaban naquela franxa dos 500 metros.

Nós vimos aquí, como fixemos en agosto e como fixemos en setembro, ofrecer que saquemos do debate político cortoplacista os asuntos do territorio, que lle digamos á xente que vai ter unha lei que lle vai permitir construír ou non construír, pero para vinte anos; que lle vai permitir montar unha nave ou non, pero para vinte anos; que lle vai dicir por onde van pasar as infraestruturas, onde imos ter os accesos ferroviarios, que queremos converter en polígono industrial e que imos protexer, pero para vinte ou trinta anos. Esa é a nosa oferta.

Eu non estou en posesión do consenso, señor Rodríguez; o Partido Socialista non é o propietario do consenso. Ofrecemos sentarnos e acordar, e volvemos ofrecelo, e volvo repetir as palabras de Le Corbusier: “espacio, luz e orde”. Sentemos, falemos, falemos dos instrumentos de planificación, acordemos e convertamos as vivendas, o traballo, as comunicacións a mobilidade e o noso país tamén nun asunto de país para todos os grupos políticos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Boeno, teño unha proposta que facerlles aos dous grupos para incluír as súas emendas, presidente, que logo pasaremos á Mesa.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas.

Intenten un acordo de transacción sobre este tema.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Xabier López Vidal e dous deputados máis, sobre o impulso dun acordo co Goberno central para a aprobación dun cronograma con prazos e consignacións orzamentarias suficientes para o remate de todos os tramos da vía de alta capacidade Barreiros-Ferrol no ano 2014

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): A esta proposición non de lei presentáronse emendas polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego, a rexistrada co número 22638, e polo Grupo Popular, rexistrada co número 22653.

(O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Teresa Táboas Veleiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda de modificación á Proposición non de lei en Pleno, documento número 17285, sobre o impulso dun acordo co Goberno central para a aprobación dun cronograma con prazos e consignacións orzamentarias suficientes para o remate de todos os tramos da vía de alta capacidade Barreiros-Ferrol no ano 2011. 08/PNP-0307.

Emenda de Modificación

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte texto:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia unha vez mais a impulsar un acordo co Goberno de España para que dentro do ámbito competencial de cada unha das administracións, aproben un cronograma con prazos e consignación orzamentaria suficientes que posibiliten rematar todos os tramos da vía de alta capacidade Barreiros-Ferrol no horizonte do ano 2013, tal e como se debateu no Pleno do día 9 de Decembro de 2009.”

(O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Alejandro Gómez Alonso, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 08/PNP-0307 (17285), sobre o impulso dun acordo co Goberno Central para a aprobación dun cronograma con prazos e consignacións orzamentarias suficientes para o remate de todos os tramos da vía de alta capacidade Barreiros-Ferrol no ano 2014

Emenda de substitución:

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Impulsar a posta en servizo da VAP da Costa Norte entre Ferrol e Barreiros de acordo cos prazos do Plan MOVE:

a) Variante de Ortigueira

(AC-101-Espasante), ano 2011

b) Celeiro-San Cibrao, ano 2012

c) San Sadurniño-Campo do Hospital, ano 2013/2015

d) Viveiro Sur-Celeiro, ano 2014.

e) E os treitos, Campo do Hospital-AC101,

Espasante-Os Ramos, Os Ramos-Covas,

Covas-Viveiro Sur, entre os anos 2015/2017.

2.- A solicitar ao Ministerio de Fomento a licitación das obras do treito entre San Cibrao e Barreiros no ano 2011, para a súa posta en servizo no ano 2015.”)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor López Vidal.

O señor LÓPEZ VIDAL: Moitas gracias, señor presidente.

Señorías, lamento non poder darlle os bos días ao señor conselleiro, que escapou correndo, parece ser que aquí o consenso non vai producirse, malos augurios.

A costa norte, señorías, preocúpanos, preocúpanos e por eso outra vez máis traemos aquí outra iniciativa de impulso ao Goberno –este Goberno narcotizado– que lle afecta directamente e que incide directamente na vida de moitos cidadáns que están e que viven nesta comarca ou nesta zona de Galicia, un vial de comunicación que os vertebra e que lles serve para a súa mobilidade. E traemos aquí unha preocupación compartida do Grupo Socialista e tamén de moitos alcaldes –algún deles aquí presentes, aos cales lles dou a benvinda: o de Ferrol e o de Fene–, digo unha preocupación compartida porque o Partido Popular non resolve como debería os problemas dos cidadáns.

Señores do Partido Popular, eu creo e dígolles humildemente que están gobernando contra a cidadanía, contra os cidadáns. Gobernan por imposición, por imperativo legal, e a inquedaanza estalles na rúa –onte puidémolo ver en Vigo, esoutro día vímolos en Santiago–, polos libros, pola sanidade

e tamén saíran polas infraestruturas, porque é imposible pechar os ollos. É imposible pechar os ollos e ver, señores do Partido Popular, que ese globo que está por aí pola esquina cada día se desincha máis, no interior, e non o digo polo da Galicia interior e as liortas que vostedes teñen, senón tamén no exterior, de cara aos cidadáns.

Pero fagamos historia, historia recente. Cales foron os principios que alumearon un Goberno socialista que tivo neste país responsabilidades de goberno? Vertebración, equilibrio territorial. E deses dous principios é como nace a vía de alta capacidade, e digo ben cando digo nace a vía de alta capacidade da costa norte desde Ferrol ata San Cibrao, conectada en rede da A-6, autovía Ferrol-Vilalba, que non sei a que esperan para poñela en funcionamento. O tramo de Cabreiros-Vilalba non sei a que están agardando para poñelo en funcionamento e que o utilicen os cidadáns, xa están aí tamén practicando o sectarismo que os caracteriza. E tamén vai conectar San Cibrao-Barreiros coa A-8.

Pero o PP, temos que facer historia e lembrar que o Partido Popular tamén gobernou, que o señor Núñez Feijóo foi vicepresidente dun Goberno que daquela deixou un estudio informativo desta vía rápida, que lle chamaban no ano 2004. Núñez Feijóo era vicepresidente daquel Goberno monpartito, aquel era monpartito e daquela tamén xa andaban a golpes –creo recordar incluso– na sala do Consello de Goberno da Xunta, aínda que daquela non estaba remodelada.

Prometeron facer un apaño da AC-LU-862, que con eso era máis que suficiente. Porque o dixeron publicamente na Mariña de Lugo, díxoo o señor daquela vicepresidente e hoxe presidente nun acto público na Mariña: o corredor non era necesario, con facer unha apaño, un parcheo desta estrada era máis que suficiente. Nós non esquecemos, e os cidadáns tampouco.

Chegamos os socialistas, señorías, e reformulamos todos os proxectos, modificamos trazados e enlaces, melloramos a operatividade do estudio, introducimos melloras nos parámetros de calidade e seguridade deste vial, nos accesos, nas interseccións e melloras sobre todo –que é algo que vostedes tiñan sempre esquecido–, melloras de impacto medioambiental. Quedou preparada esta vía de comunicación para poder ser desdobrada no seu futuro inmediato. Transforma-

mos esta vía rápida de faustos records –o de vía rápida– para convertela nun corredor de nova xeración onde o 60 %, máis do 60 % do seu trazado contaba cun terceiro carril. Deseñamos e aprobamos unha nova conexión con Cariño e un enlace coa AP-9. Non estaba previsto nin programado nin fora daquela soñado polo Partido Popular. No noso haber está a contratación e a redacción dos proxectos construtivos. Decidir o trazado da variante de Viveiro, porque vostedes –claro–, en Viveiro, isto mancaba moito e non querían mollarse. Chegamos nós, mollámonos e escollemos o trazado, porque daquela vostedes non tiñan criterio explícito ou non lles interesaba telo nesta cuestión. E non só eso, senón que licitamos e adxudicamos os tramos da variante de Ortigueira e de Celeiro-San Cibrao, que llelos deixamos preparados para que vostedes os adxudicaran.

Pero chegaron vostedes de novo. Falou o pobo e, como sempre o pobo nunca se equivoca, chegaron ao Goberno: paralización. Xa non hai máquinas na carretera esta, marcharon. E cando dicimos paralización das obras tamén dicimos paralización na creación de postos de traballo que leva sempre aparelhada o desenvolvemento dunha infraestrutura pública neste país. Nesto non copian o que están facendo outras administracións, non copian porque non queren ou non saben.

Que fixeron durante o ano 2009 que vimos de rematar? Nada, por incapacidade, por sectarismo –que eu creo que hai moito sectarismo nestas decisións– e por incompetencia. Nin licitaron nin adxudicaron ningún tramo. Chegan os orzamentos do ano 2010, que aí é onde vostedes se retractan, e aí é onde se nos acenden a todos as alarmas vermellas, e trouxeron a tesoiras e cortaron o que se tiña previsto. E poñen nun papeliño do plan: remate das obras previsto para o ano 2017. É dicir, cinco anos perdidos para a costa norte do noso país, para a costa norte de Galicia.

Orzamentos 2010: hai unha partida de 14 millóns de euros. Había, deixamos nós, orzamentado plurianualmente unha partida prevista de 30 millóns de euros; polo tanto, tesoiras, cortaron e reduciron os investimentos nun 50 %. Isto supón repaso e parón desta infraestrutura. Rexeitaron as emendas que lle presentou tanto en Pleno como en Comisión este Grupo Parlamentario Socialista por un importe de 6.300.000 euros. Votaron en contra, tamén algúns deputados que se benefician moito desta infraestrutura. Non teñen vontade

ningunha de continuar a obra, visto o que hai, e adían para dentro dos sete anos o remate dunha obra necesaria para a converxencia desta comarca.

Claro está que esta decisión creou alarma social, porque non se entende nestes pobos, nestes concellos, nesta cidadanía, non se entende tamaña inxusticia. Parálise e falla de impulso premeditado por parte do Goberno do señor Núñez Feijóo, por parte do Goberno do Partido Popular. Esta si que é unha auténtica aldraxe coa área norte costeira de Galicia, coa área norte costeira do noso país. E isto, esta aldraxe motivou acordos na Deputación de Lugo, na Deputación da Coruña, no Concello de Ferrol, no Concello de Foz, no Concello de Cerdido e moitos máis que veñen de camiño e que van chegar a este Parlamento, acordos pola alarma que creou esta paralización. Todos demandan a comunicación e a integración das comarcas de Ferrol, Eume, Ortegal e a Mariña na rede de altas prestacións que se ven artellando no noso país. Todos os acordos e mocións nos concellos esixen as mesmas posibilidades de desenvolvemento, igualdade de oportunidades para todos, para Ferrol, para Eume, para Ortegal e para a Mariña luguesa.

Esta decisión, señores do Partido Popular, será unha lousa que impida gañar o futuro para esta terra, un atranco na converxencia desta zona do país, que ten demostrado ser moi puxante. Por certo, unha terra de oportunidades. Concellos como o de Ferrol, Narón, San Sadurniño, Moeche, Cerdido, Cedeira, Ortigueira, Cariño, Mañón, O Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela, Foz, O Valadouro e Barreiros cunha poboación que se vai ver beneficiada, se levaran a cabo esta infraestrutura, de máis de 300.000 habitantes e cun potencial económico testado —e está aí demostrado—, industrial e demográfico sen parangón: Inxpal, Alcoa, Endesa, Navantia, Megasa, porto de Ferrol, porto de Celeiro, ABSA; con actividade produtiva en sectores da pesca, da explotación forestal, da industria mineira, nos transportes, no téxtil, na alimentación, no turismo. Un noroeste que precisa, señorías, seguir medrando, competir no mercado interior e exterior no país, e para eso precisa que se faga esta estrada.

E a Xunta ten que asumir compromisos, iso é gobernar. Xa non caben desculpas, hai que traballar, señores do Partido Popular. Xa perdemos o ano 2009 e non podemos perder máis tempo. No ano 2010 estes son os deberes que teñen que facer: teñen que estar todos os treitos licitados e en construción,

e a medida que se vaian rematando téñense que poñer en circulación, téñense que abrir ao tráfico rodado, que se vaian utilizando. E a obra ten que estar rematada —e neso coincidimos cos compañeiros do Bloque Nacionalista Galego— no horizonte do 2013-2014 todo o corredor, desde Ferrol, San Cibrao a Barreiros.

E esa é a nosa proposta de acordo, para a Xunta e tamén para o Goberno de España, a ese que tanto lle gusta a vostede poñerlle deberes, cronograma con prazos e consignacións: rematar a VAC Barreiros-Ferrol no 2014.

Nada máis e moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Varela Sánchez): Gracias, señor López Vidal.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Táboas Veleiro.

A señora TÁBOAS VELEIRO: Señor presidente, señores deputados.

No mes de decembro, o día 9 de decembro, no Pleno do día 9 de decembro, debateuse neste Pleno, nesta Cámara, unha proposición non de lei defendida polo meu compañeiro, o deputado señor Fernando Blanco, precisamente para impulsar o que era claro por parte do Goberno do Partido Popular que ía sufrir unha parálise, que era a vía de alta capacidade, este corredor entre Ferrol, San Cibrao e Barreiros.

Estamos, polo tanto, ante unha nova oportunidade que ten o Partido Popular de facer valer a necesidade desta infraestrutura, desta importante infraestrutura para artellar o norte do noso país, ese territorio que leva durante décadas esquecido e, polo tanto, illado. Cando alí se atopan importantes empresas que precisan dunha vía de alta capacidade para poder transportar mercadorías, para poder facer ese intercambio tan importante que ten co resto do norte do Estado español, e, polo tanto, de comunicación xa directa a través dese norte cara a Europa.

É preciso, polo tanto, ese impulso, que agardamos que hoxe, despois de ser rexeitado o día 9 —como digo— de decembro polo Partido Popular, hoxe, que vén de novo, esta vez da man do Grupo dos Socialistas de Galiza, que poidamos chegar todos por consenso a un acordo de impulsar esta importante infraestrutura.

Infraestrutura que o Consello da Xunta de Galiza, cando se celebrou no 6 de abril do ano 2001, no mosteiro de Leiro, en San Clodio, celebrouse alí un Consello da Xunta onde se aprobou un plan chamado Plan de infraestruturas viarias das comarcas de Ferrolterra, Eume, Ortegal e a Mariña lucense. Un programa de obras, de infraestruturas de diversa índole e que comprometía investimentos importantísimos para sacar do esquecemento a esta zona do noso país. Investimentos, por unha banda, pola Administración autonómica e, por outra, pola Administración do Estado, a Administración estatal. Unha contía importantísima: 191.000 millóns de pesetas daquela.

Dentro deste conxunto de infraestruturas estaba incluída esta vía de alta capacidade, este corredor entre Ferrol, San Cibrao e Barreiros, para comunicar –como xa digo– ese norte, esa costa norte, que está neste momento nunha situación realmente de desequilibrio con outras partes do noso país que xa teñen unhas comunicacións viarias axeitadas, que permiten –como xa digo– un crecemento económico que nesta situación e como se atopa neste momento a zona, sobre todo a Mariña lucense, está paralizada por esa falla desta infraestrutura.

Ben, pois esta vía de alta capacidade, polas declaracións, polo propio retrato que fai nos orzamentos o Partido Popular para o ano 2010, vemos que de novo volve ser a grande esquecida.

No contexto –como xa digo– da área norte da Galiza costeira, as comarcas da Mariña lucense, Ortegal, Eume e Ferrol constitúen un espazo definido e diferenciado de 300.000 habitantes; polo tanto, unha importante parte, máis do 10 % da poboación galega vive nesta zona do noso país. E son 3.000 quilómetros cadrados de superficie, na que se atopan empresas de importancia estratéxica para o país, e polo tanto económica e de creación de empregos, como é Inespal-Alcoa, como é Endesa-As Pontes, como é Megasa, Izar en Fene-Ferrol. É dicir, empresas importantísimas que precisan desta infraestrutura e que non poden agardar máis por ela. E sobre todo nun momento de fonda crise económica, que deixaría, polo tanto, de non facerse por parte do Goberno galego este esforzo na Mariña lucense, nesta área de Eume, Ortegal e a Mariña... –estaríamos de novo ante unha situación que podería vir, como se dixo naquelas declaracións do señor conselleiro, que, bueno, é unha mágoa que non se atope agora

neste importante debate, porque estamos falando, como xa digo, de comunicar a máis do 10 % da poboación–, pois deixalo ata o ano 2017, como se chegou a anunciar.

Para o Bloque Nacionalista Galego, igual que se fixo nese Pleno, volvemos hoxe defender que se faga este cronograma de acordo, que exista un consenso entre a Administración autonómica e a Administración central no referido á construción desta vía de alta capacidade do litoral. A parte a executar pola Xunta de Galiza sería o tramo entre Ferrol e San Cibrao, e a parte a executar polo Ministerio de Fomento, neste caso, sería o tramo entre San Cibrao e Barreiros.

Ao tramo da Xunta, polo tanto, correspóndenlle 88 quilómetros, que debía de executar coa maior brevidade. De aí que os nacionalistas sexamos teimudos e voltemos nesta emenda que presentamos á proposición non de lei feita polo Grupo dos Socialistas de Galiza a insistir na data do ano 2013. Estamos falando de tres anos máis aínda para poder ter en marcha esta importante infraestrutura; de aí que non queiramos deixar, nin reducir, nin ampliar –neste caso máis ben ampliar– os tempos, as datas de construción desta importante infraestrutura.

A vía de alta capacidade do litoral que ten que executar o Ministerio de Fomento con forma de autovía é un tramo de 30 quilómetros que percorren –como xa digo– os concellos de Barreiros, Foz, Burela e Cervo.

Estaba previsto executar entre o ano 2001 e 2007, segundo se acordou naquel Consello da Xunta que se celebrou en San Clodio, en Leiro, na provincia de Ourense. Sen embargo, estamos no ano 2010 e non están nin iniciadas nin estamos todavía nun horizonte no que poidamos albiscar que esta importante infraestrutura poida ser rematada nos prazos, dende logo, xa non do 2007, senón no 2013, que é como esixe o BNG, porque é unha esixencia que temos para coa xente desa zona do noso país. E por iso voltamos incidir na necesidade de poñer esa data do ano 2013; proceder a chegar a un consenso, neste caso entre o Ministerio de Fomento e a consellería, a chamada grupo MATI –como lle gusta ao Partido Popular chamarlle á consellería–; proceder a elaborar e acordar un cronograma con prazos e consignacións orzamentarias suficientes que permitan rematar esta vía no ano 2013, tal e como vén defendendo o Bloque Nacionalista Galego. A emenda, como xa digo, é voltar á mesma data. O Grupo Socialista pide o ano 2014, nós insistimos no ano 2013.

Pero agardamos que hoxe si, hoxe en febreiro de 2010, xa despois deste Pleno, que o Partido Popular recupere o pulo, que recupere a importancia que lle ten que dar a esta infraestrutura da área norte do noso país, e vote a favor desa data e poña en marcha e se poña a traballar, e non teña esa cativeza de miras cunha infraestrutura tan importante. Porque se non este desleixo, esta parálise que vén sufrindo o noso país no referido á licitación de obra pública pois estará cada día afondando máis.

Mentres tamén esa crise económica tamén afecta de maneira especial ás empresas construtoras no noso país por esa falla de aposta estratéxica pola obra pública, perdéndose cada día moitos empregos. Galegos e galegas que entran todos os días nas estatísticas, nas fantásticas estatísticas que se están manexando de desemprego no noso país, e moitos son da man das empresas construtoras que están a facer obras e que neste momento por esa parálise do Partido Popular non teñen carga de traballo. Esta infraestrutura daría unha importante carga de traballo a empresas construtoras do noso país, ou ben por contratación directa ou ben por subcontratación. E, polo tanto, recursos económicos para esta área do noso país que tanto precisa; pero, sobre todo, unha importante infraestrutura que non se pode adiar moito máis.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Varela Sánchez): Moitas gracias, señora Táboas.

En representación do Partido Popular ten a palabra o señor Gómez Alonso.

O señor GÓMEZ ALONSO: Gracias, señor presidente.

Señorías.

Señores voceiros, este é o segundo debate que nesta lexislatura se ten sobre a VAC da costa norte. No primeiro debate, a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, o noso grupo parlamentario —como ben dixo a señora Táboas— rexeitou esta iniciativa. E rexeitámola porque as demandas do Bloque sobre este corredor, ao noso xuício, no mes de decembro e agora —dadas as afirmacións da señora Táboas— no mes de febreiro do 2010, chegan tarde.

E rexeitámolas porque despois de catro anos os nacionalistas aínda parece que se están a seguir dando conta de que todos os proxectos construtivos herdados polo bipartito no ano 2005 foron paralizados baixo o consentimento e os votos e o apoio político do Bloque Nacionalista Galego, como é o caso do corredor que vai dende Ferrol ata San Cibrao e de San Cibrao ata Barreiros.

E rexeitámola porque despois de catro anos os nacionalistas, cogobernando co PSOE, apoiaron un ano e outro ano os orzamentos do señor Zapatero, nos cales non se apostou en ningún só exercicio orzamentario pola construción da auto-vía que vai dende San Cibrao ata Barreiros. E a proba é que para o ano 2010 San Cibrao-Barreiros tan só conta con 10.000 euros.

E os nacionalistas, agora que están na oposición, despois de corenta e catro meses cogobernando co PSOE, apoiando dun xeito incuestionable ao señor Zapatero —é máis, incluso ata chegaron a salvar a reprobación da señora ministra tanto en Madrid como neste Parlamento—, pois criticamos nese debate que despois de corenta e catro meses gobernando con eles agora se dean conta, por fin!, de que as infraestruturas do noso país sofren importantes retrasos. Presentan a iniciativa, poñen unha data imposible de executar. O que antes tiña o Partido Socialista para executar en seis anos, eles queren ou querían naquel debate que nós, o noso grupo, esta Xunta de Galicia, o executase en tres anos, e, como é normal, a pinza parlamentaria neste caso funcionou.

E o Partido Socialista apoiou a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego pese a que non foi aceptada a emenda deste grupo parlamentario. Supostamente eles para mellorar a construción desta infraestrutura.

Pero como xoga o Partido Socialista no tocante ás infraestruturas xa non é unha novidade, porque xustamente dous meses despois presentan a mesma iniciativa. Insisto: tan só dous meses despois presentan a mesma iniciativa, pero neste caso —e isto téñeno que escoitar os alcaldes que están aquí— para a posta en servizo desta vía de altas prestacións no ano 2014.

Por eso gustaríame preguntarlle ao señor López Vidal: oia, pero, que mudou en dous meses para que esta vía de altas prestacións vostedes reclamen a súa posta en servizo do ano

2013 ao 2014? Que foi o que pasou, señor López Vidal, en dous meses para cambiar de posición política? Vostede non mintá; na iniciativa piden claramente 2014, non 2013-2014.

Cal é o criterio real do Partido Socialista para a posta en servicio desta vía de altas prestacións da costa norte? Señor López Vidal, como se pode xustificar que nestes escasos sesenta días vostedes retrasen ficticiamente a solicitude da posta en servicio deste corredor? Incluído o treito do Ministerio de Fomento, do cal, por certo, vostede non lle fixo ningunha reclamación, nin suxerencia, nin petición ao ministro de Fomento cando estivemos alí na Comisión de seguimento do AVE.

É dicir, por que se cambia de criterio? Señorías, cámbiase de criterio porque o Partido Socialista fai nesta iniciativa o mesmo que fixo no Goberno: anuncios veleta sobre posta en servicio das vías de altas prestacións, das vías estruturantes e de todos os anuncios referidos coas infraestruturas. Os anuncios veleta é precisamente a tónica xeral do Partido Socialista, e todos a coñecemos.

E agora tamén se lembran de que as infraestruturas sofren retraso. Pero, señor López Vidal, hai que dicirlle a verdade á xente: como recibiron vostedes esta infraestrutura?, como a recibiron vostedes? Mire, no ano 2005 estaba listo; todo o estudio informativo e a declaración de impacto ambiental daba no seu tramo autonómico. E ademais estaban en redacción de proxecto construtivo os treitos de San Sadurniño-Campo do Hospital, variante de Ortigueira e Celeiro-San Cibrao. E catro anos despois de paralizar todos os proxectos, agás a variante de Ortigueira e Celeiro-San Cibrao, o cal supón tan só o 21 % do total da obra, agora reclaman a parálise e o retraso, cando o resto dos seis proxectos aínda se atopan en redacción de proxecto construtivo. É dicir, o Partido Socialista botou catro anos paralizando a infraestrutura, deixando nun caixón seis dos seus treitos en eterna redacción de proxecto construtivo, catro anos, e inicialmente pedíanos no ano 2009 que a puxeramos en servicio no 2013; e dous meses despois, dentro desa política de anuncios veleta, pídennos o 2014.

Pero, señor López Vidal, vostede non sabe que no ano 2008 se suspenderon os contratos de tres treitos deste corredor? De tres treitos, si: San Sadurniño-Campo do Hospital, Campo do Hospital-AC-101 e Ramos-Covas. Vostede non o

sabe? Oia, pero vostede, a que Goberno apoiou? Catro anos paralizando seis treitos, suspendendo a redacción de contratos. Cando presenta a iniciativa o Bloque Nacionalista Galego, o Partido Socialista di: sumámonos, 2013. Cando a presentan eles dous meses despois di: non, non, agora o 2014. Bueno, claro.

A política de anuncios do Partido Socialista xa a coñecemos. Como non van facer iniciativas veletas se tiñan un Goberno veleta? Ou é que, señor López Vidal, vostede non se acorda no ano 2007 cando se anunciou o inicio das obras da variante de Ortigueira para o 2008? Iniciáronse as obras no 2008? Non.

Vostede non se lembra acaso no 2008 cando o ex presidente da Xunta de Galicia dixo que no 2012 todo o litoral estaría conectado por oito vías de alta capacidade? Onde están os proxectos avanzados para que estea no 2012? Por que non presenta unha iniciativa para que estea no 2012, se o anunciou o seu ex xefe de filas? Non era segundo vostedes viable tecnicamente? Puxera 2012, tería quedado mellor. Pero, claro, dentro da política de anuncios veleta aquí todo vale.

Eu o que si lles quero dicir, tanto á voceira do Bloque Nacionalista Galego como ao voceiro do Partido Socialista, é que o que demandan, o que demandaron en decembro do 2009 e demandan agora en febreiro do 2010, que é un cronograma, ese cronograma xa está elaborado polo grupo MATI. E ese cronograma é precisamente o contido da emenda que nós voltamos traer unha vez máis aquí neste Parlamento. Nós si que lle pomos prazo de inicio das obras. Non falamos só de finalización como facían vostedes, non nos adicamos a facer grandes anuncios grandilocuentes; comprometémonos como fixo o conselleiro de Medio Ambiente a someter os prazos que lle anunciou ao alcalde na visita das obras da variante de Ortigueira, aos alcaldes dos concellos vencellados, sometemos eses prazos de inicio das obras, de avance das tramitacións de aquí ata o ano 2016. Ese é un cronograma e seguen na teima de que queren un cronograma. Pero se xa o teñen, do inicio das obras para o ano 2010, para o ano 2011, para o ano 2012, para o ano 2013, para o ano 2014 e 2015. Pero ollo, os deberes tamén teñen que ser para o Ministerio de Fomento. Ou se non como vostede xustifica que durante cinco anos non fosen capaces de aprobar un estudio informativo?

Pero vostede —e permítame a expresión— con que cara lle reclama esto á Xunta de Galicia cando o seu Goberno tan só

Ile adica 10.000 euros a San Cibrao-Barreiros? E despois aínda por riba vostede comete a imprudencia, é dicir, non está nin aprobada nin iniciada a tramitación da redacción do proxecto construtivo do treito do Ministerio de Fomento e o señor López Vidal xa lle pon deberes para o 2014. Oia, polo menos sexa serio co seu Goberno. Nós solicitamos o 2015 e a licitación desas obras no 2011, porque é un treito executable, é unha proposta viable. No noso cronograma, que é o cronograma que lles expuxo o conselleiro de Medio Ambiente aos alcaldes, no ano 2015 de 115 quilómetros que ten de total este corredor, 97 xa van estar en servizo, é dicir, o 84 % da obra.

E mire, señor López Vidal, por se acaso vostede non acepta a emenda, que non a vai aceptar, como é normal, quero anunciarlle, dado que nunca hai dous sen tres, que nós imos traer este cronograma a este Parlamento. Nós imos someter á votación dos deputados e das deputadas desta Cámara un cronograma que é serio, crible e executable. E ademais ímolo facer coa conciencia tranquila. E sabe por que? Porque sabemos, despois de catro anos de parón do bipartito, que todo o feito na costa norte e en Galicia é obra do Partido Popular. E ímolo facer coa conciencia tranquila de que todo o que se vai seguir facendo na costa norte e en Galicia vai seguir sendo obra do Partido Popular.

Nada máis e moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Varela Sánchez): Gracias, señor Gómez.

Señor López Vidal, ten vostede o turno para pechar o debate.

O señor LÓPEZ VIDAL: Moitas gracias, señor presidente.

Mire, señor Gómez Alonso, eu apoiáballe a un Goberno que lle traballaba e vostede apoia a un Goberno que non dá pancada. Esa é a gran diferenza entre uns e os outros. E eso demóstrase nos feitos, traballando.

E eu quería chegar a un acordo con vostede, ademais ultimamente desde que lle dan esas misións das Nacións Unidas que o mandan como alto comisionado e casco azul da ONU á miña provincia, eu quería chegar de corazón a un acordo con vostede, pero vexo que mo pon imposible. Eso que deberían os cascos azuis, eu entendo que están para o diálo-

go e para o acordo, para facilitar as cousas, pero non. Non podemos acadar o pacto da costa norte, porque o Partido Popular non quere nada coa costa norte, rexéitao.

E tamén lle teño que dicir que vostede, claro, ten que estudar un pouquiño máis a lección. Cando imos á comisión esa de seguimento, que fomos alá a Madrid, é do AVE, non falamos de estradas. Pero seguindo por Madrid, un pouquiño máis adiante de alí, de Nuevos Ministerios, está a plaza de las Cortes, Congreso dos Deputados. E vostede coma min sabe que hai un acordo dos tres grupos parlamentarios, de aí a data do 2014, para rematar todo o corredor, desde Ferrol ata San Cibrao, e tamén o de Fomento, desde San Cibrao ata Barreiros. Aí está o compromiso. Claro, claro que a estas alturas veña vostede falar de Fomento, xa lle ten a cousa..., tenlle o seu aquel. E aí está o compromiso, de aí o cambio da data.

A ver se somos capaces entre todos, que vostedes votaron en Madrid o 2014, eu quería que tamén o votáramos aquí en Galicia, e poñámonos de acordo o 2013 rematar o trazado que nos toca aos galegos, ao grupo CMATI, e o 2014 rematar o que queda co lle toca ao Ministerio de Fomento. Que vostede perda coidado que ese si que o vai facer, como está facendo outras moitas cousas. Porque é unha necesidade imperiosa para esta comarca, porque é unha reclamación unánime da cidadanía representada nos seus cargos públicos nos concellos, pero vostedes decidiron non escoitar á xente, e a xente ten que saír ás calles como o demostrou onte á noite, na noiteña. E máis sairá, esperen e verán.

E, sobre todo, voulles pedir unha cousa: non lle mintan á xente. É unha vergonza que ande o conselleiro, en vez de traballar e licitar e facer proxectos, por aí adiante cuns papeliños dicindo que o bipartito paralizou. Non paralizou absolutamente nada, todo o contrario: modificamos os proxectos malos que vostedes deixaron dunha vía rápida e convertémolo nun corredor de última xeración.

Sobre todo algo moito que me preocupa aínda máis. Acábanme de responder... Escoiten, si escoiten que lles vou contar. Que me escoiten os deputados da Mariña e os de Ferrol. Acábame de responder a consellería a unha pregunta escrita a este que lles fala e ao señor Rego González, sobre a construción do corredor Ferrol-San Cibrao, e dí—entrecomillado leo—: “Os proxectos que aínda non foron aprobados están sendo analizados para verificar a racionalidade das alternativas, tanto dende o punto de vista técni-

co como social e económico.” Oia, esto que significa? Que queren parar a construción da VAC da costa norte? Isto é o que vén certificar que vostedes non están dispostos a dotar toda esta comarca desta infraestrutura imprescindible para o seu desenvolvemento económico? Isto é o que quere dicir que están mirando con lupa se é necesaria e é viable técnica, social e economicamente? Pero que queren dicir con esta resposta? Díganlle a verdade á xente e déixense de mentir.

Hai un acordo en Madrid, a nós válenos, queríamos traelo para aquí e con vostedes é imposible. Porque votan unha cousa en Madrid, votan outra na Deputación de Lugo, outra distinta na Deputación de Coruña, outra distinta en cada un dos concellos, dependendo de se gobernan ou deixan de gobernar, e chegan ao Parlamento de Galicia e nin están nin se lles espera. Pero a que se dedican vostedes as vinte e catro horas do día?, a que se dedican en vez de solucionar os problemas dos cidadáns?

E voulle dicir outra cousa. A emenda que vostede presenta con este cronograma San Sadurniño-Campo do Hospital ano 2013-2015, dous anos. Acaba no 2013?, acaba no 2015? Este cronograma que vostedes fan con power point acaba no 2013 ou no 2015?

Viveiro sur-Celeiro no ano 2014. Campo do Hospital-AC 101, Espasante-Ramos, Ramos-Covas, Covas-Viveiro sur entre os anos 2015 –díganlle a verdade á xente– e 2017. Do 2015 ao 2017. Faltan sete anos para o 2017.

Ferrol, Eume, Ortegal e a Mariña de Lugo non poden esperar pola súa incapacidade ata o 2017, métanse eso dentro dos miolos da cabeza.

Polo tanto, recibirán o pago que merecen, non se preocupen. Non teñen dereito a castigar por incapacidade política o norte da provincia de Lugo nin da Coruña. Esta é a súa responsabilidade, gran responsabilidade, e nós xa anunciamos aquí que miramos alarmados que vostedes teñen a intención inconfesable de non facer esta vía de alta capacidade. E con isto están a traizoar a confianza de moita xente, pero tamén están a ensinar a verdadeira faciana que teñen.

Nada máis e moitas gracias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Varela Sánchez): Gracias, señor López Vidal.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Carlos Ignacio Aymerich Cano, sobre as previsións de investimento do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (CGSIB) no ano 2010

O señor PRESIDENTE (Varela Sánchez): A esta proposición non de lei presentouse a seguinte emenda: a número 22648, do Grupo dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Beatriz Sestayo Doce.

(O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Beatriz Sestayo Doce, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Bloque Nacionalista Galego sobre as previsións de investimento do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (CGSIB) no ano 2010. (doc. 18804)

Emenda de modificación do punto 1.

“1.) Cumprir os compromisos acadados entre a Xunta de Galicia e os Concellos galegos plasmados nos protocolos asinados entre ambas institucións.”

Emenda de modificación do punto 3.

“3. Aprobar unha oferta pública de emprego e a posterior convocatoria dunha oposición para cubrir as prazas públicas estables de servizos sociais.”)

O señor PRESIDENTE (Varela Sánchez): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Si, señor presidente.

Señorías, pois como di o nome da iniciativa, efectivamente, o pasado 5 de febreiro a asemblea do consorcio, exclusivamente cos votos do Partido Popular, aprobou os novos orzamentos –e con algo de retraso– deste ente público para o ano 2010.

Uns orzamentos realmente ambiciosos, ambiciosos porque no capítulo VI para investimentos prevén unha cifra astronómica: cero euros. É dicir, o consorcio de acordo cos orzamentos que se aprobaron o pasado 5 de febreiro non prevé construír no ano 2010 ningún centro, ningunha escola infantil nova.

Tamén prevé unha cifra astronómica, cero euros, para loxística e posta en marcha de centros de día. É dicir, o consorcio non prevé, o Partido Popular non prevé que o consorcio poña no ano 2010 ningún centro de día, ningunha escola infantil nova en funcionamento.

Cero euros tamén para procesos selectivos. É dicir, no ano 2010 o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar nin vai consolidar cumprindo o compromiso asumido co comité de empresa o persoal do consorcio, nin vai seleccionar ao persoal necesario para dotar os centros de día, que terán que ir abrindo, as escolas infantís que terán que ir abrindo, a través de procedementos públicos tramitados en réxime de concorrència competitiva.

No mellor dos casos tirarán das listas de agarda, e no peor serán as empresas privadas as que contraten a este persoal. E digo no peor porque onde si hai cartos e bastantes, case 4 millóns de euros, é no capítulo II, precisamente para a privatización dos centros de día. Para encomenda a empresas privadas da posta en marcha, da xestión dos centros de día. Por certo, unha previsión que xa se inclúe nos orzamentos sen contar co consentimento dos concellos afectados.

Nesa reunión, sirva tamén como nota, aprobouse a modificación do regulamento interno das galescolas, das agora chamadas “escolas infantís”, en dous sentidos:

Por un lado, eliminando o galego. Un que xa ten os fillos en educación infantil pero no tramo de 3 a 5 anos, a verdade é que está tentado de volver levalos ás escolas infantís de 0 a 3 do Partido Popular, porque di que a cambio de eliminar o galego acabarán os rapaces aos 3 anos co dominio oral e escrito das dúas linguas. É dicir, que os nenos aos 3 anos van ter o dominio oral e escrito das dúas linguas, e que, ademais, ao final da etapa os van aproximar tamén a unha lingua estranxeira. En fin.

O relevante tamén, o relevante é que eliminan a competencia municipal sobre o uso das instalacións das escolas infan-

tís. Agora é directamente o xerente e non unha comisión como era antes –na que participaban os concellos– quen vai decidir que usos poden ter estas instalacións. Lembremos: de titularidade municipal fóra do horario de atención.

As conclusións xa o dixemos. O Partido Popular no ano 2010 non vai promover ningún centro de día e ningunha escola infantil nova. Vaise limitar a abrir, iso si, privatizándoos, entregándoos a empresas privadas, amigas do Partido Popular, os centros de día e as escolas infantís que o Bloque Nacionalista Galego deixou construídas.

En segundo lugar, no ano 2010 non vai haber procesos selectivos. O Partido Popular mentiu –non é novo– cando dicía: imos revisar os procesos selectivos, imos revisar as bases destes procesos, porque parece que son ilegais, amparándose nun informe da Dirección Xeral de Función Pública. O problema que tiña o Partido Popular non era que eses procesos fosen ilegais, que non o eran, era que houbera procesos selectivos. O Partido Popular prefere contratar a dedo ou encargarlle a empresas privadas, a empresas amigas, que contraten o persoal. É o que xa lle van dicindo aos alcaldes: “Éche mellor privatizar. Ti dáme a lista da xente que queres meter que agora esta empresa, sendo unha empresa privada, pode facelo sen darlle explicacións a ninguén”.

Ben, estamos, por tanto, diante doutro paso máis na privatización e no desmantelamento do servizo galego, do sistema galego de benestar, no que parece que estea empeñado o Partido Popular.

Despois do desmantelamento das oficinas de I+B, despois do anuncio da venta da participación pública na empresa Sogaserro ás caixas de aforros ou, por mellor dicir, ás empresas privadas nas que estas caixas participan, veñen estes orzamentos do consorcio, que nos confirman que esas 30 prazas semanais de atención a dependentes e xente maior que o Partido Popular vai abrir no ano 2010 non son prazas que promovera o Partido Popular, é simplemente dar continuidade, abrir, o que o BNG deixou feito. E isto, señorías, é unha fraude, e unha fraude en dous sentidos.

É unha fraude en sentido político, é unha fraude política, porque vostedes, que tanto fachendea de cumprir as súas promesas electorais, ¿onde quedou a promesa do señor Núñez Feijóo –proferida desde esta mesma tribuna no deba-

te de investidura— de construír un centro de día en todos os concellos galegos con poboación superior a 1.500 habitantes? ¿Que foi dela? Desapareceu. Desde logo, non será no ano 2010, terán que facer o choio acumulado no ano 2011 ou no 2012; no ano 2010, cero. ¿Que foi, por certo, aquel compromiso de incrementar o gasto social? Cero. ¿Que foi daquela promesa de que a malfadada austeridade non ía afectar ao gasto en dependencia, ao gasto en servizos sociais? Cero tamén. Ao revés, nós avisámolo daquela, xa no mes de abril: a austeridade é a escusa coa que o Partido Popular vai recortar as prestacións públicas e os servizos sociais.

E supón tamén unha fraude en sentido legal, en sentido xurídico. Privatizar os centros de día é violar, incumplir, os contratos, os convenios, que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ten asinados coa maioría dos concellos de Galicia. É incumplir eses convenios. ¿Por que? Porque deses convenios, señorías, tírase claramente que a xestión dos centros de día ten que ser pública. Vexan senón.

Os convenios din que o consorcio nace así, de acordo coas súas finalidades e competencias, co obxecto de implantar un modelo homoxéneo de prestación de servizos sociais. ¿Como se vai implantar un modelo homoxéneo en toda Galiza, de calidade, de prestación de servizos sociais, se vai haber centros de primeira e de segunda, segundo estean privatizados ou teñan xestión pública e vai haber traballadores e traballadoras de primeira ou de segunda, segundo estean contratados directamente polo consorcio ou señan contratados e traballen en peores condicións para unha empresa privada?

Din estes convenios tamén que a xestión do centro de día corresponderá ao consorcio. Ao consorcio, non a unha empresa privada, por moi amiga do Partido Popular que seña. Din tamén estes convenios que o consorcio, que ten que xestionar o centro de día, que ao consorcio correspóndelle, entre outras, a selección, contratación e dirección do persoal. Ao consorcio, non a unha empresa privada, por moi amiga do Partido Popular que seña. Estas son as cláusulas que aparecen nos convenios e que vostedes, sen contar cos concellos, pretenden descoñecer a través da privatización dos centros de día.

Máis hai tamén cuestións que desde logo conviría ir aclarando, conviría ir esclarecendo. Di o señor xerente do con-

sorcio que a única posibilidade de abrir estes centros de día é privatizándoos, porque desa maneira haberá un aforro do 25%. ¿Quérenme explicar como se pode aforrar un 25%, unha cuarta parte, no custo dun servizo que xa está desde logo funcionando con moita eficiencia, e aí están os informes, aí están os salarios nada estratosféricos dos seus traballadores, se dese 25% que se aforra, no 75 restante vai incluído ademais o lucro, o beneficio que leva esa empresa? ¿Quérenme explicar como se pode producir ese aforro do 25% se non é precarizando o traballo, precarizando as condicións laborais, e reducindo a calidade no servizo que se lle presta aos usuarios e ás usuarias? ¿Quérenme explicar como é iso?

¿Quérenme explicar como é que o xerente di que temos que privatizar porque isto demostra —di el— o fracaso do modelo anterior do tixolo, do modelo anterior do ladrillo? Di o xerente do consorcio: “El ladrillo no crea plazas por si solo”. Por si só non, hai que dotar os centros que xa están construídos de equipamento. Hai que proseguir os procedementos de selección de persoal, e non telos pechados como os tivo ata o de agora e séguelos tendo o Partido Popular. Non hai que construír só, e o BNG construíu, hai tamén que pór os centros en marcha, dotalos de equipamentos, dotalos de persoal, e desde logo encadralos nunha concepción xeral, nunha concepción de país, de qué servizos sociais e de qué modelo de benestar queremos. A realidade, señorías, é que vostedes sacrifican a calidade do servizo ao lucro de empresas privadas amigas. Díciáno moitos cidadáns en manifestacións destes días: o privado é beneficio, o público é servizo. Vostedes quedan co privado e co beneficio.

Vai supoñer, desde logo, máis enchufismo, vai supoñer eliminar un modelo participativo, de participación social, de participación dos concellos na xestión dos centros. Agora serán directamente as empresas privadas ou, no mellor dos casos, o xerente do consorcio. E desde logo seguen vostedes polo camiño de privatizar e desmantelar un sistema galego de benestar que é unha conquista social. Non é do Bloque Nacionalista Galego, é unha conquista de todo o país que os galegos e as galegas non imos deixar que vostedes derramen impunemente.

Por iso na nosa proposición non de lei establecemos e instamos o Goberno moi claramente a tres cousas. Primeiro, a que nos orzamentos do Consorcio Galego de Servizos de

Igualdade e Benestar para o ano 2010 se inclúan, se contemplen, os recursos precisos para executar todos os convenios asinados cos concellos para a construción de novos centros de día e de novas escolas infantís. Segundo, a manter a xestión directa, por parte do consorcio, dos centros de día e tamén das escolas infantís. E terceiro, a consolidar o persoal actual do consorcio, de acordo co que se pactou co comité de empresa, e a seleccionar o novo persoal que faga falta...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO:... a través de procedimentos selectivos tramitados en réxime de publicidade e concorrència competitiva, non tirando das listas de agarda, como vostedes están facendo, ou non decíndolle aos alcaldes ti vai pasándome a lista da xente que queres meter, que agora estas empresas amigas do Partido Popular xa se encargarán de metercha. Ese non é o noso modelo, esperemos que rectifiquen.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Aymerich.

Polo Grupo Socialista ten a palabra a señora Sestayoy.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora SESTAYO DOCE: Gracias, señor presidente.

Señores deputados, señoras deputadas, hoxe efectivamente temos aquí no debate pois unha cuestión transcendental para o desenvolvemento das políticas sociais, e polo tanto para o desenvolvemento das políticas que máis afectan ás persoas en Galicia e en calquera outro sitio, que pon de manifesto o carácter manipulador do señor Feijóo —o gran manipulador, diría, se mo permiten— e a manipulación do Goberno galego. Podo decir datos se me deixan este uso da palabra.

Efectivamente estamos a falar do consorcio galego, esa entidade que na campaña electoral, e mesmo antes da campaña electoral —creo que poden acudir todos e todas ao Diario de Sesións, é polo tanto claramente contrastable—, decía o Partido Popular que desaparecería si chegaban ao Goberno de Galicia. Iso decían vostedes, o decían nesta mesma tribuna,

e o certo é que a día de hoxe o Consorcio galego teñen anunciado que non vai desaparecer, polo tanto estamos ante unha clara mentira, falsedade ou cambio de rumbo, imos dicir, ou incoherencia, pero acúdanme ao Diario de Sesións e o que hai evidente é un cambio de opinión clarisimamente antes e despois do 1 de marzo.

Posteriormente, unha vez chegado ao Goberno, respecto ao consorcio xa din, efectivamente, que non vai desaparecer senón que bueno, que van a modificar, introducir pequenas modificacións, para potenciar os concellos. Hai preguntas do Grupo Parlamentario Socialista, mesmo desta deputada, en qué consistirían eses cambios, eses cambios nos estatutos. Efectivamente, non existe ningún cambio, tivemos a oportunidade, acaba de conmemorarse, de celebrarse, a assemblea á que fai referencia esta iniciativa, e o certo é que non se levou nin unha soa proposta de modificación de estatutos, que como saben tería que ser aprobado por esa assemblea xeral. Polo tanto, non existe ningún cambio a pesares desas propostas de eliminación do *chiringuito*, tildado literalmente, insisto, *Diario de Sesións*, intervencións do Partido Popular, respecto ao Consorcio Galego de Servizos de Benestar e Igualdade.

O certo é que precisamente esta iniciativa se plantexaba polo Bloque Nacionalista Galego antes da celebración da assemblea, hoxe xa sabemos cal foi o resultado da assemblea conmemorada o pasado venres, cinco de febreiro, unha assemblea que se celebraba vulnerando todos os estatutos. En primeiro lugar, no se celebraba dentro dos seis meses que están regulados, establecidos, polos estatutos do Consorcio Galego de Benestar. Unha assemblea que non se celebraba coas garantías precisas e que foron alí denunciadas respecto á convocatoria, prazo, documentación a presentar, etc., e que foi así denunciada por distintas intervencións nesa assemblea. E unha assemblea que tiña un obxecto principal da orde do día, que era a aprobación do orzamento para o 2010.

Efectivamente, o artigo 16 dos estatutos do consorcio establece que a competencia para a aprobación do orzamento do Consorcio Galego de Servizos Públicos de Benestar e Igualdade corresponde á assemblea xeral. Ben, o curioso é que esta aprobación dos orzamentos se leva para o 2010, é dicir, os orzamentos vixentes se levaron este venres, cando estes orzamentos xa estaban aprobados no Parlamento de Galicia e xa estaban vixentes. É dicir, que os membros do Consorcio galego, os representantes de todos os concellos de Galicia que forman parte do consorcio, non poderían modificar

eses estatutos porque xa están vixentes e en funcionamento, se levaron simplemente para facer un paripé, despois de pasado o prazo da convocatoria, para aprobar algo que xa estaba aprobado.

Estas son as políticas do Partido Popular, este é o respecto institucional aos concellos, aos alcaldes e alcaldesas, aos concelleiros e concelleiras, e non olviden, non esquezan, que a falla de respecto aos concellos é a falla de respecto aos cidadáns e cidadás que votaron tan lexitimamente nos concellos de Galicia como o fixeron para cambiar o Goberno da Xunta de Galicia.

Ese respecto institucional, absolutamente fundamental para o funcionamento axeitado da democracia, esixe que se respecte a vontade lexitimamente manifestada de cada un dos cidadáns e das maiorías acadadas nas urnas. O certo é que o venres pasado foi unha vulneración clara da democracia, unha vulneración dese respecto institucional. Pero é que ademais, efectivamente, ese orzamento curioso presentado efectivamente presentaba unha inversión de cero euros. E tamén ofrezco que acudan. Eu tiveron a sorte e a honra de poder acudir ademais polo concello de Ferrol, e polo tanto estar presente, pero calquera persoa que acudira á assemblea veía o que se presentaba. En primeiro lugar, un orzamento de cero euros en inversións que o presidente do consorcio decía que, aínda que era cero euros, en realidade podían ser 29 millóns de euros –non se sabía moi ben como esos cero pasaban a vintenoventa, se os sacaban da chisteira naquel mesmo momento, nun exercicio de maxia–, e ademais, da planificación para o 2010 dixo literalmente –a planificación para o 2010, non sabemos si con eses cero euros ou con esos 29 millóns que apareceron nesa assemblea– que estaba pechada.

Entón díganme, señores e señoras deputados, señoras e señores deputados do Partido Popular, ¿para que era a assemblea do Consorcio Galego de Benestar? Unha assemblea en que se vai debater uns orzamentos que xa están aprobados e que xa están vixentes, e que din que están cero euros ou 29 millóns de euros, que debe dar o mesmo, e cuxa planificación está xa pechada pola Xunta de Galicia, parece que deixa un baixo nivel de actuación ante os concellos, que quedaron verdadeiramente perplexos ante esa exposición do xerente, que non da conselleira, por certo, que antes se criticaba cando non falaban representantes do Goberno, que non da conselleira, foi o xerente quen o dixo.

Pois esta era a situación. Ante preguntas dos asistentes á assemblea, sobre o papel parece que quedaba relegado agora aos concellos nese consorcio. A resposta do xerente, e de feito o Partido Socialista, o Grupo Parlamentario Socialista, fixemos as correspondentes interpelacións, rexistramos varias iniciativas, decía que bueno, que xa sabíamos cal era a marxe de votación, a porcentaxe de votación, e polo tanto pois chegamos alí e achantamos o rodillo do Partido Popular. E claro, as decisións se toman unilateralmente pola Xunta, e o Consorcio Galego, do que forman parte casi todos os concellos de Galicia, non teñen nada que dicir nin na elaboración do orzamento nin na aprobación de como se faga a xestión de infraestruturas, que, por certo, esas infraestruturas non as pon só a Xunta de Galicia. As infraestruturas sociais, por certo, que terán que ser desenvolvidas conforme ás políticas sociais e sistemas de xestión nas que os concellos, mal que lles pese, conforme á Lei de bases de réxime local, conforme ao Plan concertado, teñen moito que dicir os concellos en Galicia e en calquera outro punto de España, o certo é que os concellos puxeron as parcelas, puxeron espazos, puxeron locais, puxeron patrimonio propio, poñen un 30% do mantemento, eso si, non teñen ningunha posibilidade nin de planificar orzamento nin de saber como vai ser a xestión nin de saber si se vai facer ou non, porque xa está pechada; eso si, sin coñecemento dos concellos que estaban alí, non sabemos si con coñecemento dos concellos do Partido Popular, e resulta que son os últimos que saben. Esa planificación pechada e esas infraestruturas son para o Goberno do Partido Popular.

A verdade é que a situación é lamentable. O señor Núñez Feijóo tense convertido nun depredador dos servizos sociais e tense convertido nun depredador dos servizos públicos, e esto se está amosando día a día cunha vergoña, de verdade, que parece incluso que os deputados e deputadas do Partido Popular podan dar a bendición a esa política unilateral de carácter autoritario que amosa unha dereita moi reaccionaria. Creo que non é propio, sinceramente, dunha democracia.

Polo tanto, respecto á iniciativa o que si plantexamos é unha emenda respecto do primeiro punto.

Decía efectivamente o señor Aymerich o cumprimento dos convenios. Estamos absolutamente de acordo, e mesmo poderíamos incluílo na substitución, pero nós queremos incluso que se cumpran os compromisos acadados tamén

nos protocolos. Lembremos que os concellos galegos firmaron a adhesión non de forma incondicional senón en base a uns protocolos que se poñían determinadas condicións. Si esas condicións non se cumpren, ¿cren que os concellos van a querer seguir no consorcio? Ao mellor non.

Existen unhas condicións de adhesión firmadas nuns protocolos. Queremos que se cumpran eses protocolos e queremos saber si se van a cumprir, porque o xerente a verdade é que dixo que non se consideraba obrigado por eses protocolos.

E respecto ao punto 3, efectivamente somos partidarios da aprobación dunha oferta pública de emprego –poñemos así na emenda– e posterior convocatoria dunha oposición para cubrir as prazas públicas estables de servizos sociais, como xa fixemos en emendas en iniciativas neste mesmo Parlamento. Somos partidarios da transparencia e do acceso á función pública a través dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e, señores do Partido Popular, ¿como están levando ao persoal agora das escolas infantís coas famosas listas de agarda, esas que criticaban, esas que están impoñendo aos concellos que non coñecen...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Sestayo.

A señora SESTAYO DOCE:... –remato, xa señor presidente– como de repente aparecen persoas polos concellos enviadas pola Xunta de Galicia, con nome e apelidos, decindo que van a traballar posteriormente nas escolas infantís que se abrirán dentro de tempo. Eso está ocorrendo, eso é constatable e eso é denunciabile. Esperemos algunha explicación.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Sestayo.

Polo Grupo Popular ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, bo día a todos.

Esta mañá o señor Quintana decíalle ao señor Rueda que non é o mesmo dar unha rolda de prensa na sede do partido que

gobernar a Xunta de Galicia. Efectivamente, e dende logo nós consideramos que tampouco é o mesmo gobernar a Xunta de Galicia que facer política de ciencia ficción, que é o que estiveron facendo vostedes sobre todo durante o último ano do bipartito.

Durante o último ano do bipartito o señor Quintana, ex vicepresidente da Igualdade e do Benestar, comprometeuse á construción de 116 novas infraestruturas sociais nada máis e nada menos que en 70 concellos de Galicia. E vostedes se preguntarán a canto ascenden eses compromisos do señor ex vicepresidente da Xunta de Galicia. Pois nada máis e nada menos que a 100 millóns de euros, 100 millóns de euros. O curioso é que despois de facer eses compromisos o vicepresidente da Xunta aprobou uns orzamentos do consorcio onde o capítulo de investimentos recollía 7 millóns de euros; sete millóns de euros recollía o capítulo de investimentos do Consorcio Galego de Benestar. E hoxe eu invito tamén ao señor Aymerich que faga unha simple relación matemática que nos vai a demostrar, en primeiro lugar, que, de ter intención de cumprir realmente eses compromisos, e no mellor dos casos, é dicir, con 7 millóns de euros do orzamento anual do consorcio en investimentos, o señor Quintana precisaría nada máis e nada menos que quince anos, quince anos, para cumprir eses compromisos dos que vostedes hoxe falan na súa iniciativa e que reclaman á nova Xunta de Galicia que leve adiante. Nada máis e nada menos que quince anos. Entón, ¿por que o fixo? Se sabía que necesitaba quince anos para cumprilo, ¿por que o prometeu?

Eu dende logo o teño claro, todo apunta a que antes das eleccións galegas o entón vicepresidente foi vítima dun delirio preelectoral que o levou a comprometer este tipo de infraestruturas sen a máis mínima planificación, sobre todo sen a máis mínima posibilidade de asumilo, segundo sempre a proposta do grupo do propio bipartito.

Dende logo, para nós isto foi unha auténtica irresponsabilidade propia de aquel que non ten pensado gobernar; unha irresponsabilidade propia dun político que non ten pensado gobernar e non ten pensado levar a cabo esas infraestruturas, o único que se quería era sacar o maior rédito electoral duns anuncios e dunhas promesas.

Hoxe aquí o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Parlamentario do Partido Socialista

tiñan que vir a explicar determinados asuntos, non a pedir explicacións. Tiñan que explicar qué obras desas 116 que costan 100 millóns de euros queren vostedes que a Xunta de Galicia faga este ano, e sobre todo de onde queren que saque eses 100 millóns de euros a Xunta de Galicia que son necesarios para facer eses 116 novos centros dos que vostedes falan.

E logo critican á Xunta de Galicia e ao señor Feijóo de privatización. Bueno, aquí verteuse unha clase de descalificativos que prefiro non repetir, pero, dende logo, non falan vostedes das irregularidades do consorcio. Porque miren, señores deputados do Bloque e do Partido Socialista, neste momento se está a facer unha auditoría externa no consorcio sobre o ano 2009, sobre o exercicio 2009, que demostra que o consorcio ten 1 millón de euros, 1 millón de euros, en facturas sen aclarar, e medio millón de euros sen que haxa recibo. Dende logo, nós a isto lle chamamos, como mínimo, falla de rigor contable.

Por outro lado, vostedes saben que o novo consorcio, a nova Xunta de Galicia, atopouse cun déficit de 4 millóns de euros, 4 millóns de euros, no consorcio; un déficit que dende logo fai pensar cales son estes orzamentos para o 2010. Porque asemade vostedes, durante os anos 2007, 2008 e 2009, ¿sabe canto gastaron en publicidade no consorcio? 1 millón de euros en publicidade, 1 millón de euros. Polo tanto, sume, señor Aymerich, sume ese millón e medio de facturas sen aclarar, sume eses 4 millóns de déficit que hai nos orzamentos do consorcio, sume ese millón de euros que se gastou en publicidade e dígame cantos centros de día se poderían facer, cantas escolas infantís se poderían facer, cantas residencias e cantos centros de alzheimer, cónteme cantos se podería facer con eses cartos. *(Aplausos.)*

E o que vai a facer o novo consorcio, en primeiro lugar, é reducir nun 70% os gastos de publicidade; un 70%, señor Quintana. ¿E isto vostede sabe o que supón? Supón 1,2 millóns de euros o que se vai a reducir o gasto en publicidade. E mire vostede, eses orzamentos do consorcio para o 2010, que vostede tanto critica, permitirán a posta en funcionamento de 19 novas escolas infantís e 20 novos centros de atención a persoas maiores. A inversión na creación de novos equipamentos tanto de centros de atención a persoas maiores como de escolas infantís está garantida. Está garantida, e vostedes o saben. O que non está garantido é esas 116 infraestruturas que vostedes prometeron a 70 alcaldes e que sabían que

non se ían poder cumprir; o sabían cando fixo esa promesa. Desde logo nós nas contas do 2010 o que temos claro é que se destinarán 30 millóns de euros para novos equipamentos, 18 millóns de euros para obras que xa estaban en construción durante o 2009, 5 millóns de euros do Plan Educa para crear prazas de educación infantil, e a través de transferencias da Xunta de Galicia, señora Sestayo –porque o grave é que vostede si estivo alí o día que se explicou–, a través das transferencias da Xunta de Galicia, 3,9 millóns para centros de día, 6 millóns para correxir o déficit no orzamento e para facer novos compromisos e apertura de equipamentos.

¡E logo falan da política de contratación a dedo do Partido Popular; a política de contratación a dedo! E o din os que practicaron unha política de persoal impresentable e escandalosa durante o goberno do bipartito no consorcio. Porque mire, o que decían vostedes é que o consorcio era unha fonte de emprego estable e de calidade. Efectivamente. Miren, o 80% dos contratos son temporais; un de cada catro contratos que se realizaron para o consorcio foron feitos en fraude de lei. Máis de 7.000 euros en sancións, 3 anos de vida de consorcio, 1.200 traballadores en nómina. E o máis interesante é que convocan a mesa negociadora do convenio colectivo, ¡curioso!, ¡curioso!, xusto despois de perder as eleccións. Tiveron tres anos para convocar a mesa do convenio colectivo e esperaron a perder as eleccións para facelo. Por certo, acordando uns incrementos retributivos que lles negaron aos traballadores durante tres anos. Por iso aproveiten vostedes cando vaian ás manifestacións cos traballadores, procuren explicarlles por qué durante tres anos lle negaron vostedes o que fixeron despois cando perderon as eleccións.

E, señor Aymerich, vostede sempre fala de empresas amigas. Nós xa sabemos que a vostede o puxeron aquí de portavoz de temas de benestar porque teñen moito que tapar e moito que maquillar co que foi a súa xestión, por iso vostede vén aquí a esta tribuna facendo o seu papel, que é intentar embarrullar a política da nova Xunta de Galicia para intentar tapar o que foi a incompetencia do bipartito durante estes catro anos en materia de servizos sociais. E claro, na súa proposición non de lei nos di que hai cero euros adxudicados para loxística. ¿Será que o que lle preocupa ao Bloque Nacionalista Galego é que esa loxística estaba adxudicada a unha empresa que se chama Carrumeiro e vai botar vostede de menos que o novo consorcio contrate ese servizo a esa

empresa? Seguramente que eso é o que a vostede lle empeza a preocupar.

E mire, señora Sestayo, eu estou contenta de que hoxe vostede non veña aquí cunha contractura cervical, de verdade que estou contenta. Pero había a posibilidade de que vostede hoxe estivera aquí con esa contractura cervical. Porque mire, vostede é do Grupo Parlamentario Socialista, vostede gobernou co Bloque Nacionalista Galego durante catro anos, e ¿sabe que fixo durante eses catro anos coa xestión do Bloque Nacionalista Galego en relación cos servizos sociais? Mirar para outro lado. Estivo mirando para outro lado durante catro anos. Durante catro anos mirando para outro lado. *(Aplausos.)*

Dende logo, vostedes non teñen reparo ningún en vir aquí a esta tribuna a mentir descaradamente e a contar algo que non ten nada que ver coa realidade. Dende logo non son ningún exemplo para esta nova Xunta en temas de xestión de servizos sociais. Dende logo, considero que vostedes non están a facer o que teñen que facer. O problema é que teñen moito que tapar, *(Murmurios.)* e como teñen tanto que tapar veñen aquí a intentar enlodar a xestión da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Rodríguez Arias.

Turno de peche para o señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO: Ben, señora Rodríguez Arias, esta iniciativa vai sobre os orzamentos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o ano 2010. Vostede non rebateu nada do que se afirma no texto da iniciativa nin nada do que dixo este portavoz: cero euros para investimentos, cero euros para a posta en marcha de novos centros, cero euros para procesos selectivos; e, iso si, 4 millóns de euros para a privatización. Aí si, aí si.

Falemos de empresas. ¿En que empresa traballa Micaela Núñez Feijoo? ¿Saben en que empresa traballa? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Micaela Núñez Feijoo... ¿agora en Muebles Torrado? Porque no ano 2005 firmou un contrato en nome de Eulen cun goberno en funcións

por valor de 350.000 euros. ¿Será que Eulen segue pululando polo Consorcio preparando os pregos de privatización dos centros de día? ¿Verdade que si? ¿Falamos diso, señoría? ¿Falamos de empresas amigas? Podemos falar. Podemos falar das empresas ás que vostedes lle van vender agora a participación pública en Sogaserso? ¿Falamos diso?

Falemos dos orzamentos do Consorcio. Falemos de que vostedes minten. E agradezo que estea o señor presidente da Xunta, vexamos quen mente e quen non. O señor presidente da Xunta no discurso de investidura dixo: compromiso un centro de día en todos os concellos de máis de 1.500 habitantes nesta lexislatura, nesta lexislatura. É difícil facelo con cero euros nos orzamentos. Este deputado preguntou –porque estamos falando en Galiza, en concreto, de 261 concellos de máis de 1.500 habitantes, e ese bipartito que non fixo nada deixoulles construídos cero no ano 2005, 57 centros de día públicos que vostedes recolleron en abril do ano 2009, cando se produce o traspaso de poderes–, nós preguntamos, ¿que van facer co resto? Teñen toda a nosa colaboración, teñen que facer –se me saen ben as contas– 204, ¿non? –57 menos 261 son 204–, ben, teñen que facer 204 centros de día. No ano 2010 xa sabemos que non van facer ningún, van abrir os que deixou feitos o BNG. ¡Claro, é que é así, é iso!

Contestación da Xunta de Galiza. Di: “O presidente da Xunta, no seu discurso de investidura o pasado 14 de abril, comprometeuse a dotar a cada concello de máis de 1.500 habitantes dun centro de día, compromiso ao que se lle dará o oportuno cumprimento ao longo da súa etapa de goberno”. ¡Fantástico! ¡Ben! “O modelo asistencial da Xunta de Galiza para as persoas maiores baséase nos piares que sustentan esta nova sociedade, que superou os vellos conceptos imperantes na sociedade do século XX”. Os vellos conceptos da sociedade do século XX serán o benestar, servizos públicos de calidade, etc. Para vostedes, no século XXI, barra libre.

Di: “O cidadán dos nosos días é cada vez máis un suxeito activo que demanda servizos axeitados e controla o gasto público...”. Estas son as súas respostas, señor Roberto Castro, estas son as respostas. Di: “...Por iso o presidente da Xunta estableceu que a política para os maiores se asentará en dous principios irrenunciabes: a xeneralización da atención aos nosos maiores e a calidade na prestación deste servizo. Nese contexto, a Xunta de Galiza atopa unha necesi-

dade urxente que satisfacer: a atención a miles de persoas maiores que agardan prazas en residencias nas que serán debidamente aloxados. Lamentablemente, durante a anterior lexislatura o Goberno bipartito non foi consciente deste problema...” –home, pois 57 centros de día por cerro de vostedes, ¿non?– “... nin da necesidade inmediata. Por iso nestes momentos de arranque do novo Goberno estamos realizando un labor de diagnose e avaliación da situación coa que nos atopamos, xa que antes de actuar e planificar a rede de centros para os próximos anos precisamos saber o que se fixo durante estes últimos catro. Estamos realizando unha diagnose completa e seria da situación e actuando con rigor para así poder acometer a planificación en función das necesidades...”, bla bla bla, bla bla bla. ¿Resultado?, cero, cero.

¿Sabe que fixo o Goberno anterior, seguramente con moitos erros? Fixo 57 centros de días, máis de 80 galescolas, 1.200 postos de traballo creados, o 94% mulleres entre 25 e 45 anos, e moitos deles no ámbito rural. ¿Vostedes cantos postos de traballo crearon?, ¿cantos centros novos promoveron? Ningún. Esa é a diferenza.

Nós podemos facer as cousas e podémolas facer con erros. Vostedes o que fan é supeditar a satisfacción das necesidades das persoas ás necesidades e ao lucro das empresas amigas. Esa é a diferenza. Seguiremos traballando para que este país conte cun sistema de benestar digno sobre as bases que deixamos construídas. E, desde logo, se pretenden continuar por este camiño de privatizar e desmantelar o Sistema Galego de Benestar, de privatizar os centros de día, de eliminar o galego das escolas infantís, de reducir a súa calidade, desde logo van encontrar non só ao Bloque Nacionalista Galego en fronte, van encontrar a moitos homes e a moitas mulleres que queren vivir dignamente neste país; e vivir dignamente quere dicir tamén contar con servizos públicos de calidade. Lamentamos que case a un ano...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO:... de resultar vostedes elixidos pola maioría do pobo galego sigan negándolle a ese pobo que os elixiu maioritariamente os servizos públicos aos que teñen dereito. Desde logo, nós ímolos seguir reclamando por moito que lles doa, señora Rodríguez Arias, señores do Partido Popular.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Aymerich.

Rematado o debate das proposicións non de lei, entramos no momento da votación. Péchanse as portas.

Empezamos coa votación do documento 12070, texto do Grupo Popular, que vamos a votar coa súa redacción orixinal.

Perdón, señor Aymerich, non pediu vostede tempo para transaccionar, pero... Pois ben, entón abrimos as portas novamente para que transaccionen.

Suspéndese a sesión por uns minutos.

Retómase a sesión.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Pechamos as portas.

Votación das proposicións non de lei.

Votación do texto orixinario da proposición non de lei documento número 12070, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Rosendo Luis Fernández Fernández e trece deputados máis, sobre as actuacións para levar a cabo respecto dos resultados da auditoría presentada pola Consellería de Sanidade en relación coas listas de espera de cirurxía.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 36.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Votamos agora o documento 12255.

Prégolle ao señor Sueiro que explicita á Cámara se se chegou a acordo e en que términos se produciu.

O señor SUEIRO PASTORIZA: Si, señor presidente, se chegou a acordo e a transacción é do seguinte tenor [...]:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno da Xunta a poñer en marcha, na maior brevedade posible, as accións necesarias para determinar un novo sistema de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral...”. [...] ... integramente, agás a expresión cualitativa e cuantitativamente que figura na primeira liña do primeiro parágrafo.

Esa é a transacción.

Gracias, presidente.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Sueiro.

Votamos entón o documento 12255 tal e como acaba de explicar o señor Sueiro.

Votación do texto transaccionado da proposición non de lei documento número 12255, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alberto Sueiro Pastoriza e dous deputados máis, sobre a posta en marcha das actuacións necesarias para determinar un sistema de recoñecemento e acreditación oficial das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral dos traballadores galegos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Corresponde agora a votación do documento 13730.

Prégolle ao señor Viéitez que explique á Cámara se chegou a algún tipo de acordo e en que términos se produciu.

Señor Viéitez.

O señor VIÉITEZ ALONSO: Si, señor presidente.

Temos chegado a un acordo, e a resolución consta de tres puntos:

“1. O Parlamento galego insta o Goberno galego á búsqueda das garantías necesarias para que a actividade da empresa teña continuidade levando adiante o seu plan de viabilidade e garantir o mantemento do emprego.

2. O Plan de viabilidade será desenvolvido profesionalizando a dirección e o consello de administración; e será pactado coa dirección da empresa, o comité de empresa e as consellerías correspondentes en materia de industria e emprego.

3. No caso de contemplar algún traslado do personal dunha factoría a outra será nunhas condicións dignas, pactadas entre a nova dirección e o comité de empresa.”

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Viéitez.

Votación do texto transaccionado da proposición non de lei documento número 13730, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Henrique Viéitez Alonso e D.^a María do Carme Adán Villamarín, sobre a situación da empresa conserveira Bernardo Alfageme, S.A.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado por unanimidade.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Votamos agora o documento 15332.

Señora Barcón, díganos se houbo acordo e en que consiste, por favor.

A señora BARCÓN SÁNCHEZ: Si, presidente, houbo acordo e o texto será:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar neste Parlamento, no actual período de sesións, as directrices de ordeación do territorio e o Plan do litoral.

2. Crear no seo da Comisión 2.^a unha ponencia non lexislativa para o seguimento e a avaliación dos instrumentos antes mencionados.

3. Unha vez tramitada a actual modificación da Louga, crear no marco dun amplo pacto polo territorio unha comisión de estudo á que se incorporen as forzas políticas e o conxunto das institucións e axentes sociais que desemboque na redacción dunha nova lei do solo.”

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Barcón.

Votación do texto transaccionado da proposición non de lei documento número 15332, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María del Mar Barcón Sánchez e D. Pablo Xabier López Vidal, sobre a presentación no Parlamento de Galicia das Directrices de ordenación do territorio, así como do Plan do litoral, e o impulso, a través dunha ponencia única, dunha reforma da Lei do solo consensuada coas forzas políticas e coas institucións galegas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Corresponde agora a votación do documento 17285.

Señor López Vidal, explique á Cámara se houbo acordo, por favor.

O señor LÓPEZ VIDAL: Si, señor presidente, houbo acordo co Bloque Nacionalista Galego. Lamentablemente non puídemos acordar co Partido Popular porque quere condenar a costa norte...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Non faga valoracións, por favor. Diga exactamente en que consiste o acordo. O tempo de debate xa rematou, por favor.

O señor LÓPEZ VIDAL: Vou a proceder se os murmullos mo permiten, señor presidente. *(Risos.)*

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impulsar un acordo co Goberno de España para que, dentro do ámbito competencial de cada unha das administracións, aproben un crono-

grama, con prazos e consignacións orzamentarias suficientes, que posibilita rematar todos os tramos da vía de alta capacidade Barreiros-Ferrol no horizonte dos anos 2013-2014.”

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor López Vidal.

Votación do texto transaccionado da proposición non de lei documento número 17285, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Xabier López Vidal e dous deputados máis, sobre o impulso dun acordo co Goberno central para a aprobación dun cronograma con prazos e consignacións orzamentarias suficientes para o remate de todos os tramos da vía de alta capacidade Barreiros-Ferrol no ano 2014.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): E, finalmente, corresponde a votación do documento 18804.

Diga, señor Aymerich, se chegou a algún tipo de acordo, por favor.

O señor AYMERICH CANO: Chegamos a unha transacción sobre o punto primeiro da proposición non de lei co Grupo Socialista, pero só neste punto. O texto quedaría:

“Incluír nos orzamentos do Consorcio Galego dos servizos de igualdade e benestar para o ano 2010 os recursos precisos para cumprir os compromisos acadados entre a Xunta e os concellos os protocolos e convenios asinados entre ambas institucións.”

Logo pasareillo aos servizos da Cámara, aínda que creo que non vai facer falta.

Podemos votar, entón, a proposición non de lei separadamente.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Votamos en primeiro lugar, entón, o primeiro punto, no que houbo transacción.

Votación do texto transaccionado do primeiro punto da proposición non de lei documento número 18804, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Carlos Ignacio Aymerich Cano, sobre as previsións de investimento do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar no ano 2010.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

Votación do texto do segundo punto da mesma proposición non de lei na súa redacción orixinaria.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este segundo punto.

Votación do terceiro punto da mesma proposición non de lei na súa redacción orixinaria.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 12; votos en contra, 61.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado ese terceiro punto.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Rematada a votación, abrimos as portas.

Declaracións institucionais

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Antes de escomenzar co punto de interpelacións darei lectura a dúas declaracións institucionais da Cámara.

A primeira delas é sobre a Convención Internacional sobre Dereitos das Persoas con Discapacidade, e dice o seguinte:

“Con ocasión da entrada en vigor da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e do seu protocolo facultativo, adoptados pola Organización das Nacións Unidas, o Parlamento da Comunidade Autónoma de Galicia reconece a súa extraordinaria importancia como instrumento xurídico internacional que insta a unha nova concepción da discapacidade, centrada nos dereitos humanos e na persoa con discapacidade como titular irrenunciable dos devanditos dereitos.

Como forma de colaborar á súa efectiva vixencia, o Parlamento de Galicia adopta a seguinte declaración institucional:

1.º Comparte o contido da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade das Nacións Unidas que ten a vocación de impulsar o recoñecemento das persoas con discapacidade como suxeitos de dereitos humanos e igualdade de condicións, instando os países que integran a comunidade internacional á súa protección e garantía.

2.º Expresa a súa disposición a colaborar na plena e efectiva implantación dos valores, principios, mandatos e disposicións recollidos na convención, a través da aplicación dos mesmos en todos os actos orixinados neste Parlamento, velando pola súa plena accesibilidade e polo seu respecto ao dereito de igualdade de oportunidades e non discriminación.

3.º Comprométese, no ámbito das súas competencias, a impulsar as leis e disposicións autonómicas que sexan necesarias e a modificar calquera outra que o requira para garantir a plena inclusión das persoas con discapacidade como cidadáns en igualdade de oportunidades, incluída a súa plena participación na vida pública e os dereitos de sufraxio activo e pasivo, entendendo que para a súa consecución será necesario contar coas organizacións representativas deste sector social no deseño e definición das políticas públicas de discapacidade.

4.º Rexeita e condena a violación dos principios e disposicións contidas na convención e calquera outro acto que vulnere o dereito de non discriminación, comprometéndose a erradicalos sempre que recaia no ámbito das súas competencias.

5.º Insta as demais institucións e poderes públicos desta Comunidade Autónoma a adherirse a esta declaración institucional e aplicar e respectar os principios e disposicións contidos na convención no ámbito das súas competencias e obrigacións públicas.”

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): A seguinte declaración institucional é sobre as consecuencias do terremoto de Haití, e dice o seguinte:

“O pasado 12 de xaneiro tivo lugar un forte sismo en Haití con epicentro localizado a 15 quilómetros de Puerto Príncipe. Causou entre 150.000 e 200.000 mortos, así como tres millóns de damnificados, de acordo con estimacións do propio Goberno haitiano e organismos internacionais, e a case completa destrución de infraestruturas e comunicacións do que xa era o país máis pobre de América. Máis de dous semanas despois do sismo, moitas familias haitianas aínda esperan unha tenda que lles sirva de refuxio e alimentos para poder sobrevivir as próximas semanas. O tremor do 12 de xaneiro deixou un millón de persoas sen teito, principalmente na capital, Puerto Príncipe. Dependén agora da axuda internacional e dos seus veciños para sobrevivir.

Antes do sismo do pasado 12 de xaneiro Haití xa era un país cunha situación social extremadamente grave, marcada por unha pobreza endémica, crítica e profundamente inequitativa. Os niveis de pobreza de Haití xa eran daquela tres veces superiores aos da media da América Latina e o Caribe. Haití ocupaba o posto 153 de 188 no índice de desenvolvemento humano do programa das Nacións Unidas para o desenvolvemento.

Conscientes da dramática situación que vive o pobo haitiano, o Parlamento de Galicia quere expresar a súa solidariedade coas vítimas e os seus familiares e unirse ao esforzo sostido que, alén das axudas de emerxencia, debe realizar a comunidade internacional para asegurar aos haitianos e haitianas un futuro seguro.”

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Apartado sexto, interpelacións.

Interpelación de D. José Manuel Lage Tuñas, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os medios públicos de comunicación e a necesidade de que Galicia dispoña dunha nova lexislación

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Para formular a interpelación ten a palabra o señor Lage Tuñas.

O señor LAGE TUÑAS: Bo día.

Gracias, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados.

Señor conselleiro da Presidencia.

Os socialistas galegos defendemos e demandamos a reforma dos medios públicos de comunicación neste ano 2010. Presento hoxe aquí esta interpelación tendo como obxectivo impulsar un novo marco legal para os medios de comunicación públicos de Galicia. É unha invitación ao Goberno para coñecer a súa valoración sobre a situación actual dos medios públicos de comunicación, que proxectos teñen para a modificación do marco actual e cal é o modelo de financiación que teñen para a Compañía de Radio-Televisión de Galicia.

Os socialistas galegos defendemos a necesidade de cambiar o marco legal dos medios de comunicación públicos, rematar coa televisión de partido e seguir deste xeito un modelo independente do Goberno onde os profesionais da comunicación non sufran as presións e as consignas partidarias dun goberno.

Entendo que o cumprimento da misión de servizo público nos medios de comunicación de titularidade pública ten a súa base precisamente nos principios de programación que xa están sinalados e recollidos na lei de creación da propia compañía e no artigo 1.1 da citada normativa.

O desenvolvemento das misións de servizo público foron, ao meu xuício, desvirtuadas pola práctica e pola clara competencia dos medios de titularidade pública cos operadores privados, ao entrar na oferta de contidos que nada teñen que ver coa definición de servizo público dun medio de comunicación.

Quero recordar aquí que no modelo europeo a misión orixinal dos servizos públicos foi concibida en base a tres tarefas, partindo dunha gama de entretemento, información e educación de alta calidade. Este concepto do servizo público da comunicación que se exportou a gran parte do planeta enfronta serios desafíos dende a pasada década dos oitenta, no século pasado. O modelo en Europa entrou nunha crise dende que se aboliu o privilexio do monopolio do que gozou durante sesenta anos. Só constatado feitos, non entro a enxuciar a realidade dos monopolios, xa superados por un mundo cambiante no cal teñen cabida, como non podía ser doutro xeito, os operadores privados.

En Galicia os medios públicos de comunicación siguen instalados nun modelo dependente do partido que ocupa o Goberno autonómico e con evidentes incumprimentos dos principios de programación sinalados na propia lei de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia.

Pedímoslle hoxe aquí ao Goberno galego que remita ao Parlamento un proxecto de lei neste período de sesións, e así poder avanzar nun cambio de modelo que precisa introducir o pluralismo social, cultural e político nos medios de comunicación públicos. ¿Para que? Para rematar cun modelo xa caduco, onde se remate tamén coa manipulación informativa por parte da dirección da Compañía de Radio-Televisión de Galicia por presións do Goberno.

É preciso modificar o marco normativo actual e tamén a cultura política sobre a relación entre o poder político e os medios de comunicación de titularidade pública.

É preciso definir mellor a misión de servizo público, así como o tipo de produtos que son de interese xeral ou teñen que ser financiados con fondos públicos.

A revolución tecnolóxica no eido da comunicación está modificando as formas de relacionarse entre a poboación, tanto no que se refire á emisión de información como á súa recepción, e isto tamén afecta dun xeito moi importante aos medios públicos de comunicación. A adaptación aos cambios tecnolóxicos por parte dos medios de titularidade pública terá que acompañarse da necesaria modificación legal que cree un novo marco normativo que regule a misión de servizo público dos mesmos.

Entendo que sería bo falar e compartir a necesidade de limitar a publicidade nos medios públicos e favorecer unha televisión que separe a misión de servizo público dos intereses de mercado que lexitimamente poidan ter os operadores privados. Pero hoxe estamos aquí tamén para coñecer cal é a posición do Goberno galego sobre este asunto, cal é o modelo de financiamento que defende o Goberno do señor Feijóo.

Nós entendemos que é preciso diferenciar a misión de servizo público dos intereses de mercado que lexitimamente poidan ter os operadores privados. Precisamos un novo modelo de televisión pública e un marco legal que ampare a necesaria reforma dos medios públicos. É preciso modificar o marco normativo actual e a relación que existe entre os partidos políticos e a comunicación en termos de titularidade pública.

Quero recordar aquí que o presidente Alberto Núñez Feijóo incumpliu o seu programa electoral ao pouco tempo de tomar posesión co nomeamento dun director xeral da Compañía de Radio-Televisión de Galicia que responde ás consignas dun goberno e non á independencia froito dunha maioría cualificada no Parlamento de Galicia. Comportouse daquela —e o reitero hoxe— como un trilerio político, porque enganou e utilizou a mentira para ampararse nun suposto acordo que non existiu nunca. Ese comportamento trouxo como resultado que hoxe sigamos tendo unha televisión e unha radio ao servizo do partido no goberno.

Nós apostamos por un novo marco legal no que se introduza a independencia nos órganos executivos de dirección dos medios públicos, co nomeamento por maioría reforzada do Parlamento da directora ou do director xeral do novo ente público que xurda da reforma. Entendo que tamén é preciso definir mellor esa misión de servizo público, así como o tipo de produtos que son de interese xeral ou que teñen que ser financiados con fondos públicos.

A revolución tecnolóxica no eido da comunicación modifica as formas de relación entre a poboación, sen dúbida, e tamén modifica a relación entre o poder político e o conxunto dos cidadáns.

É preciso que este Goberno dé pasos na dirección de modificar o marco actual dos medios públicos de comunicación. A Compañía de Radio-Televisión de Galicia debe seguir pre-

servando como servizo público a promoción, a difusión e o impulso da lingua galega, ofrecendo calidade e favorecendo activamente a difusión cultural dos coñecementos cívicos, entre outros obxectivos. Considero relevante que se impulse a reforma dos medios públicos no ano 2010, e máis tendo en conta os cambios tecnolóxicos, nomeadamente o apagón que se producirá de xeito pleno en abril de 2010 e todo o que ten que ver coa Televisión Dixital Terrestre. Por iso demandamos ao Goberno que remita neste período de sesións un proxecto de lei para propiciar o cambio de modelo. E tamén lle anuncio, señoras deputadas e señores deputados, que, no caso de que o Goberno non remita ao Parlamento un proxecto de lei, os socialistas galegos presentaremos unha proposición de lei para levar adiante a reforma dos medios de comunicación públicos.

É preciso rematar coa televisión de partido, señor Rueda, e ir deste xeito cara a un modelo de medios independentes do goberno. Que os profesionais da comunicación poidan realizar a súa tarefa sen as presións e as consignas partidarias. É necesario que os xefes de informativos non acaben sendo destacados militantes do Partido Popular, como pasa neste caso. E tamén lle digo, señor Rueda, a vostede que intervirá seguramente en nome do Goberno, que auga pasada non move muíño. Dígollo por se ten a tentación de que sigamos falando do pasado e non do presente e do futuro do noso país.

Auga pasada non move muíño. Toca aprender do pasado, construír o presente e o futuro deseñando un novo marco legal para os medios de comunicación, escoitando os xornalistas, os profesionais da comunicación a través do Colexio profesional de xornalistas de Galicia e do sindicato de xornalistas, e tamén os operadores privados de comunicación.

E é necesario non só unha lexislación, un novo marco legal, para a CRTVG. É necesaria unha nova lei do audiovisual en Galicia. A creación dun consello audiovisual é preciso e é necesario, así como outras medidas das que teremos tempo de falar nesta Cámara.

Temos tempo de falar nesta Cámara. Temos que camiñar cara a unha televisión pública onde se introduzan limitacións á publicidade. Temos que ser capaces de construír uns medios públicos con calidade, onde se preserve a misión de servizo público. E non por último menos importante, temos

que construír un novo marco que garantice a solvencia, a seguridade e a estabilidade laboral dos profesionais, dos medios públicos de comunicación de Galicia.

Señor Rueda, imos ver cal é a verdadeira cor do seu algodón. Vostede, que xogou a ser místico Proper, creo que o algodón xa está algo sucio, pero agora aquí terá vostede oportunidade de recoller a nosa proposta para facer posible un cambio profundo nos medios de comunicación.

Incumpriron a promesa do nomeamento do director xeral por maioría cualificada deste Parlamento. Teñen a oportunidade, froito desta iniciativa, de dar un xiro na súa política a respecto da comunicación e ser quen de traer un proxecto de lei que modifique substancialmente o marco dos medios de comunicación.

Eu ánimoo a que nos diga...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Lage.

O señor LAGE TUÑAS:... –remato, señor presidente– que ten pensado facer co ente e coas sociedades públicas que se adican á comunicación, cal é o modelo de financiamento e cales son as propostas que ten o Goberno nesta dirección.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Lage.

Ten a palabra o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Lage, vou intentar nestes dez minutos darlle resposta a todo o que vostede me pregunta; é dicir, que en dez minutos intentarei facer o que non fixeron en catro anos. Agora lle entran as prisas, porque lle recordo que estiveron catro anos e, polo menos nalgún momento, poderían ter feito estas cousas.

Pero, mire, nós si que o temos claro. O compromiso da Xunta de Galicia pasa por impulsar medios públicos de comunicación tecnoloxicamente avanzados e que estean en servizo de todos os galegos de todas as galegas. O planteamento é claro: a radio e a televisión galegas teñen que ser sinónimo de transparencia —e queremos que así sexa—, de independencia, de modernidade, de solvencia, de consenso e de participación social. Iso pensamos, iso defendemos e niso vamos a botar para adiante. Con estas claves, se queremos facer todo isto, é evidente que hai bastante marxe para mellorar o actual marco normativo, como vostede sabe, o que rixe a Compañía de Radio-Televisión de Galicia, a Lei 9/1984, que tivo unha pequena modificación no ano 2002, que durante moitos anos foi —é verdade— un instrumento útil para o nacemento, o despregamento dos nosos medios públicos, que foron, ademais, un símbolo da nosa autonomía. Pero despois de vinte e cinco anos de percorrido aí si que estaremos de acordo en que son demasiados para non asumir que é necesaria a súa debida actualización.

Mire, por iso cremos que é preciso dar resposta, no plano das normas, ao contexto da profunda transformación que se está a vivir no audiovisual. É verdade que se está a vivir en todos os campos. Existe unha nova directiva europea de servizos audiovisuais; e a nivel estatal se está a tramitar a Lei xeral da comunicación audiovisual. E no aspecto tecnolóxico asistimos ao imparable —xa imparable— impulso da era dixital, á que vostede se refería, onde adquire protagonismo cada vez máis un consumidor que cada vez é máis interactivo e onde estamos a ver como se multiplican tamén cada vez máis os contidos e as canles audiovisuais ao mesmo tempo que se van fragmentando e especializando as audiencias. Todo iso é verdade.

Son múltiples os retos, señorías, señor Lage, que se presentan no escenario audiovisual; son demasiados, como lle dicía, probablemente, para un marco regulatorio que foi concibido no ano 84 e baixo un esquema de comunicación que partía da base de que existían poucos medios e que na práctica estaban restrinxidos —é verdade— á radio e á televisión. Estamos agora noutro tempo e, polo tanto, cómpre impulsar un novo marco normativo.

E por iso —o dixemos e o vamos a cumprir, reitéroo outra vez nesta tribuna— imos abordar unha reforma da Lei da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, pero non solo; pero,

empezando por esa, imos facer esta reforma da Lei da compañía buscando o consenso, que é tanto como dicir que vamos pedir opinións de todo o mundo, da sociedade, a través de asociacións profesionais, de axentes de todo tipo, especialmente no ámbito universitario, e dos distintos sectores implicados, que aquí son moitos e moi importantes.

Señor Lage, vostedes levaban —llo dicía ao principio— un acordo, no seu acordo de goberno, como unha das cousas máis importantes a reforma desta lei. Tiveron catro anos e lle pregunto cal foi o resultado en catro anos para impulsar agora algo que, efectivamente, é importante pero que lle entran as prisas precisamente agora, cando lle esixen aos demais que fagan o que vostedes non fixeron, a pesar de dicir que era unha das cousas máis importantes e que primeiro iban impulsar.

Mire, vostedes fixeron unha comisión que non pasou deso. Agora estamos traballando para abordar esta reforma, e pretendemos levala adiante, voulle dicir sobre qué eixos de proposta. O primeiro, entender que é necesario un cambio estrutural da compañía; é necesario, hai que superar o actual desdeseño da estrutura que temos agora, hai que pasar do organigrama clásico, que estaba baseado en función do medio de difusión empregado. Xa lle digo, radio, televisión e servizos centrais non prevía todo o que agora temos por diante, que xa está presente, e hai que pasar a unha nova estrutura que sexa máis flexible, que incorpore distintas sociedades filiais que se especialicen cada unha en distintas tarefas: para a produción de contidos, para a xestión de dereitos audiovisuais ou para a explotación da rede de servizos telemáticos, que hoxe en día é unha realidade.

A idea, en definitiva, por resumir neste pouco tempo, é dar un paso a un gran servizo público audiovisual que integre todo o conxunto.

E, en segundo lugar, dentro do segundo eixo, cremos que é necesario, imos facer perfeccionar na nova lei os mecanismos de garantía da neutralidade e da independencia, claro que é necesario, pero tamén foi necesario estes catro anos anteriores.

Vamos a impulsar unha reforma no sentido de incorporar unha serie de compromisos, que ademais son compromisos electorais que adquirimos coa cidadanía galega que nos

votou o 1 de marzo. ¿Cales son? Primeiro, elección, por medio dos dous tercios deste Parlamento, dun novo consello de administración por un período de seis anos e mediante a renovación parcial cada dous anos dunha terceira parte. Esa elección, ademais, vaise facer logo da comparecencia parlamentaria dos candidatos e das candidatas, que serán, en todo caso –teñen que selo e van a selo–, profesionais de recoñecido prestixio e experiencia nos seus respectivos ámbitos profesionais.

Outro punto vai ser o establecemento dun necesario e estrito réxime de incompatibilidades e responsabilidades dos que vaian integrar este consello de administración.

Outro punto será a elección, por maioría de dous tercios tamén do Parlamento, do presidente ou do director xeral do ente, por un período máximo de cinco anos, non renovables máis de dous mandatos, e que estará tamén, por suposto, suxeito ao réxime de incompatibilidades e responsabilidades ao que antes me refería.

E, por suposto, a designación do equipo directivo, se fará de acordo cunha avaliación de méritos profesionais na liña –que xa temos iniciado, por moito que a vostede lle moles– co nomeamento do actual equipo directivo.

E, mire, en paralelo, igual de fundamental, a reforma vai integrar tamén as previsións para garantir –¿como non?, porque é moi necesario– a viabilidade e suficiencia financeira dos nosos medios públicos de comunicación.

Señorías, a ninguén se lle escapa que este punto é importante. Xa agora mesmo e, dende logo, nos próximos anos vai ser así –xa todos o sabemos–, os orzamentos das administracións públicas –da galega, por suposto e, en xeral, de todas– van ter –xa teñen, como digo– serias dificultades para poder acometer o financiamento dos seus propios medios de comunicación, e iso malia que a Televisión galega é das televisións públicas a que menos debe das presentes do conxunto das televisións autonómicas; o certo é que, inda así, o horizonte que se abre é moi complexo e moi difícil.

Por suposto que existen causas estruturais que implican estas dificultades: o aumento do abano de difusión de medios –ao que antes me refería–, a fragmentación, especialización das audiencias, que fan este panorama máis difícil, e mesmo o

freo á etapa expansiva dos orzamentos públicos para financiar os medios públicos, que eu creo que xa máis que conxuntural se vai converter nunha causa estrutural a partir de agora. E, dentro das conxunturais, pois, loxicamente, a gravísima crise económica que estamos enfrentando, que ten un impacto directo, negativo e inmediato nos ingresos públicos que financian os medios de comunicación públicos. Eso se une a que a compañía experimentou nestes últimos anos un gasto que se pode calificar de disparado, e polo tanto urxe impulsar medidas activas para correxir esta situación e, sobre todo, para anticipar ese modelo de financiamento sostible ao que me refería antes.

Mire, nesta liña que vamos a facer, me preguntaba vostede, pois estamos valorando e valoramos positivamente a proposta –que xa está encima da mesa– do director xeral da Compañía de Radio-Televisión de Galicia de establecer un documento chamado contrato-programa –vostede conocerá esa técnica–, que consiste en abordar obxectivos estratéxicos; o primeiro e fundamental, acadar –ben é verdade que nun prazo plurianual e sobre todo vendo o panorama que temos– a estabilización económico-financeira do ente. Xa digo, nun horizonte temporal de carácter plurianual e co triple obxectivo de acadar a suficiencia de recursos, garantir un servizo público de calidade e obter unha programación competitiva, entre todos os medios que non son públicos. Tamén este contrato-programa vai buscar desenvolver un novo modelo de xestión que se basa en criterios de eficacia e eficiencia e que actúe sobre o conxunto dos centros operativos do ente, que lle adiantaba antes que van conformar a nova concepción, a nova estrutura. Se basearía, ao final, en integrar un sistema de indicadores que permitan vincular as achegas públicas que se vaian facendo ao cumprimento dos obxectivos; é dicir, os cartos se farán para cumprir os obxectivos no marco dunha planificación que lle digo plurianual e que lle dicía antes que o que vai é a buscar a máxima rendabilidade das achegas públicas, que, unha vez que estea en vigor o contrato-programa, se fagan.

Estas son as claves da reforma da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, pero, por suposto e en paralelo, traballamos tamén noutros proxectos lexislativos que son fundamentais e que pechan o conxunto. E por darlle toda a información que vostede me solicitaba, por unha banda, mantemos o compromiso de darlle saída –e llo imos dar tamén– a unha nova lei do audiovisual galego. Sabe vostede

que Galicia foi pioneira neste aspecto cando aprobou a Lei 6/1999 e agora entendemos que é preciso, máis de dez anos despois, actualizar esta norma para adaptala, igual que a da compañía, aos novos requerimentos dun escenario que xa lle dicía que está en cambio permanente, e o primeiro que hai que cambiar para non perder o tren é o marco normativo que o regule.

Esta nova Lei galega do audiovisual vai ter como obxectivo remarcar a posición do audiovisual galego como un sector estratéxico e garantir, porque é necesario, unha maior implicación dos diferentes axentes audiovisuais nas decisións que de xeito conxunto se tomen sobre o mesmo. E tamén, e en paralelo, e para pechar este conxunto, apostamos por desenvolver –e é necesario– unha verdadeira política de comunicación institucional, que, efectivamente, ten que ser institucional e non partidista, e para iso lle anuncio tamén que impulsaremos e presentaremos un proxecto de lei que regule a publicidade e a comunicación institucional. E tamén aquí o Goberno buscará, igual que nas outras dúas leyes, o necesario consenso e os necesarios acordos.

Estos son os proxectos, estas son as explicacións, e creo que con esto queda claro a vontade dun goberno que cre en todo isto, que cre que é necesario facer cambios normativos e que cre que é necesario adaptarse aos novos tempos para seguir tendo uns medios públicos de calidade.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Rueda.

Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Quintana González.

O señor QUINTANA GONZÁLEZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, deputados e deputadas, creo que a interpelación presentada polo Grupo Socialista non só é pertinente, senón que, ademais, deberíase de constituír –e así a enfrenta o Bloque Nacionalista Galego– como unha boa oportunidade para unha reflexión sensata e un debate político serio sobre a realidade actual dos nosos medios públicos de comunicación e sobre todo das perspectivas de futuro e o camiño que para eles queremos.

A nós gustaríanos, dende o Bloque Nacionalista Galego, escomenzar a nosa participación, esta interpelación, cunha afirmación que me van a permitir, e é que para nós a existencia da Compañía de Radio-Televisión de Galiza está hoxe incluso máis xustificada que no momento en que se creou. Pensamos que é importante dicir isto porque seguramente por esquecemento o señor conselleiro acaba de relatar toda unha gama de adxectivos ao respecto dun esplendoroso futuro para a compañía, que nós compartimos coa súa intención, pero en ningún caso incluíuse –seguro que por esquecemento–, ao lado de eficacia, pluralismo, desgubernamentalización, institucionalización, un dato fundamental, que é a galeguidade do proxecto, porque a Compañía de Radio-Televisión de Galiza ten sentido na medida en que cumpra o seu mandato estatutario de creación, ten sentido na medida en que sirva como ente público para a defensa da nosa cultura e da nosa identidade e para que coa súa labor podamos ter unha cidadanía máis formada e máis informada. E se trata non só de formar e de informar do que sucede no noso país, senón de ter un instrumento no noso país para ser capaces de interpretar o mundo dende Galiza. E iso tiña sentido cando se creou a Compañía de Radio-Televisión de Galiza, pero, despois de todo o vivido e do proceso de globalización no que estamos inmersos, hoxe, se cabe, aínda é máis necesario para o noso país, que non ten a súa cultura normalizada, un instrumento desa categoría.

E digo isto porque cando moitas veces falamos da funcionalidade da compañía, do medio competitivo no que se ten que mover, deberíamos de facer un esforzo para non caer nunca en plantexamentos acomplexados que nos permitan albiscaar a posibilidade de non só que a compañía non exista, senón que exista para competir nun terreo que estaría chamado a perder sempre. Non é precisamente o terreo da competencia, no mundo dos medios de comunicación privados, donde ten o seu sitio a Compañía pública de Radio-Televisión de Galiza, senón precisamente na creación, a través dese esforzo público, do seu propio espacio de formación e de información da cidadanía e de defensa da nosa identidade e da nosa cultura.

Cremos que, desgraciadamente, non temos camiñado nesa dirección, a pesares de esforzos máis ou menos loables e resultados positivos nalgún momento, pero a realidade de hoxe, dende logo, non nos pode satisfacer, nin sequera deixar nunha posición de neutralidade. Un empeño por compe-

tir onde só se pode perder pode explicar que a programación da actual Compañía da Radio e Televisión de Galiza sexa unha repetición continua pero para mal do que outras cadeñas de televisión e de radio xa fan.

Que na compañía e na televisión e radio galegas hoxe estean eliminados de raíz o debate político e a representación nese debate da representación lexítima partidaria, plural, da sociedade galega é unha terrible equivocación. Xa sabemos que eso as cadenas privadas non o fan, precisamente por eso ten que facelo a cadena pública galega. Que a información que se verta dende a televisión e a radio públicas galegas sexa unha simple desconexión en galego do que calquera outra cadena privada de radio e de televisión poda decidir en castelán é unha terrible equivocación, porque desde ese camiño, intentando competir nese ámbito, con ese mesmo tipo de noticias e con ese mesmo tipo de orientación da noticia, Galiza, e sobre todo a compañía, está chamada a perder sempre. Eso sempre haberá outros que o fagan mellor e, desgraciadamente, vamos por ese camiño.

O Bloque Nacionalista Galego non quere traer aquí nin reducir o debate sobre o nivel de información na televisión e na radio a unha discusión sobre os tempos que a cada un nos corresponde e se saímos máis ou saímos menos, non, eu creo que é moito mellor transcender ese debate para saber e para afirmar que a información que precisamos é aquela non solo que nos informe dun xeito desacomplexado de Galiza, senón que nos permita tamén aos galegos e ás galegas ter unha visión do mundo dende Galiza, dende o noso país e coas nosas propias claves.

Para poder manter un nivel de programación e de información como o que agora temos é lóxico que se manteña tamén un nivel de precariedade laboral inadmisíble. Na anterior lexislatura intentouse iniciar –e o Partido Popular paralizou– no consello de administración– unha oferta pública de emprego que cando menos modificara en parte unha situación laboral inxusta e que, ademais, vai en contra do criterio de profesionalización da compañía.

Hai agora xa varios meses o novo director da compañía anunciou aquí, na comisión de control, a posta en marcha da oferta pública de emprego, que antes o Partido Popular paralizara e que agora parecían dispostos a pór en marcha. Nada se ten avanzado nese camiño, e, mentras non se avanza, a

precariedade laboral é o caldo de cultivo no que se crea a mala información e unha programación deficiente.

O Estatuto de creación da compañía a coloca como un ente fundamental para a defensa da nosa identidade e da nosa cultura. Señor conselleiro, nunca se escoitou tanto castelán na televisión e na radio galega como agora. E eu sei que vostede vai a dicir que Galiza ten dous idiomas, que o galego, que o castelán, que se non sei que e que non sei cuanto... Ben, eu non vou a repetir aquí os diálogos e os debates que a respecto dese tema outros compañeiros do Bloque Nacionalista Galego teñen remitido con total claridade e contundencia na defensa do idioma propio de Galiza, que é o galego. O que si teño que dicir é que, como vostede comprenderá, é que para un, un espazo que teñen os galegos e as galegas para recibir información en galego, penso que non fariamos nada de máis se houbera un pequeno esforzo para que ese fora o idioma da nosa radio e da nosa televisión. Supño que non será demasiado pedir, e dende logo non estamos por ese camiño, senón exactamente polo contrario, e moitas veces se pretende trasladar esa realidade como un exemplo de pluralismo e de normalidade. Nós pensamos que é unha flagrante vulneración do que debería de ser o cumprimento do Estatuto de creación da propia Compañía de Radio-Televisión de Galicia.

E toca falar de futuro, sobre todo unha vez escoitado o conselleiro, que, partindo da valoración actual, manifesta o criterio do Goberno de mellorar o presente e plantexar un novo marco normativo. A ese respecto, señor conselleiro, o Bloque Nacionalista Galego quérrelle facer algunha apreciación. A primeira delas: se realmente existe vontade política –que nós compartiríamos– para dar un salto cualitativo, abandonar o criterio que ata agora rexiu a compañía e iniciar unha nova etapa, nós o que lle propomos é que teñan a valentía política, e sobre todo o sentido democrático, para converter as vontades en dereitos, porque, se non, o único que cambiarán son as formas e non os fondos. Quero dicir que se vostede de verdade cre que é necesaria unha nova lei por consenso, eso non pode ser obxecto unicamente da vontade política do Goberno, nin sequera da vontade política de calquer grupo. O Partido Socialista acaba de anunciar a presentación dunha lei pola súa parte, dunha proposición de lei, se o Goberno non o fai. O Bloque Nacionalista Galego tamén podería facer esa proposta porque temos esa lei articulada en disposición.

Pensamos que moito mellor que facer un exercicio de vontade política do Goberno ou de calquera dos grupos é facer un exercicio de recoñecemento de dereito, e recoñecemento de dereito significa que os galegos teñen dereito a ter unha compañía de radio-televisión de Galiza que non solo defenda a súa identidade senón que sexa un exemplo de pluralismo. Por eso nós o que lle propomos é que teñan a valentía non de virnos cun texto para que en vez do consenso haxa unha adhesión inquebrantable, senón que creen, que axuden a crear, que propoñamos entre todos crear unha ponencia parlamentaria que sexa a encargada de redactar a nova lei. Vostede aquí redactou uns cantos principios que ese proxecto de lei podería conter, e non vou a entrar no seu debate, moitos deles serían participados polo Bloque Nacionalista Galego, pero fágano como se deben de facer as cousas en democracia cando de verdade se quere redactar algo por consenso, non teñan que sufrir outra vez a vergonza de que sexa o grupo minoritario quen presente unha proposición de lei para ordenar, por exemplo, o sistema financeiro galego e que o Goberno teña que adherirse a el coas modificacións que considere oportunas. Que pase eso unha vez xa é raro, que pasara dúas sería autenticamente sorprendente.

Esperemos, polo tanto, que esa ponencia se cree e empece-mos a traballar para crear ese novo ente do século XXI que Galiza precisa para defender a súa identidade e o seu pluralismo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Quintana.

Polo Grupo Popular ten a palabra o señor Baamonde Díaz.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Moitas gracias, señor presidente.

Señorías, preséntanos hoxe o Grupo Socialista unha interpe-lación ao señor conselleiro da Presidencia sobre un tema atraínte e que seguramente dará moito que falar no futuro polo cambio acelerado que se está a producir nos medios de comunicación.

De maneira máis virulenta e máis política o señor Lage, máis fundamentada e máis técnica o señor Quintana, plantexan vostedes a modificación do marco normativo dos medios de

comunicación e do réxime financeiro. Pero non deixa de sor-prender que precisamente plantexen agora o que vostedes puideron facer e non fixeron, e non deixa de sorprenden que utilicen como argumento precisamente os fallos que voste-des cometeron.

Señor Laxe, é verdade que *agua pasada no mueve molino*, ou auga pasada non move moíño, pero tamén é verdad aque-lo que decía o Arcipreste de Hita e que eu lle recordo: *Conozco a muchos curas que en sus predicaciones despre-cian el dinero y también sus tentaciones, mas, al fin, por el dinero otorgan los perdones, absuelven los ayunos y ofrecen oraciones*. Paradigma perfecto dos trileros políticos que dicen unha cousa e fan o contrario do que dicen. *(Aplausos.)* Eso si que é faltar realmente á verdade.

Señor Lage, é verdade que están vostedes na oposición e que, polo tanto, teñen todo o dereito do mundo a interpelar e a controlar o traballo do Goberno, pero tamén é verdade que cando se quere pontificar, que cando se quere converter en referente ético é necesario ter credibilidade. E non debe de esquencer dúas cousas: unha, que vostedes acaban de gober-nar; outra, que está falando, señor Lage, precisamente daquelo que puideron facer e non fixeron, daquelo que debe-ron facer e non fixeron, e moi especialmente daquelo que prometeron á sociedade galega e non cumpriron. *(Aplausos.)*

Señor Lage, detrás do seu plantexamento realmente o que agocha é o fracaso estrepitoso da política de comunicación do Goberno bipartito. Vostedes nunha sola lexislatura perde-ron as eleccións. Seguramente son moitos os factores que o determinaron, pero un dos que axuda a explicalo é precisa-mente defraudar as expectativas de cambio que vostedes mismos sementaron. E se hai algo que escenifique, que sim-plifique perfectamente o cambio que prometeron e non fixe-ron é o que pasou coa Compañía da Radio-Televisión gale-ga. Prometeron vostedes aires de independencia, aires de profesionalidade, aires de renovación, ¿e que fixeron? Como os curas do Arcipreste de Hita, exactamente o contrario do que dixeron: o primeiro, repartir o ente como se fora patri-monio propio, a radio para min a televisión para ti, e despois unha xestión tan arbitraria, tan partidaria que acabaron mul-tiplicando por dous o sectarismo do ente. O segundo, adop-tar un modelo de continuidade rancia e clientelismo desca-rado que acabou avergoñando os seus propios partidarios e sumíndoos nunha absoluta estupefacción. En lugar de utili-

zar a RTVG, como están propoñendo agora, como referente para a rexeneración política ou para a rexeneración democrática, o que fixeron vostedes foi convertilo en brazo mediático da Xunta, convertilo nun auténtico patio de monopolio do poder. De feito, a crítica máis ilustrativa dese estado da televisión –ilustrativa e moi clara, por certo– a fixo un deputado do BNG cando dixo aquela célebre frase de: A TVG para o único que vale é para saber cando os conselleiros van comer á casa.

Señor Lage, plantexa vostede na súa interpretación un tema atraínte.

E antes decirlle ao señor Quintana que fala vostede agora de representatividade e fala de pluralidade, fala de competencia, fala dos problemas de persoal, fai mesmamente unha proposta de consenso que non fixo, señor Quintana, no momento en que podía facelo, no momento en que gobernaba. Xa llo dixen nunha ocasión e llo repito agora: parece que teñen vostedes o complexo de Boabdil, chorar por aquilo que puideron facer e non fixeron. As cousas había que facelas cando correspondía e non agora. (*Aplausos.*)

Modificar o marco normativo e modificar o sistema financeiro, evidentemente que está ben, señor Lage. Tamén soa moi ben eso que dice da necesidade de modificar a cultura política sobre a relación entre o poder político e os medios de comunicación de titularidade pública. Son boas ideas, son boas palabras, pero as palabras poden ser creíbles ou pode ocorrer, como pasa na canción popular galega, que van polo vento e veñen polo aire. Para que as palabras sexan creíbles, señor Lage, é necesario ter credibilidade; para ter credibilidade hai que ser capaces de xerar confianza, de xerar fiabilidade, e sabe vostede, señor Lage, que hoxe a confianza no Partido Socialista, loxicamente, non é un activo que cotice á alza. O Goberno de España ten un serio problema de credibilidade coa opinión pública española en relación coa xestión da crise

Ao marxen dos erros ou dos acertos, ese problema de credibilidade vén do intento de ocultar no primeiro momento o que todo o mundo vía que era unha realidade. A explicación deso, señor Lage, moi fácil: o pobo, a xente perdónalle ao político o erro; o que non lle perdona de ningunha maneira é a prepotencia ou o engano. Por eso, se vostedes queren aparecer agora como unha alternativa, se vostedes queren falar

de rexeneración da Compañía da Radio-Televisión galega, se vostedes queren erixirse en vixiantes do sistema, tendo en conta que acaban de gobernar e non fixeron nada deso que dicen, terían que empezar, para ser creíbles, por facer autocritica. (*Aplausos.*) Pero non só non fan autocritica, senón que os feitos demostran que vostedes non aprenderon nada nin teñen intención ningunha de rectificar. O esperpento do nomeamento por consenso do señor director da Compañía da Radio-Televisión galega é unha mostra de que a vostedes lles interesa máis a utilización política do tema que esa pretendida intención de rexeneración. Naquel momento nos sorprendeu a todos a manobra do seu líder político, do señor Vázquez, co vaivén de ir e vir, naquel momento nos sorprendía, hoxe xa estamos tan acostumbrados a que cambie continuamente de posición, a que non saiban donde está, que o que nos sorprendería sería que realmente mantuvera por unha vez o que dice.

Claro que hai que cambiar, señor Laxe, o marco normativo; hai que cambialo polos cambios acelerados que se están a producir, a velocidade tal que plantexamentos que fai un ou dous anos eran perfectamente correctos e de actualidade hoxe están completamente desfasados. Claro que hai que cambiar o sistema financeiro, pero, entre outras cousas, na Radio-Televisión galega pola situación de creba técnica en que vostedes deixaron o ente. Claro que hai que facer todos eses cambios, pero para facer esos cambios hai que ter a capacidade de facelos, hai que ter a determinación de facelos e hai que ter, señor Quintana, efectivamente, valentía; pero capacidade, determinación e valentía que vostedes non tiveron. E hai que ter vontade de facelos, que é a vontade que ten o Partido Popular de levalo adiante, como ben lle acaba de expoñer o señor conselleiro da Presidencia.

Pero non esquezna, señor Laxe, que para pontificar e para converterse en referente ético hai que estar libres de po e de palla, hai que estar libres de pecado. Recorde o mandamieto do catecismo do Padre Astete: *examen de conciencia, propósito de la enmienda, decir los pecados al confesor y cumplir la penitencia*, (*Risos.*) (*Aplausos.*) que, traducido á política, significa que hai que facer autocritica para ter a lexitimidade de criticar os máis.

E xa para rematar, señor Lage, en tono distendido, permítame contarlle unha anécdota. Cando se redactaba a Constitución de 1812, na proximidade do lugar donde estaban reuni-

dos os deputados constituíntes, había uns cegos que cantaban os triunfos dos xenerais españois nas batallas da Guerra da Independencia. Un día acercouse un viandante e preguntoulle a un cego: *Oiga, ¿y es que los franceses no ganan ninguna batalla?* Díxolle el: *Sí que las ganan, pero esas las cuentan los ciegos de Francia.* Sen autocrítica o que vostede nos propón respecto da RTVG, señor Laxe, sona a conto dos contos dos cegos de Francia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Baamonde.

Na rolda de réplica ten a palabra o señor Lage Tuñas.

O señor LAGE TUÑAS: Grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, señor Baamonde, eu creo que está ben sempre recoñecerlle a súa capacidade dialéctica e o ben que anima o Pleno, máis alá das consideracións que fai. Creo que confundir as cuestións de carácter relixioso ou as creencias de cadaquén, a historia, co que é o sistema institucional democrático do que nos dotamos, pois, bueno, pode estar moi ben para facer unha gracia pero, desde logo, denota que vostede ten cultura pero é un home do pasado. (*Risos.*) É un home do pasado que basa todo na confesión, no propósito da emenda. ¿Vostede sabe o que son unhas eleccións? Si, ¿verdade?, vostede foi alcalde, deputado e participa nas eleccións. (*Murmurios.*) Os cidadáns o 1 de marzo decidiron quen tiña que gobernar e a quen lle tocaba estar na oposición. Teño feito autocrítica nesta tribuna e non teño ningún problema en facela todas as veces que se me demande. Agora ben, quen responde diante dos cidadáns do que se faga dende o 18 de abril, que foi investido o señor Núñez Feijóo, ata o día que volva a haber eleccións, é o Goberno do que forma parte o señor Rueda.

Señor Baamonde, pode vir aquí a falar do pasado as veces que queira, auga pasada non move muíño. E vostedes, que levan falando de transparencia e de cumprir compromisos electorais, van por mal camiño, en primeiro lugar, porque o primeiro incumprimento foi cando nomearon de parte, fixeron un nomeamento de partido, co director xeral da Compañía da Radio-Televisión de Galicia. E, se vostede ten algunha dúbida, eu convidaría a que falara co propio director,

porque non quero eu desde esta tribuna dicir aquilo que lle corresponde ao propio director xeral da CRTVG. Agora ben, se siguen por esa dirección e nese camiño, terei que verme obrigado a explicar algunhas cousas que, por prudencia, esa prudencia da que vostede fala, señor Baamonde, en moitas ocasións, deberían de facer gala.

O señor Feijóo foi un trilero político, llo volvo a repetir, un trilero. E vostede debería de ser máis prudente, porque coas súas gracietsas ninguén vai esquecer que aquí no primeiro mes se incumpliu unha das promesas e dos compromisos electorais do señor Feijóo. O señor director xeral da CRTVG responde a unha decisión unilateral do Partido Popular de Galicia, nin máis nin menos. E a partir de aí vostede pase polo confesionario, pase polo confesionario do señor Sánchez Izquierdo, que llo explique e que llo conte, mellor que que llo conte eu, tanto que lle gustan os confesionarios e os curas.

Señor Rueda, gustaríame que explicitara un compromiso. Pedímoslle que no primeiro período de sesións deste ano, tal como lle demandamos na intervención inicial, trouxera aquí o Goberno un proxecto de lei para os medios de comunicación públicos de Galicia, que se aprobe a maioría reforzada para o director xeral ou directora xeral da compañía. Podemos coincidir nalgunhas das cuestións que vostede expuxo, pero a triste realidade é que hoxe estamos a vivir un dos peores períodos de manipulación por parte da RTVG.

Señor Rueda, vostede, que é o adalid da transparencia e dese algodón que lle dixen que se volvía cada vez máis sucio, terá que explicarlle a esta Cámara como se lle nega a un deputado –ao deputado que está na tribuna no uso da palabra– información que ten demandado sobre contratos da Compañía de Radio-Televisión de Galicia. Entrada no Parlamento 22-6-06: “Sen negar que a xestión da CRTVG e as súas sociedades estea na esfera de control do Parlamento e que os señores deputados, no cumprimento das súas funcións, poidan solicitar documentos dos que dispoña a dirección xeral e que esta poida entregar, cómpre indicar que os documentos sinalados teñen un carácter contractual e non se pode dispoñer se non é coa autorización da outra parte que contratou coa CRTVG”. Se lle está negando a este deputado información sobre os contratos que fai a Compañía de Radio-Televisión de Galicia, ente dependente da Xunta de Galicia. Vostede, que é o adalid da transparencia, ¿que di a todo isto? Se

nos nega canto costou a presenza dun cronista da prensa rosa que ten por mérito publicar dous libros sobre a vida dos ricos. Pero ¿que problema teñen con que saibamos cando cobrou esa persoa por participar nun programa? ¿Por que non son transparentes e traen á Cámara a información que este deputado lles demandou? ¿Por que non pode saber o Parlamento de Galicia os contratos artísticos que están firmados na CRTVG?

Señor Rueda, rectifiquen de inmediato. Pídlle que rectifiquen e que entreguen a documentación á Cámara, que remitan un proxecto de lei...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Lage.

O señor LAGE TUÑAS:... —remato, señor presidente— e pídlle ao señor presidente do Parlamento o amparo como deputado para que faga valer os dereitos deste deputado e de calquera outro deputado ou deputada para que se nos facilite a información que temos solicitado. O Goberno ten un compromiso dende a investidura do presidente da Xunta. As caretas van caendo, a información se lles nega aos deputados no Parlamento.

Señor Rueda...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas.

O señor LAGE TUÑAS:... pídlle que rectifiquen, porque é unha mostra clara da falta de transparencia, e é un feito moi grave. Explique por que non se poden coñecer...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Lage.

O señor LAGE TUÑAS:... os contratos que asina a CRTVG. ¿Que hai detrás diso? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Lage. Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas gracias, señor presidente.

Señor Baamonde, eu, igual que o señor Lage, lle recoñezo que vostede ten gran capacidade dialéctica, lle recoñezo que, ademais, vostede anima os plenos; pero encima lle vou recoñecer algo que el non foi capaz: dixo verdades como puños, por eso se molestou tanto. (*Aplausos.*)

Mire, señor Lage, ao final, perdón que llo diga, con todo o respecto —como intento decirllo todo sempre—, como vostede..., sempre é o mesmo, me fai preguntas que, en principio, oiga, a min me parecen moi ben. É lóxico que vostede queira saber qué planes temos para facer todo o que non fixeron vostedes en catro anos respecto aos medios públicos galegos. Eu lle intento responder e a vostede, na réplica, todo eso dálle igual, vai ao de sempre. Eu creo que lle dixen cousas pois que será bo debater e para eso é o Parlamento. Lle falei de futuro, lle falei de fórmulas financeiras, lle falei do que queremos facer, lle falei dunha serie de leyes, e vostede, bueno, pois, en fin, creo que todo o mundo xa pudo ver ao que se dedicou.

Nos amenaza agora con que o señor Sánchez Izquierdo nos diga a verdade. Oiga, xa sabemos a verdade perfectamente, quen me temo que non a sabe é vostede. (*Murmurios.*) E constato outra vez que o seu partido hai moitas cousas que non lle conta, señor Lage; pregúntelles por que. Dígalle ao partido que lle conte a verdade, e non nos amenace co señor Sánchez Izquierdo, que o consideramos, afortunadamente, moito máis intelixente do que vostede parece consideralo, viñendo a falar aquí del e poñendo na súa boca..., parece que lle dixo cousas que non son verdade. Que lle diga o seu partido exactamente o que pasou, aínda que creo que o señor Baamonde llo explicou perfectamente.

Mire, señor Lage e señor Quintana, agora nos enteramos... Vostedes me decían que non falara do pasado, pero é que son vostedes os que nos fan sempre volver ao pasado. Agora constatamos que resulta que cada un de vostedes ten unha lei e ten un texto e ten na cabeza o que hai que facer para arreglar os medios públicos. Xa tiña todo eso. Entón a pregunta é: ¿por que non se puxeron de acordo cando se supoñía que gobernaban xuntos durante o bipartito e presentaron eso no Parlamento? ¿Por que non fixeron absolutamente nada? ¿Por que, se cada un tiña unha idea, non a consultaron, fíxeron de goberno por unha vez e presentaron un texto en algo tan transcendental? Lle vou a dicir por que: porque non se poñían de acordo. Nesto, como en todo, non foron

capaces, e agora pretenden vir a decir que, se non o facemos nós, o van facer vostedes. Mire, pois lle digo unha cousa: como é un compromiso electoral o imos cumprir, o imos a facer. Anunciei tres leis, xa lle anuncio que a primeira –creo que a máis urxente–, a Lei de comunicación e publicidade institucional, vai ser presentada por un goberno, o Goberno galego, neste Parlamento, antes de que remate a primeira metade desta lexislatura; e despois virán as outras, xa verá, como un proxecto dun goberno, falado por todo o mundo; dun goberno que se pon de acordo e non de dous partidos que están na oposición, que xa non se acordan que gobernaron xuntos e que durante ese tempo foron incapaces de pactar e presentar todo aquilo que era importante para Galicia.

Señor Lage, vamos a ver, vostede me falaba de que é importante a limpeza nos medios, que non volva ao pasado. Mire, téñollo que recordar outra vez: é que o que queremos impedir –e por eso queremos reformar os medios públicos– é que volva a pasar que na campaña electoral, en quince días –non é tanto pasado, pasou hai un ano aproximadamente–, doce resolucións da Xunta Electoral dixeran que estaban incumprindo vostedes o pluralismo nos medios; incumprindo vostedes cos representantes políticos que puxeron ao fronte dos medios públicos, cousa que non vai pasar agora. Por moito que vostede desprece os que están, é bo que se coñeza a opinión que ten vostede dos profesionais que están agora na Televisión de Galicia. Nós os consideramos profesionais, cremos na súa independencia e a imos a respectar, e por eso queremos facer leyes que reforcen todo ese marco normativo. É o que lle intentaba explicar, pero é o que vostede, dende logo, se nega a entender sistematicamente.

E, señor Quintana, claro que estamos de acordo en que os medios públicos galegos teñen que traballar, entre outras cousas –e lle agradezo ademais o tono da súa intervención–, na galeguidade. Pero a galeguidade, por exemplo, se reforza a través do mecanismo do instrumento da publicidade, que é moi importante, primeiro, para promocionar a lingua galega; segundo, para que os nosos empresarios se poidan publicitar; por outros medios o terían moito máis difícil porque sería moito máis caro; en definitiva, para ensinar o noso. Pero tamén lle recomendo ou lle pido que se poñan de acordo, polo menos cos membros que están en representación do Partido Socialista no consello de administración. Eles están decindo tamén que é necesario reforzar a publicidade. Agora o señor Lage dixo aquí

na súa primeira intervención que o que hai que facer é recortala. E falando de recortar, xa me dirá vostede como se conxuga esa necesaria promoción do noso, da galeguidade nos medios públicos, co tixeretazo que se lle meteu durante o bipartito a todo o que era programación infantil –e quen teña fillos o sabe perfectamente–, e como se compaxina todo iso con mandar a horarios de noite, a horarios secundarios, todo o que se refire á programación cultural. Iso pasou, afortunadamente; estamos intentando arreglalo e xa se está vendo.

Teño que lle dicir que o informativo do mediodía, o telexornal, está no 35% de *share* agora mesmo, será que se está recuperando a credibilidade nos medios galegos e será que esa é a mellor forma de promocionar uns medios públicos, independentes, ben financiados e que teñan futuro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Rueda.

Suspendemos a sesión ata as...

Si, señor Lage, ¿para que quere o uso da palabra?

(O señor Lage Tuñas pronuncia palabras que non se perciben.)

¿Cal é a desorde?

O señor LAGE TUÑAS: A desorde é que *(O señor Lage Tuñas pronuncia palabras que non se perciben.)* ... ao amparo do presidente do Parlamento, rógolle ao presidente do Parlamento...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Por favor, déanlle voz ao micrófono do escano do señor Lage.

O señor LAGE TUÑAS:... rógolle ao presidente do Parlamento, teño solicitado o seu amparo na tribuna, dado que non se facilita a este deputado a información que ten requirida; é un dereito dos deputados e das deputadas acceder á información dos entes e sociedades, así como do conxunto da Xunta de Galicia, e estáselle negando a este Parlamento e a este deputado coñecer os contratos da Compañía de Radio e Televi-

sión de Galicia cun cronista da prensa rosa e todos os contratos artísticos da CRTVG.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Señor Lage, non volva repetir o que expuxo xa no debate. O presidente tomou nota da súa reivindicación e actuará en consecuencia. Non se pre-ocupe.

Suspéndese a sesión ata as 16.30 horas, as catro e media da tarde.

Máis nada e moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás dúas e dezasete minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e catro minutos.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Señoras deputadas, señores deputados, reiniciamos a sesión.

Interpelación de D.^a María do Carme Adán Villamarín e D. Bieito Lobeira Domínguez, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria sobre o denominado Decreto do plurilingüismo

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, señor presidente.

Boas tardes a todas e a todos. Boas tardes, señor conselleiro de Educación.

Comezamos esta interpelación cunha pequena cita do presidente do Goberno de Galiza; di a unha pregunta formulada por un xornalista o 3 de xaneiro de 2010: ¿que cousas cambia o novo decreto?, polo entón chamado novo decreto, agora bases, e di: “o que facemos é archivar a estéril discusión sobre os idiomas de Galiza e introducimos unha nova ambición colectiva que é o plurilingüismo”. Efectivamente, archivamos a discusión sobre as linguas, pero a sociedade nunca falou tanto sobre as linguas, nunca falou tanto sobre o galego como no último mes, e hoxe imos falar diso, da lingua galega.

Eu vou facelo baixo tres premisas, que quero deixar claras xa dende o primeiro momento. Primeira premisa: as linguas son

algo máis que ferramentas comunicativas; aínda sendo poderosas ferramentas comunicativas, son exactamente para nós a casa na que se constrúe o ser humano; son o que nos permite crear cultura e deixar atrás a natureza cega; por iso as linguas apréndense a través do contacto con elas, no contorno escolar e tamén no extraescolar; isto significa que a lingua socialmente prevalente dispón de moitos máis mecanismos e dispositivos e recursos engadidos para ser aprendida.

Segunda premisa: a Lei de normalización lingüística e posteriormente o Plan xeral teñen no espírito e na letra como obxectivo fomentar o uso da lingua galega, e para tal fin capacitar ao alumnado para ter plena competencia nunha lingua na que o contorno extraescolar lles priva de recursos lingüísticos, sempre seguindo o principio de progresividade.

Terceira premisa: hoxe non imos debater sobre aprendizaxe das linguas estranxeiras; cando queira falamos en serio sobre ese tema, porque efectivamente aí si que vai atopar os nacionalistas apoiando calquera proposta que sexa mellorar as ratios, a metodoloxía, os recursos escolares, os laboratorios de idiomas, as melloras nas seccións e as ampliacións das seccións que xa existen e que veñen funcionando; mellorar os intercambios escolares co estranxeiro –que vostedes teñen detidos–, ampliar as prazas para o programa PALE e volver ás escolas de idiomas antes da Circular 5/2009. E unha longa lista que teríamos para mellorar efectivamente, de existir vontade por parte da Consellería de Educación, a ensinanza das linguas estranxeiras.

Pero consideramos que nun decreto para promocionar a lingua galega non ten cabida falar da aprendizaxe e das melloras das aprendizaxes das linguas estranxeiras, sendo este un tema importantísimo para os nacionalistas, porque, efectivamente, a nosa vontade é mellorar o ensino público. Dende logo que entendemos perfectamente que o señor Feijóo lles recrimine aos Maristas, onde estudou, o seu nivel de inglés; podemos comprendelo; tamén outros non tivemos pois a posibilidade igual e os medios, por vivir noutra xeración, de acceder ás ensinanzas dos idiomas, pero efectivamente temos as escolas de idiomas neste momento, e lembrar que tamén temos unha magnífica Facultade de Tradución e Interpretación, de necesitar o Goberno nalgún momento dos seus servizos.

E xa para non determe, chegamos ás bases estas e ao documento das bases que vostedes presentan –lémbrolle–, unha

tarde de 30 de decembro, con moita chuvia, aos medios de comunicación, logo de todos uns meses falando a respecto da lingua galega en termos como lle recordo –filete duro ou muro–; teño aquí os artigos, porque efectivamente podo darlle exactamente incluso a data na que vostede fai esas afirmacións.

Este documento, desde que se pon en circulación, ¿con que nos atopamos? Os movementos de renovación pedagóxica. Todos os movementos falan en termos como: abandónase a concepción das linguas e téndese á configuración de comunidades lingüísticas diferenciadas; o resultado dunha política lingüística destas características para o ensino só pode ser o conflito e a segregación.

Sindicatos, CIG: grandes retrasos no fomento da lingua, incremento do fracaso escolar; convócase un paro, que tivo un éxito total –que vostede ben sabe–; isto é, o decreto do PP, o decreto contrario á normalización do galego, recorta os dereitos das persoas galegofalantes e afondará no fracaso escolar. UXT: as bases do decreto son confusas no fondo, impresentables na forma. Comisións: non ve posibilidades de negociar e posiciónase contra o decreto. Federación de Relixiosos de Ensinanza de Galiza, a principal patronal privada de colexios católicos: rexeita o decreto, reclama máis galego e oponse a que elixan os pais. Diferentes federacións de ANPA, diferentes ANPA a nivel individual posiciónanse contra o decreto; simplemente vou ler a Federación Compostelá de ANPA: rexeitamento a un modelo de ensino das linguas no que o Goberno renuncia a exercer o seu papel e defender o galego, como lle atribúe o Estatuto de autonomía; a sorpresa polo amplo descoñecemento da situación na que se atopa; decepción pola oportunidade perdida para mellorar a educación.

As tres universidades galegas ao unísono: con estas bases non se asegura a competencia necesaria en lingua galega, nin se garantirá a equivalencia de coñecementos ente o galego e o castelán ao remate do ensino obrigatorio. Xulgamos que deben ser as autoridades educativas as que establezan os currículos educativos e que regulen o emprego das linguas vehiculares do ensino.

Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo, Asociación de Escritores, editores en contra. Declaración da Xunta de Facultade de Ciencias da Educación da

USC; din: retiren o actual documento de bases para uso do galego no ensino por manifestarse inadecuado; incluso di: contrario aos criterios pedagóxicos para o fomento da lingua galega e tamén das linguas estranxeiras.

Posicionamento de diferentes claustros do profesorado; dígalles aos seus directores xerais que llos pasen, porque xa os enviaron á consellería. Leo simplemente –aprobado por unanimidade– un párrafo: todos os pasos dados pola actual Consellería de Educación e polo Goberno actual da Xunta camiñan perigosamente cara ao fortalecemento dos vellos prexuizos e desprezo da nosa lingua.

Coordinadora de Traballadores de Normalización da Lingua Galega, Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e de Dinamización Lingüística: mostran unha análise de por que é un claro retroceso no fomento da lingua galega.

Máis de 50 xuristas presentan unha análise xurídica das bases nas que se di que é preocupante o descoñecemento do Goberno galego sobre o marco constitucional e estatutario. Poderíamos ir polo miúdo, onde se di que se trabuca ao entender que do dereito fundamental á educación non se deriva a existencia dun dereito á elección lingüística.

Sentenza do Tribunal Constitucional e diferentes sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza: que existe un erro polo cal confunden a competencia lingüística cunha cuestión de horarios, dado que o que se pretende é a competencia lingüística plena en lingua galega, non un –digamos– reparto horario. Aínda máis, critican neste aspecto a base legal para que os nenos, as nenas, mozos e mozas, se poidan dirixir ao profesorado noutra lingua diferente da cal se estea impartindo a materia, como por certo as bases recollen respecto ao inglés, non respecto ao galego.

Consello da Cultura Galega, ditame que atende aos aspectos sociolingüísticos e educativos, é demoledor, onde se salientan as fortes contradicións que existen nestas chamadas bases.

Real Academia Galega: o proxecto gobernamental denominado bases é inaceptable, inconsistente legalmente, que o seu contido entra en contradición coa letra e o espírito da Constitución e do Estatuto; é irresponsable no sentido estrito de que o Goberno non asume as responsa-

bilidades da Administración educativa, confuso e non rigoroso, co perigo de converter a cuestión lingüística nun motivo de permanente conflito na sociedade galega; é insólito desde o rigor pedagóxico e sociolingüístico; inaceptable, inconsistente legalmente, irresponsable e insostible desde o rigor pedagóxico e sociolingüístico; isto é o que aquí se afirma no informe da Real Academia Galega.

É dicir, catro “i”, “i” ao caldeiro + 1 –como a vostedes lles gustaría dicir–. Por iso interpelamos: ¿que criterios se utilizan nesta redacción destas bases?

Por certo, sabemos os criterios. Aquí traio a resposta á miña pregunta dada polo secretario xeral: “foi complexo elaborar o decreto porque o PP é un partido grande, con moitas opinións”; logo, non se elabora un decreto para fomentar a lingua galega, senón que se elabora un decreto para contentar aos intereses do Partido Popular; é dicir, este é un decreto feito e mirando cara a Madrid.

Inaceptable, inconsistente e irresponsable, insostible; esa é efectivamente a xestión do seu departamento. Estes catro “i” –como eu dicía– son os que resumen a súa política lingüística, tamén toda a súa política educativa. Agardamos que agora nos explique no seu turno, efectivamente, cales son os criterios, como pensa garantir a competencia plena en galego, dado que vostede se comprometeu a facelo neste Pleno.

Pero para que vexa que tamén hoxe, que non queremos que se..., sabemos que un día que se sente moi atraído pola alfombra vermella na entrega dun premio, tamén nós queremos agasallalo. Traio un libro –que agardemos que poida disfrutar coa súa lectura–, recentemente publicado: “55 mentiras sobre a lingua galega”, que esperemos que disfrute e que entenda e que sexa quen de escribir unha páxina distinta para a lingua galega. O que leva feito nestes últimos dez meses non sei se o xulgará a historia, eu creo que si. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Adán Villamarín. Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, o señor Vázquez Abad.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Grazas, señor presidente.

Señorías, boas tardes.

A Xunta de Galicia actuou con responsabilidade e con vontade de diálogo ao presentar as bases para a elaboración do Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Como lembrou a deputada do Bloque, o pasado 30 de decembro fixéronse públicas as bases do denominado Decreto do plurilingüismo; como se dixo entón, o Goberno galego cumpriu así o compromiso de ter presentado o seu modelo lingüístico para o ensino, co obxectivo de que entre en vigor no curso 2010-2011, xa que entón estará derogado o Decreto 124/2007, polo que o bipartito regulou en solitario o uso do galego no sistema educativo.

Mentres o anterior Goberno fixo o decreto sen escoitar nin á oposición, nin ao Consello Consultivo, nin á Real Academia Galega, nin ao Consello da Cultura Galega, a actual Xunta tivo moi en conta o mandato dado pola maioría dos galegos nas últimas eleccións, e tamén habilitou un proceso de consulta para dar voz a todas as institucións, así como ás forzas políticas e ás organizacións sociais e culturais do país.

O texto sometido á opinión e propostas foi elaborado baixo a premisa de garantir a competencia lingüística dos alumnos en galego e castelán –para que coñezan e poidan empregar as dúas linguas oficiais de Galicia en liberdade–, o equilibrio entre o galego e o castelán e a entrada progresiva dunha ou máis linguas estranxeiras no ensino e por suposto a promoción da lingua galega.

As bases do Decreto de plurilingüismo responden, en primeiro lugar, a un mandato legal, o que emana da propia Constitución, do Estatuto de Galicia e da propia Lei de normalización. En segundo lugar, a unha demanda social, a expresada polos cidadáns nas urnas e polos pais e nais na consulta sobre as linguas, onde quedou de manifesto o rexeitamento do decreto do bipartito e a demanda dun novo decreto que garanta o equilibrio entre linguas, principio que inspira este novo texto. E as bases responden tamén a unha realidade educativa: trasladar a normalidade e o equilibrio lingüístico das rúas ás aulas e preparar as xeracións futuras para un mundo cada vez máis globalizado e máis competitivo.

Ben, despois desta breve introdución, comezo a contestar máis polo miúdo as preguntas que se formulan nesta interpelación, e espero que a miña resposta satisfaga o seu interese por este asunto.

As bases para a elaboración do Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia propoñen un novo marco normativo para un ensino de calidade na nosa Comunidade Autónoma. Quero constatar que a súa finalidade é lograr que o alumnado remate a súa formación escolar cun dominio efectivo das dúas linguas oficiais. Polo tanto, resulta claro e manifesto que podemos falar dun interese pedagóxico fundamental, o que está baseado na competencia lingüística plena en galego e castelán, de acordo co mandato da legalidade vixente, particularmente da Lei de normalización lingüística e do Estatuto de autonomía de Galicia. Estou convencido de que este interese é compartido polo conxunto das forzas que integran esta Cámara e por toda a sociedade galega.

Pois ben, para o actual Goberno galego as bases de elaboración do decreto aseguran unha porcentaxe estable das linguas na que se imparten as materias en todos os niveis educativos, co correspondente equilibrio horario. Desde educación infantil ata o ensino postobrigatorio, bacharelato e formación profesional establécese unha regulación de convivencia lingüística equilibrada, definida no propio texto do decreto, e que garante unha competencia plena tamén tanto en galego como en castelán. Ademais, apóstase pola capacitación efectiva do alumnado no dominio das linguas estranxeiras, nomeadamente do inglés, unha materia pendente do Goberno galego, para adaptarse ás novas necesidades sociais do contexto no que vivimos.

O criterio para a consecución deste obxectivo é o establecemento de medidas de carácter progresivo, tendo en conta os recursos reais dos centros educativos para ofertar as materias en lingua estranxeira, así como a competencia do alumnado para adquirir coñecementos nun idioma distinto dos dous oficiais.

Xunto co interese pedagóxico de que o alumnado adquira unha competencia lingüística plena e semellante en galego e castelán, na redacción das bases do decreto tívose en conta o criterio de promoción da lingua galega. Trátase dunha medida que responde á situación sociolingüística da nosa Comunidade e coa que se pretende favorecer a igualdade plena

entre o galego e o castelán, recuperar o prestixio da lingua propia de Galicia e mais favorecer o seu uso e coñecemento.

Permítame salientar neste punto que unha parte importante do currículo ten como lingua vehicular a propia de Galicia, o que ao noso xuízo garante unha competencia efectiva en galego por parte do alumnado.

Ademais, quero ser claro e rotundo ao manifestar que as bases do Decreto do plurilingüismo introducen elementos específicos de promoción do galego, co fin de favorecer a súa adquisición e uso por parte de toda a comunidade educativa.

Os centros de ensino, particularmente a través do proxecto lingüístico de centro e dos equipos de dinamización da lingua galega, aseguran a potenciación do galego fóra do currículo. Por primeira vez introdúcese nos equipos a participación de nais e pais, co fin de asegurar a integración activa das familias na promoción do idioma.

Nesta mesma liña de promoción da lingua propia de Galicia, ademais de garantir que o alumnado alcance a competencia lingüística propia do nivel educativo en ambas as dúas linguas oficiais, na formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas as bases do decreto prevén a garantía de que as nosas rapazas e rapaces coñezan en todos os módulos o vocabulario específico en galego, co fin de coñecer o dominio lingüístico do alumnado nas dúas linguas oficiais de Galicia.

A disposición segunda das bases do Decreto de plurilingüismo establece a avaliación do grao de competencia en galego e castelán. Quero facer constar que, deste xeito, por primeira vez –repito: por primeira vez–, a Consellería de Educación establecerá un procedemento de avaliación para as etapas de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria como garantía de consecución progresiva da competencia semellante en ambas as linguas.

Este proceso de avaliación da competencia lingüística do alumnado será recollido nunha orde ou circular posterior que redactará a consellería responsable en materia de educación; o dito mecanismo establecerá un sistema de avaliación independente que permita coñecer a competencia do alumnado nas dúas linguas oficiais de Galicia, galego e castelán.

O borrador do decreto do plurilingüismo está dirixido á maioría da sociedade galega, que desexa un modelo lingüístico e educativo equilibrado, nun marco legal perdurable no tempo.

Reitero que o texto presentado polo Goberno galego construíuse tendo en conta a opinión das familias expresada na consulta do pasado mes de xuño e someteuse a un proceso de escoita e diálogo coas forzas sociais e políticas, co fin de lograr o maior consenso posible na súa redacción definitiva.

Señorías, xa se ten dito nesta Cámara: a Xunta de Galicia está a traballar nun marco institucional estable no que se promove a lingua galega desde estratexias planificadas e nun marco que garanta a boa convivencia e o respecto dos dereitos das persoas. Non se están dando pasos atrás no proceso de desenvolvemento do galego. O que se está a facer, coas bases do Decreto do plurilingüismo, é precisamente garantir que o alumnado adquira unha competencia lingüística plena e semellante en galego e en castelán. Ambas as linguas son cooficiais en Galicia e os cidadáns teñen que poderlas usar libremente.

Xunto ao obxectivo de conseguir que o alumnado galego saia da escola coñecendo o galego e o castelán, o texto incide tamén en valores como o respecto á liberdade, cumpre as normas legais establecidas e atende as demandas sociais, e por iso este Goberno quixo presentar á sociedade galega un proxecto máis ambicioso que permite iniciar un proceso que implique que os nosos cidadáns adquiren competencias reais noutras linguas estranxeiras.

O plurilingüismo parte dunha concepción de Galicia como un país integrado en España e no mundo...—perdón— de hoxe. O Goberno galego é consciente do carácter bilingüe de Galicia, ao tempo que entende que o decreto, que promulga recuperar o equilibrio entre as dúas linguas oficiais, debe tamén abrir a porta á progresiva ensinanza do inglés ou doutras linguas estranxeiras, sen que iso signifique equiparalas co galego e co castelán.

Estes son os criterios e os principios que inspiran as bases do Decreto do plurilingüismo e que por suposto cremos que serán enriquecidas coas incorporacións que se realizarán a partir das suxestións que algunhas institucións e organizacións tiveron a ben facer.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor conselleiro.

Polo Grupo dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Meijón Couselo.

O señor MEIJÓN COUSELO: Señor presidente, señorías.

En primeiro lugar, señor conselleiro, como exemplo de *fair play*... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Siga, siga, señor Meijón.

Por favor, sérénense todos, por favor, que estamos escomenzando a sesión de tarde.

Prosiga, señor Meijón, prosiga.

O señor MEIJÓN COUSELO: Señor conselleiro, como exemplo de *fair play*, quixera felicitalo polo premio que lle acababan de conceder á liberdade da ensinanza —un premio creado expresamente para vostede— pola Federación Autonómica de Centros de Ensino Privado; será que o miran un pouco abatido; non vou entrar no concepto que leva implícito tal premio, tan só apuntar que quero pensar que tal concesión non ten nada que ver co incremento dos orzamentos para o ensino privado, en detrimento do público, nin coa volta dos concertos aos centros que segregan por sexo, nin tan sequeira co futuro da lingua galega. De todas formas, felicítooo (*Aplausos.*)

Falemos, señor conselleiro, da nosa lingua. Ben sabe vostede que podería facer facilmente un relatorio dos múltiples dislates das bases que vostedes veñen de presentar e que preludian o novo decreto. Mesmo podo afirmar, sen errar, que ten vostede perfectamente identificados tales erros, despois de ver a cantidade de manifestacións, análises, informes na súa contra; outra cousa é pretender que vostede mo recoñeza, ben sei que non o pode facer, porque entre outras cousas o cesarían de inmediato.

Os graves defectos e fondas incoherencias do texto foron repetidamente postas negro sobre branco desde unha gran maioría dos sectores sociais, colectivos de docentes, nais e

país de alumnos, asociacións xurídicas, plataformas e colectivos cidadáns, institucións de prestixio, a Facultade de Ciencias da Educación, o Consello da Cultura, a Real Academia Galega, por non falar da manifestación onde houbo a maior participación que se recorda en Galicia.

Non lle digo nada no que respecta á utilización perversa da aprendizaxe das linguas estranxeiras, mesturado cun decreto de normalización, porque pode ser que non toda Galicia estea en contra da xeneralidade das bases que vostede presentou, pero pódolle aseverar que, si, toda Galicia está en contra dos criterios que alí figuran respecto do sistema para o fomento das linguas estranxeiras; un sistema que, de levarse adiante —e vostede o sabe—, sería unha estupenda fórmula de incrementar o fracaso escolar xeneralizado; cecais por iso non existe no mundo unha estratexia semellante na aprendizaxe de idiomas estranxeiros.

Por non dicir que, namentres se lles enche a boca falando da necesidade, por todos compartida, de optimizar a aprendizaxe de linguas estranxeiras, coas súas actuacións dende a súa chegada ao Goberno están a tomar iniciativas exactamente no sentido contrario; están vostedes a rachar cun grande esforzo cara ao sistema educativo público realizado polo anterior Goberno, e moi especialmente no campo das linguas estranxeiras.

E non falemos xa do que respecta aos recursos humanos. Hoxe en día, hoxe mesmo, señor conselleiro, os sindicatos acaban de dicirlle que a oferta pública de emprego docente, a que vén de presentar, é a máis raquítica dos últimos cinco anos —e porque non seguiron mirando atrás—.

E con respecto a medidas regresivas no tocante á aprendizaxe de linguas estranxeiras, a última, denunciada hoxe na mesa sectorial polos sindicatos, relativa á supresión de axudas e intercambios escolares no estranxeiro, que afecta a máis de 100 centros educativos. E como sabían vostedes deste tema e desta interpelación, seguramente por iso na mesa sectorial non se presentou ningún responsable da consellería con capacidade de contestar a esa pregunta; a resposta foi encollerse de ombros e dar traslado.

Por non falar das escolas oficiais de idiomas, da rebaixa do 30 % de formación do profesorado, etc., etc.

Por iso, señor conselleiro, vou aproveitar esta intervención dende a fortaleza moral de quen entendemos que a política non é o oficio de quen se adican a derrubar pontes e dende quen pretendemos mil primaveras máis para a nosa lingua.

Dixémosllo na reunión que mantivemos con vostede; o PSdeG-PSOE non ten que amosar o seu compromiso respecto do consenso lingüístico; os socialistas sempre estive-mos presentes en todos e cada un dos consensos que se deron en Galicia respecto da nosa lingua; por iso entendemos que debemos indicarlle ao Partido Popular, con firmeza e convicción, que, se de verdade pretende propiciar un novo consenso, as condicións, o marco e as fórmulas que están a propoñer están moi lonxe, señor conselleiro, de ser as idóneas.

Pero vostedes semellan estar unicamente na estratexia de romper todas as pontes posibles de encontro; vostedes, mesmo neste Pleno, acaban de votar en contra dunha moción socialista que recollía unha gran iniciativa do Consello da Cultura Galega, unha proposta que pretendía, dende a xenerosidade colectiva, facer unha chamada á cordura política e polo tanto pretendía deslocalizar, borrar do mapa o actual conflito lingüístico e situar a nosa lingua na orixe do último gran consenso, o Plan xeral de normalización. Vostedes coñecen ben que esa sería unha gran aposta e, sen embargo, dedicáronse a romper esa ponte.

Estamos dispostos a partir de cero; dixémosllo aquel día, que cada grupo aporte nesa comisión os documentos que precise. O Consello da Cultura Galega, a Real Academia, os especialistas, que todos os que poidan aportar participen nesa comisión. E o afán non debía de ser outro que conseguir un texto que, como dixo o señor Celso Currás, antecesor seu, conselleiro de Educación do Partido Popular, dicía do Plan xeral: a que aspire a ser de todos e para todos, punto de encontro e vontade común compartida de manter vivo este patrimonio herdado dos nosos antepasados, que Castela cualificaba como a maior creación do noso pobo. Iso dicían vostedes recentemente.

Gustárame que vostedes se sentiran cómodos coas súas propias intervencións, pero sinto que non pode ser así. Racharon vostedes neste Pleno coa súa votación en contra desa ponte. ¿Por que? Porque están vostedes abducidos por un

presidente da Xunta que entende que a lingua do noso país lle supón un estorbo na súa carreira política fóra de Galicia; (*Aplausos.*) esa é a verdadeira razón e ese é o pecado da lingua galega: estorbarlle ao seu presidente para facer a carreira política fóra deste país. Un presidente que utiliza a maioría absoluta –por un deputado, que non en suma de votos–, que utiliza esa exigua maioría absoluta como poder absoluto, un presidente que por primeira vez na historia racha contra máis do 50 % dos votos que lexitimamente representan as forzas da oposición, nin sequera respecta a opinión –creo eu– do seu propio grupo político.

En educación adoitamos, señor conselleiro, falar moito de igualdade, de equidade, de educación diferencial, de atención á diversidade, sabedores de que non existe maior inxustiza pedagóxica que tratar de modo igualitario a quenes parten de disímil condición. Pois así pasa coas linguas: sabemos da fortaleza do castelán, e non nos parece mal esa fortaleza, mesmo a contemplamos con sa envidia, pero queremos o mesmo para a lingua galega; dicíao o señor conselleiro de Educación, o señor Currás, tamén naquel setembro do ano 2004.

Mais, a pesar do moito que se leva feito, non seríamos obxectivos se non admitísemos a existencia de problemas que lle afectan á saúde da lingua galega, e de aí xurdiron as accións do Plan xeral de normalización lingüística, señor conselleiro, si, ese plan que indica que alomenos o 50 % da docencia ten que ser en galego, porque ese é o plan que garante o equilibrio, señor conselleiro.

Moito falan vostedes de equilibrio; quen garante ese equilibrio é o plan, e non fai falla que o digamos nós, dicíano vostedes, dicíao a señora Seijas, portavoz do Partido Popular. Hai que dicir –comentaba esta señora na súa intervención, nesta mesma Cámara– que este plan logra o equilibrio necesario coa nosa realidade social, para defender e promover gradualmente o galego; logra o equilibrio –dicía o Partido Popular– para que a súa aceptación e normalización sexan cada vez maiores desde a gradualidade, a tolerancia e o respecto ao noso Estatuto de autonomía e tamén respecto á nosa Constitución e á legalidade. Iso dicíano vostedes, claramente, e o Decreto 124 era absolutamente leal co Plan xeral de normalización lingüística, señor conselleiro.

Señorías, os galegos e as galegas estallan a pedir que finalicen coa guerra que teñen declarada á nosa lingua, estallan

a pedir que rematen coa súa aposta polo conflito lingüístico, e non lle piden máis do que vostedes dicían no ano 2004. Atenda, señor conselleiro, dicían vostedes: non queremos ver no galego unha lingua de confrontación nin unha ferramenta de conflito. ¡Manda carallo!, ¿verdade?, o que dicían vostedes daquela.

Miren, o verbo “consensuar” é un verbo importante, é un verbo absolutamente necesario no tema da lingua. Pero, curiosamente, o verbo “consensuar” é un verbo complexo, de entrada é un verbo de exclusión, señor conselleiro; porque consensuar exclúe palabras como “derrota” e tamén exclúe palabras como “vitoria”; porque consensuar tamén exclúe a imposición de parte, consensuar exclúe a imposición de calquera das partes, e non vale escudarse nos programas de cada un como “ou todo ou nada” senón é para rachar, señor conselleiro. O verbo “consensuar” implica tamén abandono, o verbo “consensuar” implica abandono das diferenzas, abandono do que nos separa; en suma, o verbo “consensuar” implica abandono do propio para buscar o común. Se vostede pretende conxugar así o verbo “consensuar”, benvido sexa, pero coa práctica nos está a amosar que non é así. Acepte vostede esa comisión, acepte vostede que todos e todas participemos dese desenvolvemento do Plan xeral de normalización e fará unha boa cousa por Galicia e pola nosa lingua.

Permítame finalizar cunha cita de Cunqueiro: “Cada lingua move a súa alma e cada lingua é un mundo. Visión, expresión e posesión do mundo polos galegos, isto é, a lingua galega que temos os galegos, e non temos maior ben, que só un xeito hai de coñecer e é pola visita, e só un xeito ou medio hai de permanecer no coñecemento, que é pola palabra”. Permanecemos pola nosa lingua; que ela permaneza agora por nós levándoa á liberdade para a que imos.

Máis nada e moitas grazas, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Meijón.

Polo Grupo Popular ten a palabra o señor Rodríguez González.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Boas tardes, señor presidente.

Señorías.

Señor conselleiro.

Bueno, é pouco crible o esforzo que estiveron a facer as dúas forzas da oposición intentando presentar este debate como unha cuestión pedagóxica, formativa, académica, ¿non? Este esforzo non cadra para nada co seu facer dende o primeiro día que se presentaron as bases do decreto; ou mesmo podiamos ir máis alá, dende case o momento da vitoria electoral do Partido Popular.

Téntase, con moi pouco éxito, intentar envolver nun tapiz pedagóxico ou académico-técnico un debate que é claramente político. E este debate claramente político ten uns indicios moi claros; os primeiros indicios pois son as innovacións políticas nas manifestacións preventivas que se fan a un Goberno que aínda non tiña tomado posesión. Hai unha oposición frontal a unha enquisa feita aos pais, un boicot activo, mesmo incluso houbo denuncias xudiciais; sen embargo, veuse que tivo unha altísima participación e veuse os resultados que tivo.

Cando se pon en marcha este decreto, esa noite de tarde chuviosa ou esa tarde chuviosa —como poeticamente dixo a señora Adán—, pois houbo unha manifestación —entre comillas— “espontánea”, ¿non?, e empezaron as declaracións incendiarias; o máis suave quizais fora o que dixera pois o señor Lobeira, ¿non?, pedindo a dimisión do secretario xeral de Política Lingüística. Bueno, ponse en marcha toda unha maquinaria, ponse en marcha unha manifestación dun grupo, “Queremos Galego”, o 21 de xaneiro. Toda a maquinaria, fundamentalmente do BNG, se pon en marcha, sumándose os que eles definían como os de atrás, que eran os do PSOE, que dalgún xeito os trataban na propia manifestación pois como especie de figurantes. Os propios membros de “Queremos Galego” pois non se presentaron aos chamamentos da consellería para consensuar nin para falar nada. E houbo declaracións de dirixentes do BNG —como o señor que está falando neste momento— que se queixan de que os cargos políticos do Partido Popular falen en galego. E curiosamente estes días, onde temos a oportunidade de oír falar moito a un alcalde dunha gran cidade do sur de Galicia, na radio o escoitamos moitísimo e eu nunca o escoitei falar galego. Pero vostedes só se acordan dos do Partido Popular e, sen embargo, este señor que estes días falou —e moito— na radio vostedes non o citan. En fin, é unha cuestión netamente política.

E, miren, neste caso a postura do BNG é moi clara, a postura política do BNG é clarísima: Galicia, un só idioma; os que falan en castelán son malos galegos. Inmersión lingüística no ensino, rexeitamento á liberdade individual do uso do idioma. Bueno, esa é a súa postura. No fondo eu creo que o Bloque está encantado, e está encantado sobre todo por unha cuestión, porque lle permite ter dentro da súa romaría interna, ¿non?, onde uns son máis BNG que outros, outros son Irmandiños, outros son da UPG —os de sempre—, outros están nunhas fundacións que si pero que non... Pero, bueno, a lingua utilízana vostedes como un pegamento, entón teñen algo en común, o cal é moito de agradecer no seu caso. O seu é unha postura ideolóxica, respectable, clara; outra cousa é que os galegos compren ese produto.

En todo caso, un papel moito máis complexo e moito máis difícil de entender é o do Partido Socialista. Aquí a pregunta que temos que facernos é: ¿a que xogan, a que xogan os socialistas galegos? Onte o señor Cerviño dicía, cando expoñía a súa PNL, que os socialistas con esta PNL salvaban a súa alma; díxoo así. Nós temos que preguntarnos: ¿de que e de quen a salvan? ¿Acaso teñen mala conciencia e necesitan salvar algo, ter unha penitencia? Porque realmente ao mellor no pasado están arrepentidos do que fixeron aprobando un decreto que rachou o consenso lingüístico ou ao mellor no presente tamén están arrepentidos de actuar só por criterios políticos e facerlles seguidismo aos postulados do Bloque.

Miren, vostedes tiveron dende o primeiro momento pois unha dobre posibilidade: podían aliarse co BNG —que foi realmente o que fixeron ao final— ou ben podían traballar con sentido de país (*Murmurios*.) e buscar un consenso. Iso non o fixeron, preferiron intentar facer política de gastar ao Goberno e ao Partido Popular utilizando a lingua. Pero miren, miren, aínda poden reconsiderar a súa posición, aínda poden reconsiderar a súa postura. O Partido Socialista, igual que o Partido Popular, temos unhas amplas bases con galegofalantes e con castelánfalantes, temos un amplo abano de representantes políticos que uns falan en galego e outros en castelán.

Mesmo vostedes noutras comunidades autónomas teñen modelos lingüísticos moi semellantes a estes. E permítanme que lles lea unhas declaracións, neste caso pois do lehendakari, de Patxi López, e onde poño euskera vostedes poñan galego, onde eu diga euskera vostedes poñan galego. E vou-

lle ler textualmente; mire, maio 2009 (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)..., ¡home!, vostede utiliza sempre ao señor Currás, señor Meijón, sempre está utilizando ao señor Currás (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)... si, si, o rigor, o de Patxi López, que lle vou ler agora mesmo. Mire, maio 2009, di o señor Patxi López... (*Interrupcións.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Por favor.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ:... “Que ningún se preocupe; nós temos defendido e seguiremos un modelo educativo que quere ser trilingüe, que quere usar o euskera” –poñan galego– “e o castelán como linguas vehiculares, pero que, ademais, quere introducir o inglés como lingua do futuro, que vai permitir aos pais elixir o idioma en que queren educar aos seus fillos”. Isto díno 2009. E o señor Pachi Vázquez practicamente antes de onte... (*Interrupcións.*) perdón, Patxi López, perdón –López e Vázquez tampouco é tan complicado... non hai moita diferenza, ¿non?– (*Interrupcións.*) Oxalá tiveramos aquí a un Patxi López, oxalá, oxalá o tiveramos aquí. (*Interrupcións.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Por favor, por favor, un pouco de tranquilidade.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Di en xaneiro de 2010: “Un modelo que garanta a aprendizaxe das dúas linguas e que introduza o inglés. Hai que superar a guerra lingüística e garantir que todos os pais poidan elixir o modelo no que educan aos seus fillos”. Aquí hai tres puntos nestas declaracións: fálase de equilibrio, fálase de competencia plena nas dúas linguas e fálaselle de participación dos pais. Algo que a vostedes, fundamentalmente aos señores do PSOE, non lles entra na cabeza.

Pero vou ler outra máis do seu pretendido, bueno, do que pasa por ser realmente o líder político dos socialistas galegos, o señor Pepe Blanco. Vén a dicirnos: “Rebélome contra os que queren impoñer o galego ou o castelán, é o noso deber coñecer e falar as dúas”. E garantiu naquel momento que “o compromiso de Emilio Pérez Touriño” –estaba en campaña electoral– “é garantir que ao acabar o bacharelato os nenos falen castelán, galego e inglés”. (*Aplausos.*)

Miren, están volvendo atrás, tamén vostede, agora xa empézan a ir ao plan xeral e iso realmente pois é moi interesante.

En todo caso, están aínda a tempo de sumarse a un gran consenso, (*Interrupcións.*) enorme consenso. Porque, miren, vostedes o que non poden creerse é o que están dicindo, non poden creerse que o futuro do galego vai depender de que haxa unha asignatura máis ou menos no sistema educativo; se o din, malo. (*Interrupcións.*) ¿Como poden dicir que a introdución do inglés é unha artimaña? O señor Meijón dicía: un uso perverso para prexudicar ao galego. ¿Como poden dicir que os que non son partidarios da inmersión lingüística son antigalegos?, iso é algo que lle gusta moito dicir ao Bloque. ¿Como poden dicir que as familias non están capacitadas, que son menores de idade para opinar respecto da educación dos seus fillos? (*Murmurios.*) ¿Como se pode chegar –nun máximo de soberbia– a dicir ou invitarnos aos do PP a saír do armario? É como se tiveramos algo de que avergonzarnos, tiveramos que avergonzarnos de ter gañadas unhas eleccións e de estar aplicando o programa electoral co que nos presentamos a esas eleccións. Pero, bueno, segundo vostedes: saian do armario.

Case parece que lles temos que pedir permiso a vostedes para ser galegos. E, miren, neste debate o temos dito. Nós queremos situarnos no centro da sociedade, e a clave é a seguinte: dende ambos espectros lingüísticos, desde ambos vértices dos espectros lingüísticos –se queren, só galego, e se queren, só castelán...– (*Interrupcións.*) non, eu tanto me dá, total, non me van facer caso igual... (*Risos.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Señor Rodríguez.

Señor Rodríguez, o seu ímpeto impediu que puidera antes...

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Laméntoo, señor presidente.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco):... pedir un pouco de tranquilidade. Sei que son unhas horas da tarde nas que veñen con moita forza para recabar o Pleno, pero quedánlle corenta e cinco segundos, ou sexa, que vaia rematando, para seguir co debate desta interpelación.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Moitas grazas, señor presidente. Espero que aplique pois como un bo árbitro de fútbol un pequeno tempo de desconto. (*Risos.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Iso, se hai tarxetas.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Ben, mire, hai unha cuestión —e xa para rematar, señor presidente— que quero deixar moi clara. Miren, dende o Partido Popular estamos seguros que unha vez que se implemente este novo decreto —que custará implementalo e que se vai implementar, digamos, ao cabo duns anos— ninguén se atreverá a modificalo, seguramente ninguén se atreverá a modificalo, porque os beneficios que lles vai aportar aos nosos xóvenes no día de mañá van ser tantos que ninguén se vai atrever a facelo.

Porque, mire, no fondo este é un debate moi parecido ao que se tivo en Galicia xa fai unhas décadas —eu aínda era un neniño, ¿non?—; mesmo se utilizan as mesmas expresións. Fai uns anos, algunhas décadas, cando se falaba de autoestrada, uns dicían que era unha navallada a Galicia. Hoxe esa expresión, “navallada”, pode verse en moitos medios de comunicación utilizada por algunhas persoas. Os que falaban daquela de navallada hoxe din que, bueno, que aínda non dixeron nada. E moi posiblemente, señor Bieito (*Murmurios*), moi posiblemente, señor Bieito Lobeira, os coches están tan encendidos —como algúns de vostedes— posiblemente cando este decreto estea implementado, e cando este decreto estea —digamos— en funcionamento —que tardaremos tempo en facelo, sen dúbida—, pois estou seguro que dirán: bueno, de aquela lo decíamos porque, bueno, era cuestión política, etc., etc., porque estou seguro, seguro, que os beneficios que nos vai aportar van ser moitos.

Mire, xa para rematar, dicirlle ao BNG que hai amores que matan; e dicirlle ao PSOE —e neste caso quero recoller as palabras, coido, do meu compañeiro e mestre Agustín Baamonde— que a pelota téñena no seu tellado e que nós estamos agardando por vostedes para ter un gran acordo de país e un gran acordo de futuro e deixar de situar na loita política constante a lingua.

Nada máis, moitas grazas.

Grazas, señor presidente. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Rodríguez González.

Na rolda de réplica ten a palabra a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, señor presidente.

A min realmente non me gusta nada o fútbol, pero dende que teño a honra de ser deputada cada vez teño que utilizar máis eses símiles, porque vostedes máis ben xogan a embarrar o campo —parece ser que se xoga moi mal cando o campo está embarrado— e a botar constantemente balóns fóra. Hoxe non nos centramos no tema, creo que non falamos do que tiñamos que falar, que era de criterios sociolingüísticos, pedagóxicos e legais. Porque os criterios políticos os temos claro, creo que cada grupo político ten claro o que son os seus criterios políticos. E efectivamente o BNG ten un criterio político que ten demostrado saber chegar a consensos durante toda a súa historia polo ben, en concreto, da lingua galega; teno demostrado. Creo que o Plan xeral de normalización lingüística é un exemplo, non? Creo que é un exemplo o Plan xeral de normalización... Bueno, non, este exemplo non nos vale.

De todas formas, escoitando as últimas palabras, quería citar, aínda que non as recordo moi ben, que hai pouco lía un escrito que leva por título “O Danubio”: imperios grandes viron como non hai nada inalterable, nada inalterable. Iso témolo que ter bastante claro na nosa acción política.

E xa que é tan difícil poder centrarnos e, efectivamente, eu que son simplemente unha deputada non podo engadir nada que non estea dito pola Real Academia, polo Consello da Cultura Galega, por todos os argumentos que foron postos enriba da mesa por institucións moi importantes e que vostedes incluso se atreveron a dicir que son unha opinión máis. Bueno, creados por lei para informar e para motivar ao Goberno, considero que non son exactamente unha opinión máis.

Por iso que nestes tres minutos que restan da miña intervención, simplemente quería facer unha pequena reflexión. Realmente estamos nun proceso de involución, iso é algo claro poñámonos como nos poñamos, embarremos como embarremos o campo. Estamos nunha situación asimétrica das linguas e vostedes confunden equilibrio, que é o que nós demandamos para as linguas ao finalizar a etapa docente, con ese equilibrio raro horario, no cal aos pais e nais se nos traslada a responsabilidade este ano ou cada catro anos: que prefires, coñecemento do medio ou matemáticas? Como pais e nais teremos que elixir en cal das dúas linguas non queremos ter o vocabulario en galego.

Pero soamente traía dous exemplos que mostran a realidade cotiá, e pregaríalle, señor conselleiro, que me diga soamen-

te un espazo no cal a lingua galega estea en igualdade de condicións:

Un, desa situación asimétrica é o programa do Xacobeo 2010 de febreiro, que realmente é o programa da obra cultural das caixas co logo do Xacobeo 2010. De quince, se non conto mal, creo que si, porque contei en galego, pero en galego tamén serven as matemáticas, de quince actos de artes escénicas, un en galego; un só en galego.

Tamén trouxen, acudindo á vida cotiá, a última película que viron os meus fillos este sábado: *Astérix en los juegos olímpicos*. Creo que a coñecerán, é unha produción gala. Imos detrás, e idiomas nos cales podemos facer audible esta produción cinematográfica: castelán, catalán, eusquera, francés. Seguramente a vostedes lles falta inglés, pero detéñanse un momento porque tamén falta o galego. Esta é a realidade cotiá.

Tamén traio outro documento que non quero valorar en absoluto. Simplemente un documento no cal o Ministerio de Agricultura y Pesca do Goberno do Estado español pon en coñecemento da Unión Europea que non asistirá á reunión prevista os días 5 e 7 de xullo en Finlandia, porque a Administración española defende o idioma español nos encontros comunitarios, e comunica a decisión de non asistir a este encontro dado que o español non se atopa entre o réxime lingüístico, composto de alemán, finlandés, francés e inglés.

A Administración galega é a única administración que ten por responsabilidade defender a lingua galega e vostede fai deixación. O Goberno do señor Núñez Feijóo fai deixación desa responsabilidade e renuncia dunha forma irresponsable.

E quero rematar cun pequeno relato. Hai anos asistín a un curso de “Os movementos de renovación pedagóxica”, no cal o pedagogo Santos Guerra nos contaba unha lenda persa que quixera relatar:

Vivía un vello en Persia e durmía a cotío a sesta no saído da súa casa, pero unha tarde escoitou unha voz que lle dicía que á beira dun alto muro, cerca dun pozo, estaba agochado un gran tesouro. Foi claramente ao palacio do sultán porque pensou: seguramente detrás deste muro agocharanse grandes tesouros; escavou e non atopou nada. Volveu para a súa casa, estaba durmindo outra vez no saído cando escoitou unha voz que lle dixo: á beira dun muro, ao lado dun pozo, hai un gran

tesouro. Foi ata os templos pensando que, efectivamente, detrás daqueles altos muros os sacerdotes agochaban tesouros, escavou e non atopou nada. Volveu esgotado á súa casa, sentou, quedou durmido, cando espertou entre os sonos escoitaba unha voz que lle dicía que mirara, que buscara un muro ao lado dun pozo. E de repente veu fronte del un muro, un pozo, escavou e atopou un tesouro, co cal convivira toda a súa vida.

O Goberno galego ten un tesouro agochado e a súa obriga é non mirar cara a outro sitio, senón traballar nas escolas galegas para a promoción da lingua e a cultura galega.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Adán.

Ten a palabra para pechar este debate o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Grazas, señor presidente.

Señora deputada, imos ver. Hai dúas opcións:

Por un lado, hai o modelo da inmersión, que foi o que implantou o bipartito, porque os socialistas cederon ante os nacionalistas. É un modelo que provocou o rexeitamento social e que non conta co apoio social. Por certo, vostedes falan de equilibrio pero confunden o equilibrio, vostedes, coa inmersión cen por cen.

E ademais acábame de facer unha pregunta e quérolle responder. Dime: onde o conselleiro coñece unha situación de igualdade do galego? Pois ben, no sistema educativo non a coñezo, é certo. Porque vostedes levaron o sistema educativo, estábano levando á inmersión cen por cen en galego. Por tanto, non coñezo esa situación.

Quérolle tamén dicir ao señor Meijón, penso... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Quero dicirlle ao señor Meijón que agradezo as súas palabras pola parte do premio, pero cando menos penso que as súas palabras en certa medida é unha falta de respecto a unha entidade que, ademais, é a nivel nacional e que fala todos os días co ministerio do

Partido Socialista, e ademais é unha persoa que faleceu. Non é un premio *ad hoc*, é un premio en homenaxe a unha persoa que faleceu. Polo tanto, nese sentido gustárame que retirara as súas palabras.

Vexo ademais que o señor Meijón le os informes da CIG ultimamente, pero equivócase cos datos, totalmente cos datos. É curioso, segundo vostedes poden opinar todos, sexan ou non membros da comunidade educativa, pero os únicos que non poden opinar son os pais. Eses son os únicos que para vostedes non poden opinar neste país. (*Aplausos.*)

Fala de problemas da lingua galega. Claro que ten problemas a lingua galega. Pero problemas que vostedes lle engadiron moitísimos máis. Engadíronlle coa súa política, engadíronlle todavía máis rexeitamento e máis problemas a esa lingua galega.

Fronte a ese modelo de inmersión existe, pola outra banda, un equilibrio, un modelo de equilibrio real entre as linguas, co amparo na Constitución, no Estatuto e na propia Lei de normalización. Este é o modelo que propón esta Xunta e que se fai máis ambicioso ao incorporar melloras para a aprendizaxe doutras linguas estranxeiras.

Sorpréndeme igualmente por parte do Partido Socialista, que penso que leron unhas bases, un documento para chegar a un pacto pola educación, porque este proxecto, estas bases cumpren perfectamente con ese borrador polo pacto. Porque precisamente o señor ministro di que no espazo 2010-2020 todos os estudantes deben de falar, coñecer e expresarse noutra lingua, nomeadamente o inglés. E na antepenúltima páxina —creo recordar— fai expresa referencia á creación de centros plurilingües, o mesmo que se está a falar neste decreto.

Por tanto, tamén me gustaría que nalgún momento dado sexan coherentes, porque é certo que a sociedade vulga, pero vains vulgar a todos, a uns e a outros. Dentro de todo o respecto quero dicir. E así nos vulgáron a nós xa hai anos e a vostedes acábanos de vulgar tamén recentemente, moi recentemente. (*Aplausos.*)

O actual Goberno entende que o modelo lingüístico que demanda a sociedade para o ensino é o do equilibrio lingüístico. Co novo decreto a Xunta asegura que o alumnado

de Galicia teña competencia lingüística plena nos dous idiomas oficiais da comunidade.

Insisto en que ningún Goberno galego nin o PP buscan acabar co galego, senón substituír un modelo de inmersión, que non comparten nin comparte a maioría da sociedade, por un modelo de equilibrio, que si comparte toda a sociedade e que reforzará precisamente ese uso do galego na rúa.

As bases do Decreto do plurilingüismo teñen suscitado comentarios positivos, como tamén se poden ver e poderíamos empezar a nomear. (*Murmurios.*) E poderíamos falar tanto como 800.000 persoas dixeron un si a un cambio dun modelo, tanto como 800.000 persoas.

Desenvolveuse un amplo proceso de diálogo con preto de trinta reunións de traballo e por primeira vez para a elaboración do decreto que regula as linguas no ensino non universitario pedíronselle a opinión, a opinión, o informe a institucións de recoñecido prestixio, que merecen, evidentemente, todo o noso respecto. Tamén se escoitou a partidos políticos, sindicatos e outras organizacións sociais e culturais. Por certo, que aproveito para agradecer as súas achegas, aínda que, evidentemente, non compartimos algunhas delas.

Tamén saliento as suxestións feitas por outros colectivos e organizacións, xa que o Goberno as ve de grande utilidade e interese. E probablemente se incorporen moitas destas suxestións ao futuro proxecto ou anteproxecto de decreto.

Parece que vostedes só atenden a intereses partidistas e están máis interesados no desgaste do Goberno e do noso presidente. Así se desprende da súa renuncia a facer melloras no texto, presentando como único punto de partida o rechazo total e a non aportación de ningún punto de mellora por parte de ambos os dous partidos.

En materia lingüística, o propio PSdeG admite que está para salvar a alma e a súa conciencia botándolles a culpa a outros, e o Bloque está preocupado por mobilizar na rúa sen escoitar á maioría das galegas e dos galegos. Pois ben, o Goberno galego está aquí para ofrecer unha solución á situación xerada a raíz do decreto do bipartito e está aquí para cumprir a súa promesa electoral e, por suposto, de derogar a actual norma vixente.

Para iso presentamos unhas bases do futuro Decreto do plurilingüismo convencidos da necesidade de garantir o equilibrio entre as linguas cooficiais e de comezar a dar pasos significativos na mellora do ensino doutras linguas estranxeiras, das que os nosos estudantes están tan necesitados.

Cremos na nosa proposta porque as bases do Decreto de plurilingüismo están en consonancia co proxecto de pacto educativo presentado polo ministro socialista...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): –Si, só un segundo, graciñas.–

... polo ministro socialista e porque significa avanzar no noso futuro e no futuro de todas as galegas e todos os galegos.

Por todo isto, a Xunta non vai renunciar nin ao equilibrio entre linguas, nin á cooficialidade, nin ao progreso, nin ao futuro dos nosos estudantes. Iso sería ser un Goberno irresponsable e repetir o que fixeron outros na pasada lexislatura.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor conselleiro.

Punto 8.º. Preguntas orais ante o Pleno.

Pregunta de D. Manuel Santos Ruíz Rivas e dous deputados máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da folga levada a cabo no ensino non universitario o día 21 de xaneiro de 2010

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Rodríguez González.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Boas tardes de novo.

Señor conselleiro, imos seguir a falar da lingua.

O 21 de xaneiro deste ano houbo unha pretendida –e digo pretendida– folga manifestación que pretendía ser xeral no ensino público galego. *(Murmurios.)* A folga estaba marcada por un claro carácter político, non se viron moitos criterios sociolingüísticos, como dixo a señora Carme Adán no seu momento. Non había... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Por favor.

Espere un momento, señor Rodríguez.

Imos deixar ao señor Rodríguez que fale, imos escoitalo con respecto e despois escoitamos ao señor conselleiro.

Señor Rodríguez, prosiga. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señor Rodríguez, por favor. Señor Rodríguez, o seu turno é para falar, fale e diríxalle a pregunta ao señor conselleiro.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Ben, esta folga manifestación –como estaba dicindo– partía dun pretendido ataque feito ao galego por parte do novo decreto. Algo que é radicalmente falso, porque o novo decreto garantiza un coñecemento pleno dos dous idiomas: do galego e do castelán, garantiza o equilibrio das mesmas e tamén fai unha aposta por un avance progresivo cara a un idioma estranxeiro, nomeadamente o inglés.

Esta folga foi impulsada fundamentalmente por un partido político. Iso si, utilizou unha especie de sociedades interpostas. Un partido político que ten unha ideoloxía moi concreta, unha ideoloxía minoritaria, e que quere dalgún modo impoñer a súa forma de entender e interpretar a sociedade ao conxunto dos galegos.

Toda a maquinaria púxose en marcha e realmente neste eu si quero felicitar ao Bloque Nacionalista, que ten unha grande experiencia. Vexo que son realmente eficaces e eficientes, dáselles moito mellor montar manifestacións que gobernar. E grazas a que os galegos son listos e que perciben que fan mellor unha cousa que outra, situárono de novo no sitio onde saben facer mellor as cousas, que é na oposición.

Este enorme afán de mobilizar chegou mesmo aos centros, facendo unha presión creo que case que inaudita nos centros educativos. Xa o Partido Popular o denunciou no seu momento, porque nos topamos con dirixentes do Bloque –iso si, con outras pegatinas na solapa– que repartían papeis nos centros educativos, falaban cos pais e incluso nalgúns casos chegaron a repartir octavillas e papeis semellantes para, dalgún xeito, intentar mobilizar para esta manifestación. Mesmo incluso algúns alcaldes en concellos nacionalistas pois esqueceron de que deben gobernar para todos. Algúns utilizaron mesmo a manipulación de utilizar o nome de institutos, outros mandaron aos funcionarios, como o caso do Melide, a chamar por teléfono ás asociacións. É dicir, houbo un enorme afán de crear unha movida ao respecto, e os criterios pedagóxicos ou formativos creo que non se tiveron en conta para nada.

E neste caso, a nosa pregunta... Non hai ningunha vocación de insulto, señora Pontón, simplemente é manifestar uns feitos que son evidentes. En todo caso, e xa para pechar, a pregunta é moi clara...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Xa rematou o seu tempo, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Cal é a valoración política que se fai respecto á manifestación do pasado día 21?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, pola súa pregunta, señor Rodríguez.

Ten o turno para responder o señor conselleiro de Educación.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Grazas.

Gustaríame comenzar a miña resposta deixando ben claro que a Xunta de Galicia, e concretamente a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, respecta as opinións dos cidadáns sen facer distincións de todos. (*Murmurios.*)

Tamén quero expresar que respectamos o dereito á folga, tanto daqueles que a convocaron como dos que a secundaron. Pero hai que lembrar que foi un acto preventivo para

o que non existía unha xustificación. Foi preventivo porque a convocatoria de folga e de manifestación foi feita con antelación e en proposta para unhas bases para un futuro decreto, cando o texto non fora nin presentado sequera pola Xunta. Houbo moita antelación no chamamento á proposta e ningún interese en coñecer a proposta. Non existiu xustificación para este chamamento porque tal e como demostraron os datos de seguimento da folga foi unha convocatoria contra a maioría social galega, contra os que entenden a grande oportunidade que supón para Galicia a aposta polo plurilingüismo cordial e incluso contra os que avogan por outro modelo lingüístico pero que-
ren discutilo seriamente.

Asemade, non podemos esquecer que houbo unha vulneración dos dereitos dos escolares, xa que a folga tiña unha finalidade partidista. Consideramos que os convocantes só están interesados en seguir nunha política lingüística de inmersión monolingüe, que non beneficia aos alumnos galegos e, por suposto, nin á propia lingua galega. O partidismo quedou de manifesto ao ver o mesmo día da folga quen encabezaba a manifestación: dirixentes do Bloque Nacionalista Galego, e quen secundaba desde as últimas filas unha protesta na que no fondo saben que non ten sentido, e refírome ás persoas do Partido Socialista de Galicia.

Pero os datos están aí. A totalidade dos centros educativos abriron as súas portas e impartiron maioritariamente as clases como nun día normal. O transporte e os comedores escolares funcionaron con total normalidade. Onde a folga foi seguida os escolares foron igualmente atendidos polos servizos mínimos establecidos en cada centro.

Con menos dun 50 % de seguimento, concretamente co 44,7 % por parte dos profesores no sector público, os convocantes non representan o sentimento da maioría dos galegos nin moito menos. A única realidade é que a folga só serviu para privar ao alumnado galego de continuar coa súa formación. A modo de exemplo, permítanme sinalar que o menor seguimento da folga tivo lugar na provincia de Lugo, dez puntos inferior á media galega, ao situarse a porcentaxe de participación nun 35 %. E neste punto quero lembrar que na consulta ás familias sobre a utilización das linguas no ensino non universitario de Galicia, nesta provincia o interese por opinar suscitou a participación de preto do 62 % dos pais e nais. Que cadaquén saque as súas conclusións.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra o señor Rodríguez González.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Bueno, señor conselleiro, está visto que isto é unha cuestión que encende moito os ánimos, especialmente nunha parte da bancada da oposición. (*Murmurios.*)

Ben, na folga houbo datos contraditorios, entre os sindicatos educativos, entre Queremos Galego, mesmo entre a Administración educativa. Eu creo que é moi interesante coñecer o grao e participación e tamén coñecer a opinión da consellería respecto ao mesmo.

Hai outras cuestións colaterais que quizais danaron, e dígo-lle sinceramente, danaron a imaxe da propia manifestación e quizais tampouco sexa cuestión de repetilo aquí, pero que non son positivas para o país.

E unha cousa que realmente nos sorprendeu ao Partido Popular vendo os medios de comunicación é ver a postura dos dous Vázquez. Mentres un Vázquez estaba na primeira liña e estaba no palco posteriormente celebrando a manifestación, outro Vázquez ía atrás aplaudindo —é de supor— e estaba —digamos— vendo no propio (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —non sexa tan ocorrente, señor Bieito, que me fai rir, home! É que me pega a risa cando o escoito, non me faga rir, por favor (*Risos.*)—. (*Aplausos.*), o outro Vázquez estaba aplaudindo ao Vázquez un, ao Vázquez neste caso do BNG.

Mire, dende o Partido Popular pensamos que fraco favor se lle está facendo á coherencia lingüística...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Señor Rodríguez, entendemos que lle está facendo a pregunta ao señor conselleiro. (*Risos.*)

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: —Xa vou, xa vou se me deixan, señor presidente.—... intentando manipular pois politicamente unha das señas de identidade de Galicia. E sobre todo o que é realmente preocupante é que algúns intenten pensar

que o galego é patrimonio deles en vez de ser unha seña de identidade que nos une como país.

En todo caso, e xa para rematar, señor conselleiro, a pregunta tamén é moi clara e moi concreta, e é a seguinte: como valora o nivel de seguimento por parte do profesorado na folga do pasado día 21?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Rodríguez González.

Ten a palabra para responder o conselleiro de Educación.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Grazas, señor presidente.

Entendo dende logo a preocupación que manifesta na súa pregunta o deputado, non lle oculto que tamén existe na propia consellería.

En canto aos datos de participación, non vou entrar a cuestionar o que fixeron os convocantes, o que lle podó dicir é que os datos da consellería responden aos facilitados polos propios equipos directivos de cada centro ás xefaturas provinciais e, dende logo, teñen toda fiabilidade.

Asemade quero reiterar o meu respecto á liberdade de folga, pero teño que insistir en que en democracia...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Imos ver. Un momento, señor Vázquez. Esta presidencia está disposta a suspender o Pleno se non se calman e se non escoitan con respecto ao conselleiro e tamén aos intervenientes que fagan as seguintes preguntas. Ou sexa, que vostedes deciden.

Prosiga, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Repito que quero reiterar o meu respecto á liberdade de folga, pero teño que insistir en que en democracia hai que respectar tamén as regras de xogo e ser conscientes de que temos ante nós un obxectivo que nos debe ser común: a educación dos máis novos debe ser o máis

completa posible, e que o alumnado galego debe coñecer o galego e o castelán, pero tamén outras linguas estranxeiras.

O que está a acontecer é que hai quen está interesado en tensionar o clima en torno ás linguas de Galicia ata o punto de convocar folgas preventivas e tamén como se pode ver nesta Cámara. Tamén permítanme amosar o meu desacordo polo uso dos nenos nas manifestacións. Lamento que algúns estean máis interesados por trasladar a política ás aulas que por facer propostas en positivo. (*Aplausos.*)

A verdade é que ante a convocatoria da folga cando alguén me transmitía as dúbidas dos pais e das nais sobre se debían ou non enviar os seus fillos, ou cando lin algunhas das súas cartas na prensa, a reflexión que me produciu e que me produce é que non se pode seguir trasladando as cuestións ideolóxicas e os intereses de desgaste político á educación. Na Consellería de Educación, e no conxunto da Xunta, temos moi claro que Galicia é e seguirá a ser bilingüe e libre.

Así, fronte á actitude dos que están cegados polos intereses partidistas, desde a responsabilidade e o acatamento ao mandato dado polos cidadáns nas eleccións de marzo, o actual Goberno apostou e aposta polo plurilingüismo fronte ao monolingüismo na educación, por dialogar fronte á folga.

A Xunta de Galicia fixo, está a facer e fará todo o posible por explicar e dar a coñecer o novo contido da regulación do novo modelo lingüístico que aspira a implantar en Galicia, desde o diálogo e o respecto á opinión de todos os cidadáns. Houbo quen preferiu portar pancartas e renunciou a facer propostas en positivo para mellorar as bases do futuro Decreto do plurilingüismo. Fronte a isto o Goberno traballou para presentar unha proposta á sociedade, ofreceu diálogo e reuniuse cos diferentes colectivos e institucións. Non houbo decretazo, houbo e hai vontade de atender o que a maioría dos galegos e das galegas demandaron, demandan e demandarán ao Goberno.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Alberto Sueiro Pastoriza e de D. Pedro Puy Fraga, do G. P. do Popular de Galicia, sobre as previsións

da Consellería de Traballo e Benestar para paliar as consecuencias da crise económica no colectivo dos traballadores autónomos

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Ten a palabra para formular a pregunta o señor Sueiro.

O señor SUEIRO PASTORIZA: Boas tardes, señorías.

É comunmente aceptado que o colectivo de traballadores autónomos é un dos que ten máis importancia dentro do mercado de traballo polas súas diversas funcións de empregador, xerador da actividade económica e outras de fondo calado social, como as de fixación de poboación nun entorno e as de mantemento de oficios e actividades en risco de desaparición.

É sabido tamén que nos momentos alcistas do ciclo económico, a súa actividade como empresarios é crucial para explicar o dimensionamento do mercado laboral e o grande aumento da empregabilidade. Tendo en conta a estrutura produtiva da economía galega e a carencia de grandes empresas ou conglomerados empresariais, son os autónomos, os pequenos empresarios, os que asumiron a responsabilidade de seren como colectivo os principais creadores de emprego na nosa comunidade. As cifras son abrumadoramente significativas: en Galicia máis de 230.000 persoas pertencen a este colectivo e representan un de cada catro afiliados á Seguridade Social. E son máis do 70 % das Peme galegas.

Na actualidade, no actual momento de crise xeneralizada en todos os sectores, de desplome do consumo privado, de paralización da actividade económica, a súa dobre condición de empresario e traballador na súa propia actividade complica especialmente e contribúe a incrementar as dificultades xerais, sufrindo especialmente a situación de contracción do mercado financeiro e a ausencia de crédito á disposición dos particulares.

Os problemas tradicionais de atomización, febleza financeira, dimensionamento cativo, falta de protección social e alto nivel de dependencia das grandes empresas nalgúns sectores aumentan especialmente a súa importancia na actual situación e repercuten moi negativamente neste sector, que se revela fundamental para a recuperación económica e a dina-

mización do mercado de traballo, e nomeadamente para incentivar a actitude emprendedora básica para o crecemento da economía.

É máis que evidente que neste contexto, dadas as circunstancias particulares deste colectivo, a administración pública, nomeadamente a que atesoura as competencias relacionadas co traballo, a formación e o emprego, non pode quedar allea á situación dese colectivo e debe formular políticas activas que teñan por destinatarios directos aos traballadores autónomos. Polo que desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia preguntamos: que políticas de apoio ten previsto implementar a Consellería de Traballo e Benestar para paliar as consecuencias da crise económica no colectivo dos traballadores autónomos?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas.

Ten a palabra para responder a Consellería de Traballo e Benestar.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

Boa tarde a todos, señorías.

Trae vostede, señor Sueiro, a este Parlamento un dos temas que está cualificado como que é o que máis lles preocupa aos cidadáns, que é o emprego, e tamén neste caso do que estamos a falar é do emprego que atinxe aos autónomos. Estamos a falar dun colectivo que sofre con crueza os efectos da crise e isto afecta de forma especial a Galicia pola composición do seu tecido produtivo.

Inxustamente ata o de agora, señor Sueiro, os autónomos foron os grandes esquecidos, pese ao seu papel de xeración de riqueza e de postos de traballo. Este Goberno quere cambiar esta situación, porque confiamos neles como un dos motores de desenvolvemento económico da sociedade. Son os emprendedores quen nun marco de condicións favorables asumindo riscos intúen en cada momento cales son os sectores capaces de xerar riqueza e emprego. Por iso este Goberno, a Xunta de Galicia, vai facer unha aposta polos traballadores autónomos ao longo desta lexislatura, conscientes da importancia fundamental deste colectivo na nosa economía.

Non estamos só ante unha simple declaración de intencións, senón que o noso compromiso xa empezou a visibilizarse con feitos concretos. O primeiro deles é que esta consellería puxo en marcha o órgano de diálogo que o colectivo de autónomos xa viña demandando e reclamando dende hai moito tempo, que é a Mesa do autónomo. Isto permítenos coñecer de primeira man as demandas deste colectivo e deseñar conxuntamente e a partir de aí —evidentemente dialogando— un Plan de emprego autónomo e emprendedor, un plan específico que servirá para guiar as políticas de incentivo e impulso de espírito emprendedor e que coordine as accións que delas deriven.

Este Plan de emprego autónomo xa foi presentado nas mesas do diálogo social a todos os axentes sociais, co feito de chegar a un consenso e de que se poida incluír no que será o Plan autonómico de emprego 2010-2013, que actualmente esas mesas están en funcionamento e debatendo estes plans.

Nese documento, específico sobre o emprego autónomo, plantexamos programas e medidas concretas, de tal xeito que o potencial emprendedor de Galicia se poida sentir acompañado e respaldado na súa toma de decisións, na posta en marcha do seu negocio e no desenvolvemento cualitativo do mesmo.

Queremos fomentar a cultura emprendedora en Galicia, unha nova cultura emprendedora. Nós pensamos que hai que dotar as iniciativas de autoemprego dun peso específico maior do que implica o simple concepto de traballador por conta propia. Por eso nos nosos orzamentos do ano 2010 propoñemos —e digo propoñemos porque estamos a debater agora mesmo na Mesa do Diálogo Social este plan— destinar 27,5 millóns de euros para o fomento e o apoio do emprego autónomo e emprendedor de Galicia. A proposta actual que levamos a esta mesa e que, insisto, estase a debater, leva medidas como medidas de asesoramento para o emprego, axudas para a creación e posta en marcha do autoemprego, axudas para a consolidación e mellora cualitativa do emprego autónomo e outras formas empresariais, difusión e promoción deste modelo de emprego, mellora lexislativa e reforzo e participación de medidas de apoio a iniciativas de autoemprego.

Ademais, apoiaremos o fortalecemento do movemento asociativo, tan importante neste sector e representativo

destes traballadores autónomos, incentivando por primeira vez en Galicia as actividades destas asociacións, e todo isto sumarase, como non, ás ordes de fomento de emprego autónomo...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): ... cofinanciado co Fondo Social Europeo, e sobre todo apostando tamén polos autónomos do eido rural.

Continuarei na segunda intervención.

Moitas grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora conselleira.

Ten a palabra, para a réplica, o señor Sueiro.

O señor SUEIRO PASTORIZA: Moitas grazas, presidente.

Gracias, conselleira, pola súa resposta.

Sabemos dos esforzos recollidos nos programas de promoción de emprego autónomo e de fomento das iniciativas emprendedoras e alegrámonos moito do seu ensanchamento e de que, froito dese diálogo social, poida repercutir nas melloras neste colectivo que, como digo, son moi, moi importantes.

Alegramos que desde a Xunta teñan sempre a sensibilidade e a atención posta para non desenfocar o centro dos seus esforzos dun colectivo diverso, heteroxéneo e tamén ¿por que non dicilo?, disperso, pero fundamental para o sostemento da actual capacidade produtiva e social de Galicia e, desde logo, un pilar da futura recuperación económica, a que todos desexamos.

Participamos do seu interés e compartimos a súa preocupación por este colectivo, e animámoslos a que non limiten esforzos nin regateen esforzos nesta dirección, porque Galicia enteira llo agradecerá.

Máis nada e moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Sueiro.

Señora conselleira, ten a palabra.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Pois, moitas grazas, presidente.

Non limitaremos os nosos esforzos, señoría. En efecto, dende a nosa chegada ao Goberno puxemos en marcha unha serie de iniciativas que, polo seu papel vertebrador e transversal, nos van a permitir multiplicar os efectos das medidas referentes aos autónomos. De feito, como xa dixen antes, esta consellería xa dotou o colectivo dos autónomos do que estaban a reclamar, que eran unha mesa de diálogo onde poidan levar a súas reclamacións. Esa mesa constituíuse o 23 de novembro. Nela participan AP-Galicia, ATA-Galicia, Ceac Galicia, Feaga, OAP, UTA-Galicia, absolutamente todas as representacións do colectivo de autónomos. E este foro, evidentemente, servirá para abordar diversos temas de interese para este colectivo, que carecía ata o de agora –carecía– de órganos específicos de diálogo e que agora xa teñen.

Tamén creamos o Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia, e temos xa establecido o cronograma para desenvolver en Galicia o Estatuto do traballo autónomo; un rexistro que supuxo a culminación e a resposta dunha histórica reivindicación dun colectivo que ten unha presenza primordial na nosa economía e unha resposta que, obviamente, seguiremos –como vostede nos está a pedir–, desenvolvendo e complementando ao longo do tempo. Así estamos xa elaborando a orde que desenvolverá ese decreto e que publicaremos ao longo deste ano 2010. Nela se precisarán os requisitos e os procedementos de inscrición no rexistro e mesmo tamén na coordinación que se teña que facer entre a oficina central e as oficinas territoriais.

Do mesmo xeito continuaremos a desenvolver o valor normativo do Estatuto do traballo autónomo, o que implica a determinación, por exemplo, dos criterios de representatividade das composicións das asociacións profesionais de traballadores autónomos e o funcionamento do órgano que declare esa representatividade. Todo este traballo, señor Sueiro, culminará tamén no ano 2010 na creación do Consello Galego de Traballo Autónomo, como órgano consultivo

e de representación dos intereses dos traballadores autónomos fronte á Administración, que estará adscrito a esta Consellería de Traballo e de Benestar. E, como moi ben dicía vostede, esta preocupación non é só unha preocupación da Consellería de Traballo e Benestar, senón que é unha preocupación de todo o Goberno galego, e non quero esquecer aquí outras medidas que, como, por exemplo, desde a Consellería de Economía e Industria, estanse a levar adiante, que atinxen directamente ao traballo dos autónomos e mesmo moitas veces á supervivencia dos autónomos, como pode ser o Plan Resolve, que facilita o acceso ao financiamento operativo das microempresas e dos autónomos, o Plan Reimaxina, que tamén está para as inversións de microempresas, e mesmo tamén o Servicio de Apoio ao Autónomo, que é un servizo de asesoramento.

En resumen, señor Sueiro, para saír desta crisis contamos co esforzo de todos. Este Goberno ten moi claro que os autónomos e emprendedores deben de ser o sustento importante do novo tecido produtivo forte que queremos para Galicia e por iso, nese escenario de recuperación, traballaremos dende as políticas activas, traballaremos dende o diálogo social, vivo, neste momento, porque queremos melloras duradeiras e sostibles e sobre todo o que queremos é que os autónomos saian desta situación, se cabe, reforzados.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Jose Manuel Lage Tuñas e tres deputados máis do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a asunción da responsabilidade política das posibles filtracións de exames nas oposicións dos grupos C1 e C2 da Xunta de Galicia

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Ten a palabra o señor Lage Tuñas.

O señor LAGE TUÑAS: Grazas, señor presidente.

Vexo que o señor conselleiro do Medio Rural e mais a conselleira do Benestar se van, entendo que non van a ser eles os que resposten esta pregunta; dígoo porque non vexo o señor Rueda Valenzuela presente no hemiciclo...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Vostede faga a pregunta e sabe que calquera membro do Goberno pode responder.

O señor LAGE TUÑAS: Si, si, si, é para ver se será a señora Farjas, a señora Currás...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Faga a pregunta e déixese de valoracións. *(Murmurios.)*

O señor LAGE TUÑAS: En todo caso, a pregunta fíxose na sesión de onte e facémola hoxe no trámite de preguntas orais ao Goberno. A resposta eu creo que non é tan complexa: ¿quen é o alto cargo que asume a responsabilidade política das posibles filtracións de exames nas oposicións dos grupos C1 e C2 da Xunta de Galicia? Nin máis nin menos que coñecer a ver quen é o membro do Goberno que nolo pode aclarar. Encantado con calquera dos membros que responda, pero é que a día de hoxe e dende o mes de decembro, que se substanciou unha interpelación nesta Cámara, non obtivemos unha resposta a unha pregunta que eu creo que é bastante clara: coñecer quen é o responsable político de que se teñan producido unha serie de filtracións nunhas probas de acceso ao emprego público dentro da Comunidade Autónoma, nin máis nin menos. E eu creo que demandar unha resposta por parte do Goberno, saber quen está disposto a asumir responsabilidades, máis cando o grupo que sustenta o Goberno foi quen na pasada lexislatura de esixir permanentemente responsabilidades e dimisións por casos moi semellantes, pois eu a verdade é que me gustaría que o señor Rueda non se agochara detrás de ningún dos seus compañeiros ou compañeiras do Consello da Xunta. Creo que este escaqueo ao que asistimos hoxe vén precedido, sen dúbida, doutro tipo de decisións, de que o conselleiro da Presidencia non queira ter nada que ver coas responsabilidades en torno á Administración pública galega en materia de función pública. É chocante, é o conselleiro da Presidencia e Administracións Públicas pero non sabe nada do que son os empregados públicos nin das probas selectivas.

Sería bo que hoxe tivéramos unha resposta. Agardo, señora conselleira de Facenda, que nos poida dicir vostede quen é o responsable ou a responsable política das filtracións; non quen subministrou os exames, as probas, non quen é a persoa física ou o grupo de persoas que participaron dese acto, senón quen é o responsable político, quen no Goberno res-

ponde do que sucedeu, nin máis nin menos. Só queremos saber iso, a ver se é posible.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Lage.

Ten a palabra, para responder, a conselleira de Facenda.

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Fernández Currás): Moitas grazas, presidente.

Señor Lage, comprendo que bote de menos o señor Rueda, porque é máis alto e máis forte ca min, pero a función pública depende da Consellería de Facenda. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Señoría, en primeiro lugar, coincido con vostede en que estamos diante dun feito desagradable que ten carácter presuntamente delitivo... –¡home! *(Risos.)*– e que nunca debeu suceder, pero o Goberno actuou con absoluta responsabilidade política, actuou axiña, non teña ningunha dúbida. O certo é que actuamos con responsabilidade política cando, ante o primeiro indicio, en dous procesos selectivos, poñemos en marcha unha investigación interna, actuamos con rigor e determinación, encauzamos con éxito e investigación e puxemos unha ampla documentación en mans do Ministerio Fiscal, como corresponde á nosa obriga. É esta a primeira responsabilidade política que exercemos, señor Lage. ¿Pra que? Pra esclarecer o que pasou, nin máis nin menos que pra esclarecer o que pasou. O Goberno actúa con responsabilidade cando explica publicamente o que aconteceu, o resultado da investigación, e vén a esta Cámara a contar o sucedido. Esa é a verdadeira responsabilidade política neste triste asunto. Que non lle quede ningunha dúbida a ninguén sobre a limpeza e a transparencia dos procesos selectivos.

A Xunta de Galicia é a primeira interesada en promover a concurrencia ordeada nos procesos selectivos de acceso á función pública, de acordo cos principios de imparcialidade e obxectividade, que garantan a capacidade e o mérito, que son as cousas que deben orientar os procesos selectivos da Administración pública. Forma parte do noso compromiso de goberno.

A continuación procedimos a facer unha revisión dos procedementos e das normas: se algo ten que ser corrixido, que se corrixa, aínda hai marxe de manobra. E o primeiro que fixemos foi rematar cun modelo que non é noso, un modelo de externalización dos servizos de imprenta, maquetación e copistería, e proceder á reforma das instrucións de acceso á función pública, que datan do 2007. Toca agora saber o que pasou, saber como chegaron ás mans desas persoas o contido dos exames, e estamos falando, repito, dun feito presuntamente delitivo.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Fernández Currás.

Para a réplica ten a palabra o señor Lage Tuñas.

O señor LAGE TUÑAS: Grazas, señor presidente.

Señora Currás, máis alto e máis forte o señor Rueda, según vostede. A verdade é que eu non entrei en preferencias de características físicas... *(Murmurios.)* Sobra que lle diga que se tivera que elixir entre o señor Rueda e vostede, a miña opción é clara. *(Risos.)* Pero non estamos aquí, no Parlamento, para falar de se un é máis alto ou é máis forte, que foi o que fixo vostede, non eu, tamén quero que quede ben claro, máis alá da miña preferencia, que eso é evidente.

Señora Currás, non foi quen de dicirnos quen é o alto cargo que asume a responsabilidade política das posibles filtracións. Entendo que cando vostede fala de que exerceron a responsabilidade política é que a exerceron de maneira colectiva, non hai ningún alto cargo que sexa responsable. Dice que actuaron con rigor, con responsabilidade política, que actuaron axiña. Señora conselleira, ¿é vostede a responsable política do proceso selectivo? Díganolo. ¿É o director xeral da Función Pública? ¿Quen é o que vai asumir a responsabilidade política dos feitos acontecidos cos grupos C1 e C2? É fácil, pero vostedes négano, e ademais se amparan en que os procesos selectivos teñen unha maneira de realizarse que vén do ano 2007.

Señora conselleira, a verdade é que ás veces escoitar aludir ao pasado, ao pasado tan recente... Eu non sei se vostede daquela compartía o que se facía ou non desde o Goberno.

En todo caso, todo o mundo ten dereito a evolucionar e a ter outro pensamento, tamén a involucionar, sen dúbida ningunha. O que nos trouxo aquí, a iniciativa que nos traía ao Pleno de hoxe, era coñecer se o Goberno estaba disposto a dicir quen era o responsable político. Xa sabemos que o señor Rueda se escaqueou, prefire poñerse detrás da conselleira de Facenda, e o que sabemos é que ninguén responde. ¿Que estamos, diante do Estado fallido? Haberá algún responsable político.

Señora conselleira..

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Lage.

O señor LAGE TUÑAS:... –remato, señor presidente– me gustaría que neste turno de réplica que ten puidera facer un exercicio de responsabilidade e decirmos quen é o que vai asumir esa responsabilidade política, porque, se houbo filtracións, o tribunal non ten nada que ver e pasou o que pasou, polo que vostede dice...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Lage.

O señor LAGE TUÑAS:... alguén será responsable. Por favor, díganos quen é responsable, porque eso é o que se espera dun goberno serio.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Lage.

Réplica do Goberno. (*Pausa.*)

Ten a palabra a señora conselleira de Facenda.

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Fernández Currás): Moitas grazas, presidente.

Señoría, a responsabilidade política é o que está a facer este Goberno, pero ocorre que vostede non está falando de responsabilidade política, vostede pretende unha inmolación, cunha lóxica aplastante: algo pasou, alguén debe responder. Isto é algo así como se cada atraco ou roubo que se produce (*Interrupcións.*) pedísemos o cesamento do señor Rubal-

caba. (*Murmurios.*) Miren, señorías, isto require unha análise moi seria... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): ¡Por favor, por favor!

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Fernández Currás):... unha análise moito máis seria. Non se detectou erro algún no seo da Administración, non hai unha relación de causalidade directa entre os feitos detectados e a actuación da Administración. É evidente que no proceso fallaron os mecanismos de seguridade, non foron efectivos, eso é evidente. (*Murmurios.*) Pero non é o mesmo que os mecanismos non fosen efectivos como consecuencia dunha actuación da Administración que que non fosen efectivos como consecuencia da actuación delitiva duns particulares. E aí apuntan as primeiras conclusións do Ministerio Fiscal, nada máis e nada menos; uns feitos –insisto– que semellan atribuíbles á presunta acción delitiva de cinco particulares, sen a participación de quen integraba os tribunais; repito, sen a participación de quen integraba os tribunais. (*Interrupcións.*) E esta última afirmación non é miña, é do propio Ministerio Fiscal.

En segundo lugar, é pouco razoable sacar conclusións tan precipitadas, xa que está en marcha un proceso penal. Quero recordar, un proceso procesal preferente e excluínte. E mire, señor Lage, quero recordar tamén que o acontecido non ten nada que ver co que pasou hai dous anos no seno da EGAP, (*Murmurios.*) porque entón o que pasou foi consecuencia dos responsables da Administración. A Administración foi vítima das consecuencias feitas polos seus responsables. Pero aquí estamos falando duns feitos en que a Administración é vítima da acción delitiva de terceiras personas. O que fixemos nós foi iniciar unha acción de investigación, recollendo unha ampla documentación que remitimos ao Ministerio Fiscal, como é a nosa obriga, enfrontando un proceso de traballo pra mellorar os procedementos.

E non nos parecen nin xustos nin lóxicos os reproches que agora vostede trae a esta Cámara, cando o prudente é agardar. O prudente é agardar a que remate o proceso xudicial, que, como digo, estamos falando dunha responsabilidade penal que é preferente. (*Murmurios.*)

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D.^a Emma Álvarez Chao e seis deputados máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o nivel de execución e aplicación das medidas e axudas adoptadas para paliar os danos producidos polo ciclón Klaus na noite do 24 de xaneiro de 2009 aos propietarios forestais

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Ten a palabra, para formular a pregunta, a señora Álvarez Chao.

A señora ÁLVAREZ CHAO: Gracias, señor presidente.

Señorías, membros do Goberno, conselleiro do Medio Rural, o Grupo Parlamentario Popular rexistra esta pregunta o día 25 de xaneiro, precisamente un ano despois de que a noite do 24 se producira a maior catástrofe forestal que sufriu o monte galego dende a trágica oleada de incendios que na primeira quincena de agosto do 2006 calcinou unhas 80.000 hectáreas.

O Klaus foi o ciclón que marcou rexistros históricos de temporais na Comunidade galega, deixando rexistradas ráfagas máximas de 198 km/h. As consecuencias deste fenómeno meteorolóxico foron diversas: estragos en instalacións deportivas, danos en pantaláns, pistas forestais, carreteras cortadas, danos en vivendas, pérdidas de masa arborada e, o máis grave, perda de vidas humanas. Como consecuencia de todo isto, puxéronse en marcha distintas accións públicas paliativas, co obxectivo de axudar os afectados. Cómpre recordar que naquel momento á fronte da Xunta de Galicia estaba un goberno bipartito que tan só uns días máis tarde elaborou o Decreto 13/2009, de 29 de xaneiro, poñendo en marcha axudas case de xeito inmediato para todos os sectores afectados, agás o forestal, precisamente o sector máis castigado polo temporal.

A anterior Consellería de Medio Rural tardou case tres meses en reaccionar e publicar unha orde de axudas para o sector forestal, orde publicada –xa perdidas as eleccións– o 15 de abril e que impediu a tramitación dos expedientes ata mediados de xuño, xusto o momento en que remataban os prazos establecidos. Para o recién estreado Goberno da Xunta a extracción da madeira e recuperación das áreas forestais afectadas polo Klaus foi dende un primeiro momento unha prioridade. Pero na consellería que vostede dirixe, señor Juárez, somos conscientes de que se encontraron con varios atrancos: en primeiro lugar, os prazos da orde

publicada polo bipartito –antes mencionada–, que imposibilitou entrar nos montes de xestión privada, iniciar expedientes de retirada e mesmo a valoración dos expedientes tramitados ata case seis meses despois do temporal. En segundo lugar, atopáronse cunha orde de axudas cunha dotación orzamentaria de 2 millóns de euros; cantidade insuficiente para facer fronte a todos os expedientes de solicitude que se presentaron.

Foi o actual Goberno da Xunta o que ampliou o crédito en máis dun 200%, pasando de 2 a 6,3 millóns de euros, e axilizou os traballos de retirada. Así, en menos de tres meses de goberno, efectuáronse a retirada completa da madeira afectada nos montes de xestión pública, poñendo de manifesto a vontade da actual Xunta por resolver unha situación que afecta a un sector clave na maioría das comarcas afectadas. Pero non só foron estes os atrancos, a climatoloxía atípica deste verán chuvioso, a crise madeireira sufrida o pasado ano, así como as diversas ordenanzas municipais que obstaculizaron a recollida do resto do Klaus tampouco favoreceron as accións de retirada.

Por ese motivo este Grupo Popular quere facer balance un ano despois da catástrofe e por ese motivo formula a seguinte pregunta: ¿cal é o nivel de execución e a aplicación das medidas de axudas adoptadas para paliar os danos producidos polo ciclón Klaus aos propietarios forestais galegos?

Gracias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas gracias, señora Álvarez Chao.

Resposta o conselleiro de Medio Rural, o señor Juárez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (Juárez Casado): Moitas gracias, señor presidente.

Señorías, efectivamente, a noite do 23 e o 24 de xaneiro de 2009 tivo lugar en Galicia un feito meteorolóxico adverso que produciu danos en múltiples sectores, e especialmente no sector forestal. É verdade tamén que este sector non foi tido en conta no decreto que elaborou o Goberno daquela e que só se contemplaron axudas para o sector afectado a través dunha orde –tal e como sinalaba a súa señoría– que se publicou o día 15 de abril do ano pasado; polo tanto, pouco

menos dunha semana antes de tomar posesión o Goberno. Era unha orde que tiña un período de solicitude ata o día 15 de maio e que pola súa forma pois esixía ter en conta todas as solicitudes para facer unha avaliación conxunta e para poder empezar a resolver. Isto fixo que as resolucións se demorasen, despois de completar a documentación, se non se puidera empezar a resolver legalmente ata polo menos finais de xuño. E, ademais, esta tramitación hai que entendela tremendamente complexa porque non hai que entender esta tramitación como unha resolución de expedientes administrativos puramente burocrática feita nunhas oficinas senón que esixía a visita ás parcelas afectadas. Foron máis de tres mil parcelas, máis de mil propietarios afectados e, polo tanto, esixía a visita, a avaliación dos danos, o cálculo do volume afectado, o acordo cos propietarios e a búsqueda de madeiristas que procederan á retirada da madeira.

Polo tanto, ao final, púidose producir a resolución dos expedientes. Foron 576 expedientes aprobados –insisto– de máis de mil propietarios, posto que había solicitudes conxuntas de varios propietarios, e púidose proceder á asignación de todos os traballos antes de concluír o mes de novembro. Polo tanto, pensamos que foi unha tramitación rápida, foi unha tramitación todo o rápida que permitía a orde, tendo en conta, ademais, que tivemos que ampliar a súa dotación, tal e como sinalaba tamén a súa señoría, desde pouco máis de dous millóns de euros –claramente insuficiente, que nos deixou o Goberno anterior– ata 6.308.000 euros, que foi a dotación final desta orde.

Sinalar que a execución material está tamén practicamente rematada, que tivemos estes meses, están aínda traballando máis de 60 equipos, 47 procesadoras, 39 autocargadores, e unha concentración de maquinaria forestal realmente sobreabundante. E que, polo tanto, todo este esforzo por parte de todos os afectados propiciou que o estado dos montes se puidera mellorar significativamente. Hai que sinalar tamén que moitos propietarios fixeron a retirada pola súa conta, hai que sinalar tamén que algúns propietarios non solicitaron as axudas e, polo tanto, que este esforzo de devolver o monte ao estado anterior non é solo froito do esforzo da Administración e dos propietarios que solicitaron estas axudas senón tamén doutros propietarios forestais e doutros operadores no mercado, que tamén tiveron o seu papel.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor conselleiro.

Réplica. *(Pausa.)*

Señora Álvarez Chao.

A señora ÁLVAREZ CHAO: Gracias, señor presidente.

Señor Juárez, gracias pola súa resposta, que pon de manifesto unha vez máis a eficacia dun goberno popular que, en menos de oito meses de xestións dende a recepción de solicitudes de extracción, logra ter retirada, ou en proceso de extracción, preto do 100% da madeira danada do devastador ciclón.

Pero a día de hoxe non só podemos falar da retirada da práctica totalidade da madeira, senón que tamén a orde de axudas recentemente publicada pola Consellería de Medio Rural vai promover a recuperación de masas de coníferas e frondosas, ao recoller a orde os traballos de preparación dos terreos, adquisición de prantas, así como as labours propias de plantación e retirada de troncos arrancados polo temporal.

Evidentemente, podemos falar de prazos e obxectivos cumpridos. E só nos queda recordarlles a aqueles que ao día seguinte de deixar o poder esixían a inmediata retirada da madeira que, pese aos atrancos administrativos e aos prazos herdados, pese ás adversidades meteorolóxicas e orzamentos insuficientes, gracias ao esforzo e ás xestións da Consellería de Medio Rural, hoxe podemos falar de obxectivos cumpridos en prazos marcados. E non só se retirou a madeira danada, senón que tamén se crearon novos incentivos para a recuperación das áreas forestais dañadas.

Pero o Klaus non só deixou pegada na Consellería de Medio Rural, 18 millóns de euros foi o importe total que a Xunta de Galicia achegou para paliar os efectos deste ciclón, repartidos entre os diferentes departamentos. A Secretaría Xeral para o Deporte, a Consellería de Presidencia, a Consellería de Facenda, a Consellería de Economía e Industria, a Consellería do Mar e a de Infraestrutura tamén contribuíron á recuperación posterior da catástrofe meteorolóxica.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Álvarez Chao.

Réplica do Goberno. *(Pausa.)*

Señor Juárez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (Juárez Casado): Gracias, señoría.

A min quédame pouco máis que engadir.

Simplemente sinalar que, en efecto, a propia estrutura do monte en Galicia, onde máis de practicamente o 95% da superficie privada –dous tercios desta superficie– é de propietarios individuais –practicamente un tercio de montes comunais–, fai moito máis complicada esta labor que noutras áreas da nosa xeografía. Decir que realmente os montes xestionados pola Administración puideron ter, loxicamente, unha resposta moito máis rápida. Antes do outono estaban retirados uns 263.000 metros cúbicos dos montes públicos, ou xestionados pola Administración autonómica, e que, loxicamente, a estrutura –insisto– do monte privado en Galicia dificulta moito ese tipo de labores.

Sinalar que, en efecto, tamén o mercado da madeira atopábase no seu peor momento, non soamente pola depresión que sufría e que sofre aínda por mor da parada no sector da construción, senón porque o temporal a que aludimos non soamente afectou a Galicia senón que afectou a outras zonas de Europa moi ricas en madeira, como As Landas francesas, onde caeu moita madeira que se situou no mercado inmediatamente e que, polo tanto, contribuíu a deprimir os prezos, e, por tanto, a facer menos atractiva esta laboura de retirada da madeira que estaba esparcida nos montes naquel momento.

Finalizo sinalando que realmente este tipo de actuacións administrativas deberían ter sido máis áxiles na parte administrativa, non tanto na parte de execución, porque a parte de execución ten, loxicamente, unhas dificultades materiais evidentes; por algunhas zonas incluso de problemas de acceso. E que a parte administrativa procuraremos, en futuras actuacións similares –aínda que esperamos non da mesma natureza–, poder facela moito máis áxil e moito máis eficaz no futuro.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, conselleiro.

Pregunta de D.^a María Carmen Gallego Calvar, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións do Goberno galego en relación cos danos causados pola intensa pluviosidade rexistrada nos pasados días do mes de decembro de 2009

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Ten a palabra, para formular a pregunta, a señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados.

No mes de decembro do pasado ano, a primeiros de decembro, alá polo 9 de decembro, e tamén no mes de xaneiro deste ano, producíronse na nosa Comunidade Autónoma distintos acontecementos de condicións climatolóxicas adversas que produciron graves danos a bens públicos e a bens privados.

No caso do mes de decembro, a primeiros do mes de decembro, houbo enchentas provocadas pola abundante choiva e sobor de todo en torno de ríos que xa viñan habitualmente tendo asolagamentos, tendo enchentas, tendo desbordamentos, como pode ser na zona de Ferrol ou na zona de Padrón.

O 14 de xaneiro deste ano 2010 produciuse o vendaval Flora, que afectou basicamente ás provincias de Pontevedra e A Coruña; aínda que tamén nalgunhas zonas do interior de Lugo tamén afectou. E a semán seguinte, cáseque de inmediato, tamén se produciron as enchentes na Mariña, as inundacións da Mariña, na Mariña de Lugo, que provocaron diversos desperfectos; desperfectos tales como estragamentos de estradas autonómicas, provinciais, viais municipais, pontes esnaquizadas, infraestruturas de saneamento e abastecemento inutilizadas, ríos desbordados, asolagamentos, domicilios particulares anegados, empresas privadas danadas, tendidos eléctricos fortemente danados. Hai que lembrar que durante o vendaval Flora, producido o 14 de xaneiro, máis de 206.000 fogares galegos estiveron sen luz, e, en concreto, na provincia de Lugo, chegaron a estar ata tres días

consecutivos sen ter servizo de luz; postes telefónicos tirados, pavillóns e colexios sen tellados, con graves desperfectos, evidentemente, todo tipo de mobiliario público deteriorado, praias arrasadas, peiraos danados gravemente, e tamén en moitas rías, sobor de todo na provincia de Pontevedra, graves danos a embarcacións de pesca, deportivas e tamén a artefactos flotantes como bateas.

Diante de toda esta situación, o que esperaríamos todos do Goberno de Galicia sería que tiveran a ben facer cando menos unha avaliación dos danos que se produciron por estas condicións meteorolóxicas adversas e dicirlle ao conxunto da cidadanía cales poderían ser as medidas a adoptar ou cales serían as medidas a adoptar por parte do Goberno de Galicia en forma de axudas, en forma de asesoramento, para o caso de que houbera seguros privados, ou calquera outra cuestión.

A realidade é que pasou case un mes, pasaron catro consellos da Xunta, ningún informe en ningún deles de avaliación dos danos destas tres incidencias que acabo de relatar e ningún decreto de axudas urxente para axudar a paliar os danos destas tres incidencias meteorolóxicas.

Por iso...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate.

A señora GALLEGO CALVAR:... lle preguntamos hoxe ao Goberno de Galicia: ¿que ten feito en relación con estes tres incidentes meteorolóxicos producidos en decembro e en xaneiro deste mesmo ano?

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Gallego.

Ten a palabra, para responder, o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O señor CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Hernández Fernández de Rojas): Grazas, señor presidente.

Señora Gallego, como ben dixo vostede, o mes de decembro de 2009 foi un mes de especial pluviosidade, cuns valores climáticos moi superiores aos rexistrados no mesmo período

en anos anteriores, chegando a duplicar os litros por metro cadrado en varios puntos da xeografía galega a media dos últimos anos, e superando os vinte días de choiva ao mes en boa parte do territorio galego.

Esa pluviosidade foi especialmente intensa o día 6 de decembro, aínda que tamén vostede se referiu a outros días do mes de xaneiro –data á que entendo se refería a súa pregunta, tendo en conta a data da mesma, o día 6–, no que, xunto co 28, se produciron as maiores precipitacións do mes de decembro, que nalgunha zona de Galicia chegaron a superar os 70 litros/metro cadrado ao día.

Estas fortes choivas trouxeron como consecuencia principal o desbordamento de correntes fluviais, con danos e incomodidades que teñen como consecuencia ese asolagamento.

Como é coñecido nestes casos de condicións meteorolóxicas adversas, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e de acordo coas alertas que establece para isto a Axencia Estatal de Meteoroloxía, activou, transmitiu o aviso, aos organismos competentes, coordinando e mobilizando os distintos medios activados neses casos.

Polo tanto, como é habitual, dende a Xunta de Galicia preséntuselle a máxima colaboración ao dispositivo coordinado pola Dirección Xeral de Emerxencias, tratando de lograr, e cremos que conseguindo minimizar, os efectos das adversas condicións climatolóxicas para os cidadáns. Igualmente, durante esa xornada e en xornadas sucesivas, tanto os servizos de conservación de estradas como os de Augas de Galicia mantivéronse alerta para atender calquera demanda relacionada coas súas competencias.

Por outro lado, as peticións de axuda por danos nesas datas dende os concellos ou dende os propios cidadáns apenas se rexistraron nos departamentos da Administración autónoma ata a data, polo que no se considerou necesaria ata o momento a creación de liñas de axuda específicas para ese fin.

Por último, en relación coas dificultades de evacuación dos litros fluviais, a que fai vostede no texto da súa pregunta, que tamén é certo, como indiquei, que foi a causa da maior parte das incidencias rexistradas neses días, cómpre indicar que a Xunta de Galicia está a desenvolver, conforme a planificación hidrolóxica, un estudo de revisión das zonas aso-

lagadas e tamén a delimitación do dominio público hidráulico dos ríos de Galicia costa. Este estudio, que recolle e actualiza os estudos realizados por Augas de Galicia nos últimos anos, estará rematado neste mesmo mes de febreiro e será explicado na próxima Xunta de Goberno de Augas de Galicia prevista para finais de marzo de 2010. O estudo delimita exactamente 80 quilómetros de ríos, distribuindo 39 treitos de río con mapa de risco para as bacías costeiras, inclúe as distintas medidas de actuación necesarias, así como a prioridade das mesmas.

Polo tanto, señora Gallego, creo que vostede pode comprobar coa miña resposta que as medidas da Xunta foron en dúas direccións: en dirección paliativa, coa activación das medidas de emerxencia e dos servizos de emerxencia, e tamén unha resposta estrutural no eido da mellora da xestión e delimitación do dominio público hidráulico.

Moitas grazas e máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Hernández.

Ten a palabra, para a réplica, a señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Señor conselleiro, cando sucede o que sucedeu nos primeiros días de decembro, o 14 de xaneiro e o 25 de xaneiro –máis, menos–, con estas tres incidencias meteorolóxicas fortes que provocaron graves danos a moitos cidadáns do noso país, un goberno non espera a que un concello ou un cidadán se dirixa a el para pedirlle axuda. Un goberno está para actuar decididamente dende o primeiro momento e para poñer á disposición dos cidadáns a información e a axuda necesaria.

Teño que lamentar aquí, neste Parlamento de Galicia, que aínda falta, a día de hoxe, o primeiro membro do Goberno de Galicia que se teña preocupado polas consecuencias destas tres graves incidencias meteorolóxicas e que se teña desplazado aos lugares donde se produciron os danos para estar coa xente afectada.

Teño que lamentar aquí hoxe, neste Parlamento de Galicia, que dende a Consellería de Presidencia, un mes despois, catro consellos da Xunta despois, non se teña feito nin unha sola avaliación de danos e, dende logo, ningún membro do

Goberno se ten dirixido aos concellos de Galicia para pedir-lle ningunha avaliación de danos nin para dicirlles que van a habilitar un decreto extraordinario de axudas para os particulares que se viron afectados polos temporais.

Señor conselleiro de Medio Ambiente, é a súa obriga, dentro das responsabilidades que ten como conselleiro de Medio Ambiente, repoñer os viais destrozados, os abastecementos e os saneamentos destrozados; así como é a obriga da conselleira de Sanidade ou do conselleiro de Educación reparar os centros educativos ou os centros de saúde que se puidesen ver afectados polos temporais. Pero é tamén obriga do Goberno de Galicia poñer información á disposición dos cidadanos que se viron afectados polos temporais, e habilitar axudas, se dirixiran os cidadáns ou non a vostedes. Porque isto é o que se facía habitualmente, e aquí os cidadanos siguen estando sós, desprotexidos, fronte aos danos que lles produciron eses temporais, que, en moitos casos, en moitos casos, señor conselleiro, deixaron a eses cidadanos...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate.

A señora GALLEGO CALVAR:... sen o seu medio de vida para seguir desenvolvendo a actividade económica que viñan facendo.

¿Que poden esperar os cidadáns de Galicia dun goberno que ata o día de hoxe aínda non foi capaz de preocuparse polo que lle pasou aos cidadanos, polos danos que sufriron os cidadanos fronte a esas incidencias climatolóxicas das que temos falado?

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate.

A señora GALLEGO CALVAR: Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Gallego.

Réplica do Goberno.

Conselleiro de Medio Ambiente.

O señor CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Hernández Fernández de Rojas): Si.

Moitas grazas, señora Gallego, e señor presidente.

Por outro lado, en relación coas medidas estruturais, señora Gallego, simplemente volverlle a indicar que o Goberno si que tomou, adoptou, medidas estruturais, está adoptándoas e neste mesmo ano 2010 contaremos cun sistema para predicir as enchentes vía *web* que permitirá anticipar a situación dos diferentes cauces de auga de Galicia en función da situación meteorolóxica e dos datos e das informacións feitas por MeteoGalicia.

Así mesmo tamén licitamos, no pasado mes de decembro, os contratos de servizo de acondicionamento, mantemento e conservación do dominio público hidráulico nas bacías de Galicia costa por valor de 1,7 millóns de euros, que estarán en marcha no próximo mes de marzo. Desta forma o organismo autónomo contará cun amplo operativo especializado no mantemento e na conservación dos leitos para os próximos dous anos, que axudará, sen dúbida, a mellorar a capacidade de desaugue dos diferentes cauces públicos de Galicia e, especialmente, de Galicia costa.

¿Que é o que vai a facer o Goberno da Xunta? Pois, mire, o Goberno da Xunta vai avanzar na delimitación de zonas inundables, como lle expliquei fai un momentíño, vai avanzar nos sistemas tecnolóxicos para predición de enchentas, vai avanzar nos deslindes do dominio público hidráulico, vai avanzar na contratación pública de contratos para a mellora dos entornos fluviais de Galicia, utilizando tamén –quero dicirlle isto, señora Gallego– a Lei de contratos das administracións públicas con transparencia e con obxectividade. Eso é o que imos facer. E o que non imos facer é, por exemplo, utilizar as enchentas ou calquera outra circunstancia para saltarnos a normativa vixente. Non imos facer plans de emprego fantasmas a través de Tragsa para comprometer no mes de decembro, como fixeron vostedes, 10,4 millóns de euros, pagar nese mesmo mes 8,3 millóns de euros o 30 de decembro e, co pretexto das enchentas, no mes que todo o mundo sabe que non se poden limpar os ríos –é evidente–, pois facer un plan de emprego a dedo para 434 persoas. Eso é o que non imos facer porque eso, en definitiva, é malgastar os orzamentos públicos. Eso é o que fixeron vostedes, e nós non o imos facer.

Nós imos a responder de xeito inmediato e resolver os problemas da xente, como fixemos, por certo, no pasado mes de

xaneiro na Mariña, aprobando na mesma semana das enchentes os créditos necesarios e suficientes para reparar as infraestruturas e resolver os problemas; unicamente para iso e non para facer plans de emprego fantasmas, como lle dixen.

Nós, é evidente, non podemos controlar os fenómenos meteorolóxicos, pero o que si que podemos, e imos facelo, é non utilizalos para sacar réditos electorais, como fixeron vostedes.

Moitas grazas e máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D.^a Sonia Verdes Gil e de D.^a María Soledad Soneira Tajés, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o preacordo entre a empresa Alimentos Lácteos e o Grupo Leite Pascual

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Verdes.

A señora VERDES GIL: Moitas gracias, señor presidente.

Señores membros do Goberno, señor conselleiro de Medio Rural, hoxe cúmprense dous meses do anuncio do preacordo de Pascual para a xestión da factoría de Outeiro de Rei, que, como saben, tiña presentado un ERE dende o pasado mes de maio que levaría ao peche da factoría, de non atopar comprador, e á perda dos postos de traballo.

Vostede, señor conselleiro, se vanagloriaba aquel mesmo día do anuncio que facía un pequeno grupo de cinco cooperativas e se encargaba persoalmente de alentar os traballadores dun magnífico acordo para o futuro da planta.

Ben é certo, señor conselleiro, que despois de dous meses todo foron especulacións e anuncios pero nada transcendeu dese acordo nin pouco ou nada se ten avanzado. Hoxe mesmo un asunto burocrático volve atrasar e apraza a sinatura do acordo definitivo.

A postura, señor conselleiro, do Partido Socialista, foi sempre a mesma. Defendemos unha solución viable de futuro

que garantira a actividade da planta, os postos de traballo comprometidos cos traballadores, xa o temos demostrado, pero tamén co conxunto do sector lácteo, defendendo unha solución integradora na que puideran participar o conxunto de cooperativas galegas; un proxecto como o que defendía Feiraco, que permitía transformar 500 millóns de litros anuais de leite, pechar o ciclo produtor-consumidor e posibilitaría sentar as bases para o Grupo Lácteo Galego.

A súa actitude, señor Juárez, foi de disimulo, negando apoio e boicoteando e poñendo chanzos ao proxecto que defendían 24 cooperativas das máis importantes galegas. Agochaban o tento de control do Partido Popular para entregar a factoría de Pascual a cinco cooperativas directamente vencelladas ao Partido Popular, a resolverlles os problemas económicos a alcaldes e concelleiros do Partido Popular imputados incluso por fraudes de leite negro na produción de queixo dunha denominación de orixe.

Interesado, señor Juárez, unicamente en defender os intereses do Partido Popular, e non lle importaba que se perderan 85 postos de traballo, que xa se perderon. Non lle importaba deixar na incertidume a 71 traballadores que a día de hoxe aínda non teñen ningún contacto coa nova empresa e a costa de afundir, señor conselleiro, o conxunto de cooperativas galegas, nun momento de dificultades, que estaban a apostar polo sector, sen importarlle, efectivamente, perder a oportunidade para sentar as bases dese grupo lácteo galego.

E despois poden chegar a este Parlamento e presentar por enésima vez o Plan estratéxico para o sector lácteo, falar de vertebración, de redimensionamento e de competitividade das cooperativas galegas, falar do programa Impulsa Lugo, cando a máis importante xestión que tiñan que levar a cabo durante estes meses de goberno para a provincia de Lugo, dende o punto de vista empresarial, pero tamén para o conxunto do sector lácteo, non estiveron á altura.

E agora cinco cooperativas non garanten a actividade da planta, con máis de 150.000 litros diarios, e, señor conselleiro, segue vostede a disimular e estivo caladiño todos estes meses. É por eso polo que lle facemos unha pregunta clara: ¿en que termos se asinou o preacordo coas cinco cooperativas que, lideradas pola Arzuana, defenden o proxecto para Pascual respecto dos postos de traballo, das condicións laborais dos traballadores, da actividade e da viabilidade da

planta do futuro, nos termos en que participou a Consellería de Medio Rural...?

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Verdes.

A señora VERDES GIL: Si, señor presidente, remato.

¿Como mediou vostede, señor conselleiro, para impulsar a normalización dese acordo? ¿En que termos vai participar a Consellería de Medio Rural? ¿E que melloras presenta ese proxecto que defenden esas cinco cooperativas respecto do proxecto integrador que defendían as 24 cooperativas que lideraba Feiraco?

Gracias.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Verdes.

Ten a palabra, para responder, o conselleiro de Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (Juárez Casado): Moitas gracias, presidente.

Señorías.

Señora Verdes, é evidente que a cuestión da que vostede me fala hoxe é unha cuestión que atinxe a dúas empresas que chegan a un acordo de compra-venta dunhas instalacións a través dun contrato de aluguer con opción de compra, no medio doutra serie de ofertas e de empresas que se tiveron interesado polo aluguer ou pola compra da planta que o Grupo Leite Pascual decidiu pechar na localidade de Outeiro de Rei. Polo tanto, a cuestión atinxe –insisto– a dúas empresas. Vostede insiste, empéñase, en que o Goberno dea contas de termos, de acordos entre empresas privadas que, desde logo, eu teño que dicirlle categoricamente que non lle corresponde. Desde logo, o Goberno foi claro desde o principio nesta materia: sempre defendeu a continuidade da planta, sempre defendeu a continuidade para dar servizo ao sector lácteo galego, para dar emprego na zona e sempre defendeu un proxecto viable e un proxecto de futuro. E se tivo que sinalar unha preferencia, sinalouna; efectivamente sinalou unha preferencia por un proxecto cooperativo conxunto, que non, digamos, supuxera unha pugna de dous grupos cooperativos pola xestión destas instalacións. Finalmen-

te, como é ben coñecido, un grupo de cooperativas chegou a un acordo co Grupo Pascual –vendedor–, e asinaron un pre-acordo no mes de decembro, que, según as noticias que nos transmiten, está a piques de materializarse nun acordo definitivo.

Eu quixera, señora Verdes, sinalarlle que no seu razonamento escóndese unha profunda contradición. Realmente o que vostede está aquí non é dicíndolle ao Goberno que apoiou a un grupo de cooperativas por motivos políticos, o que vostede está dicíndolle ao Goberno é que o que a vostedes lles gustaría, o que vostedes farían, é simplemente apoiar a un dos grupos que optaban a aquela fábrica por motivos políticos, e eso non é o que facemos nós, señora Verdes; eso non o facemos nós, iso é o que fan vostedes. Vostedes desde o principio tomarían a decisión de que a Xunta apostara por unha opción sen ter en conta, insisto, que neste estamos no ámbito privado e sen ter en conta que este, digamos, tipo de mediatizacións non corresponden a un goberno serio, a un goberno obxectivo de todos os cidadáns.

Desde logo, nós non vemos esto como unha operación política, nós vemos esto como unha operación empresarial. Nós imos apoiar a este grupo e a outro grupo en todos os proxectos que presenten, que sexan viables, que teñan garantías de futuro e que supoñan un beneficio para o sector lácteo, para o conxunto de Galicia e, en definitiva, para o conxunto da sociedade.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra a señora Verdes.

A señora VERDES GIL: Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, lamento que siga vostede na mesma actitude. Vostede ten responsabilidade de goberno porque está no Goberno e tócalles a vostedes gobernar, e, desde logo, o seu compromiso ten que ser para defender os traballadores e os produtores, non pode botar fóra toda a súa responsabilidade.

Mire, o Partido Socialista tuvo un compromiso, e tuvo un compromiso para defender un proxecto de base cooperativa

forte, un proxecto que defendían 24 cooperativas fronte a un proxecto que defenden unicamente 5 cooperativas e que o único que van a facer é entrar a competir nun mercado como un competidor máis en lugar de vertebrar, desestruturar. Nós non tivemos ningún interés partidista nin sectario, nós seguimos defendendo un proxecto para que se integre un conxunto de cooperativas, e nos dá igual que defenda ese proxecto A Arzuana ou Feiraco. Pero vostede, señor conselleiro, agora, que xa controla quen vostedes queren a factoría de Pascual, cando A Arzuana se vai a reservar o 51% do accionariado e cando o Partido Popular vai a manter o control maioritario da sociedade, agora iso non lles interesa, porque me vai a dicir vostede, señor conselleiro, se é certo ou non que o conxunto de cooperativas galegas que lideraba Feiraco e que lidera Feiraco lle amosaron o seu interés por participar nese proxecto. E eu quero que me responda hoxe: ¿que está a facer vostede e que fixo vostede para que se poidan integrar a ese proxecto que integra Alimentos Lácteos para que se poida conxugar un proxecto conxunto de todas as cooperativas galegas sen ningún interés partidista? Porque o proxecto de Feiraco e o conxunto de cooperativas que lidera non teñen ningún interés partidista máis que defender os gandeiros e as gandeiras e os produtores e o conxunto do sector.

Por ese motivo, eu lle pregunto: ¿que xestión se está a facer para que poidan integrarse o conxunto de cooperativas galegas a ese proxecto que inicia Alimentos Lácteos? ¿Que xestión se está a facer dende a Consellería de Medio Rural, non só para resolver os problemas desas cinco cooperativas, senón para conquistar vertebrar o sector?

E, respecto tamén das axudas, quixera tamén que aclarara, efectivamente, porque non deu dito qué melloras supoñía un proxecto respecto do outro, qué compromisos lle vai esixir á Consellería do Medio Rural, condicionado a esas axudas, porque as cinco cooperativas non garanten a viabilidade da planta, porque teñen serios problemas financeiros, porque non garanten a actividade da planta, porque non garanten a produción necesaria, porque non garanten os postos de traballo, porque paralizarán tres liñas de produción, porque lle esixía a Feiraco, o grupo que lideraba Feiraco, compromisos coa distribución...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Verdes.

A señora VERDES GIL:... que non sei se se lles van esixir ás cooperativas que lideran agora ese proxecto.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Verdes.

Réplica do Goberno.

Señor Juárez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (Juárez Casado): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, realmente a actitude, o compromiso do Goberno, vai ser exactamente o mesmo cun grupo e co outro grupo. Nós non tivemos unha participación no preacordo que se asinou, e nós mantemos o noso compromiso de apoio tanto a un grupo como a outro grupo. Eu non creo que sexa unha cuestión de entrar aquí nunha guerra de cifras de se hai nunha cooperativas máis que outras, qué cooperativas son, etc. Eu penso que eso é unha discusión, señora Verdes, que non nos corresponde e que, ademais, penso que non é respectuosa coa base social desas cooperativas.

Mire, eu cando vexo eses dous grupos, non vexo os seus dirixentes, eu vexo a base cooperativa que está detrás, e eu penso que os 2.000 socios que están detrás das cooperativas que hoxe acadaron este acordo merecen todo o noso respecto. Eses socios, señora Verdes, non pertencen a ningún partido político, é unha base plural, igual que os socios do outro grupo. E, polo tanto, lle digo e lle reitero que igual que este grupo que acadou este acordo ten o noso apoio, vaino ter tamén o outro grupo se acomete un proxecto empresarial desta ou doutra envergadura que teña unha viabilidade e que supoña un beneficio para o sector.

E quixera tamén facerlle unha reflexión. Mire, no tempo que levamos no Goberno, que son, se a min non me fallan os cálculos, dez meses, houbo, tiveron lugar, dous proxectos de certa envergadura, dous proxectos industriais no ámbito do sector lácteo, e sobre os cales este Goberno tivo que tomar algún tipo de decisión. Un foi un investimento de 25 millóns de euros nunha queixería importante, en Vilalba, e outro foi este proxecto de continuidade da actividade da planta de Pascual, en Outeiro de Rei. E a política do seu grupo para cos dous proxectos industriais, insisto, que crean riqueza, que diversifican a produción e que van a supoñer un apoio

importante para o noso sector lácteo –moi necesitado desta industria forte–, a súa posición para cos dous foi a de opoñerse. Vostede estivo en contra dos dous, vostede recriminou ao Goberno o seu apoio para con estes dous proxectos industriais, e eu quixera que reflexionara sobre este feito e sobre o prexuício que iso supón para o sector e para o conxunto de Galicia.

Eu penso, señora Verdes, que a oposición ten tamén unha responsabilidade dentro da súa labor de oposición. Vostede ten que facer oposición ao Goberno, eu comprendoo, pero eu rógolle que non faga oposición aos inversores e aos proxectos industriais que queren invertir, queren crear riqueza e queren crear unha vertebración para o sector lácteo en Galicia.

Máis nada e moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D.^a Ana Belén Pontón Mondelo e D. Alfredo Suárez Canal, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as declaracións do conselleiro de Cultura e Turismo nas que menospreza a cultura galega

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Desde o Bloque Nacionalista Galego traemos este asunto ao Pleno do Parlamento de Galiza porque cremos que estamos ante unha cuestión que ten moita relevancia e moita transcendencia política. Creemos que non se pode considerar unha cuestión menor o feito de que o titular da Consellería de Cultura e Turismo no único no que se teña destacado ao longo deste ano sexa por cuestionar, menosprezar e insultar a cultura galega e os nosos creadores e as nosas creadoras.

Iniciouse nesta senda, xa recén aterrizado no noso país, con aquela frase: “*La cultura gallega limita*”. E, lonxe de rectificar ao longo destes meses, o que fai é afondar nesta liña, non só coas súas declaracións, senón tamén coa política que está realizando desde o seu departamento.

Cremos que é unha extravagancia e unha temeridade que o titular da Consellería de Cultura se atreva a dicir –e vouno dicir como o dixo el, en perfecto español, en cumprimento da lexislación e do compromiso que ten o Partido Popular coa normalización lingüística–, di: “*La cultura gallega es un término un poco espinoso*”. E para rematar con esta frase, que xa en si mesma é bastante fastidiada, nos di: “*La cultura gallega está ensimismada y acomplexada*”. Desde logo, con este tipo de declaracións, con este tipo de concepción política, non é de estrañar a política de afogamento cultural que se está realizando desde este departamento; por certo, contradecendo o mandato do Estatuto de Galicia, que obriga a Xunta de Galicia e os poderes públicos a apoiar e a defender a cultura galega.

Polo tanto, nós cremos que estamos ante feitos que teñen tras de si unha enorme transcendencia e que teñen moita gravidade. E seguramente o síntoma máis evidente desta gravidade é un feito que non vimos nos últimos anos neste país, como é que once escritores galegos, que obtiveron nos últimos anos os premios nacionais por obras escritas en galego, teñan que dirixirlle unha carta ao conselleiro e ao presidente da Xunta de Galiza reclamándolle que desapareza esta pasmosa anomalía e pedindo textualmente a dimisión ou cese inmediato de don Roberto Varela, “...dado o seu escaso coñecemento e falta de consideración cara á cultura galega, que veñen a evidenciar a nula idoneidade para o posto que ocupa. El ha de ser máis feliz lonxe de todos nós –limitados, ensimismados e acomplexados–, e todos nós recuperaremos unha situación que teña un mínimo de cordura”. Que outras asociacións do ámbito da cultura, como a Asociación Galega de Editores, a Asociación Galega de Escritores ou a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil se teñan referido e teñan apoiado esta misiva.

Nós cremos que non se trata dun despiste; se non é tampouco un malentendido nin unhas palabras fóra de contexto, senón que é unha posición que atenta contra a existencia mesma da cultura galega e que incide nesa liña de ataque do Partido Popular aos nosos sinais de identidade, a nós, en todo caso, o que nos parece que ten relevancia política é aclarar aquí, en sede parlamentaria, se esta é unha posición individual do conselleiro de Cultura ou se a comparte o conxunto do Goberno, porque cremos que...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO:... se esta non é a posición do Goberno, deberán de actuar en consecuencia. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas gracias, señora Pontón.

Ten a palabra, para respostar, o conselleiro de Presidencia.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas gracias, señor presidente.

Señora Pontón, mire, xa non por lóxica, que tamén, senón por coherencia política, teña vostede por seguro que o día que un conselleiro, unha conselleira deste Goberno, insultara ou denigrara, como vostede di, a cultura galega, o presidente da Xunta o cesaría de inmediato, o día que isto se producira, pero non se ten producido; perdoe, pero non se ten producido en absoluto.

Mire, isto non foi o que fixo o conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Roberto Varela Fariña. Afirmo como compañeiro do Goberno e creo que en nome de todo o Goberno –xa que vostede a pregunta a fai así– que o señor conselleiro de Cultura e Turismo ten un exquisito, un estrito respecto e cre firmemente na necesidade da promoción e na cultura galega no seu conxunto, non só agora senón nas súas posibilidades de promoción no futuro. Isto ten que quedar moi claro, señora Pontón, porque, se non, a partir de aí, todo consiste en sacar as cousas de contexto, que é o que vostede está facendo.

Sabe de sobra que esas declaracións se fixeron nun foro económico no que se estaba falando da promoción no exterior das industriais culturais, o sabe vostede perfectamente.

Sabe tamén, supoño, que hai un estudo realizado pola Universidade de Vigo, perdón, polo Consorcio da Zona Franca de Vigo e o Consello da Cultura Galega, que di que o 2% do PIB galego se basa na difusión dos produtos culturais galegos, que crea 26.000 postos de traballo. E comprenderá vostede que o Goberno galego e o conselleiro de Cultura e Turismo é o primeiro interesado en potenciar ao máximo todo o que supón de desenvolvemento para o futuro de Galicia estes datos que lle digo. É unha preocupación non solo do conselleiro de Cultura e Turismo se non de todo o Goberno galego.

Estas declaracións se referían á necesidade de promocionar, canto máis mellor, a cultura galega, nunca a cultura galega entendida illadamente.

En ningún caso –en fin, llo podo explicar de moitísimas maneiras, creo que xa quedou claro– o conselleiro de Cultura e Turismo pretendeu facer ningunha declaración que menospreciara a cultura galega, en ningún caso. Foi explicado por el, está perfectamente comprendido no contexto desas declaracións; outra cousa é que interesadamente se queiran sacar dese contexto. E creo que o comportamento exquisito e o interese do conselleiro, dende que tomou posesión, pola cultura galega, acreditan isto perfectamente, pero, se non fora eso dabondo para vostede, debería saber que algúns –e hai que respectar a intimidade de quen se quixo dirixir ao conselleiro de Cultura– deses asinantes, logo das explicacións do conselleiro, o entenderon perfectamente e me parece que son os menos interesados en que vostede agora veña coa pretensión de utilizar politicamente e desenfocar unhas declaracións en beneficio propio dun partido que non en beneficio da cultura galega.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Rueda.

Ten a palabra, para a réplica, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Ben, señor Rueda, tomeime a molestia de escoitar –gracias ás novas tecnoloxías– o conxunto, non dese fórum, senón o conxunto das declaracións que fixo nese coloquio o conselleiro de Cultura e de traer aquí a transcripción literal do que dixo nel para demostrarlles que vostedes minten.

A pregunta que lle fan é: *¿Está la cultura gallega ensimismada o esa fase está superada?* Esta é a pregunta que lle fan ao conselleiro. E ¿que responde o señor Roberto Varela? *¿Si está ensimismada –pregúntalle–?* E di: *Si, yo pienso que si, de hecho, mi experiencia, mi evolución laboral, mi carrera, se ha basado fundamentalmente en el extranjero, y eso tiene ventajas e inconvenientes. Inconveniente: yo llego aquí y tengo muchas cosas que conocer, pero me da la ventaja de que tengo la perspectiva que se ve desde el exterior; y, desde*

luego, sí, es una cultura ensimismada y ciertamente acomplejada”. Para decirnos máis: *“Hay artistas gallegos que viven y trabajan en el exterior; por ejemplo, en Nueva York, que se mueven en una dinámica completamente distinta a la de los artistas que trabajan y viven en Galicia. Yo pienso que deberíamos abrirnos más para perder, precisamente, ese ensimismamiento. Cuando salimos al exterior es cuando se nota ese ensimismamiento; eso forma parte de nuestra idiosincrasia”*.

¿Que lle parece a vostede isto? ¿Parécelle digno dun conselleiro de Cultura? (*Murmurios.*) Nós cremos que non, porque está insultando os nosos creadores e creadoras e estalles dicindo que para progresar o que teñen que facer é irse fóra, e estanos dicindo que aquí non teñen futuro e que o que se fai aquí non ten calidade nin proxección. (*Murmurios.*)

Cremos que é un insulto a este país e cremos que vostedes deben de asumir a súa responsabilidade. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Desde que chegaron a este Goberno estanse caracterizando por crer que teñen patente de corso para ir en contra dos sinais de identidade do pobo galego, porque atacan a lingua e a cultura, e non é por casualidade, é por un deseño premeditado e porque vostedes e a política que está facendo a Consellería de Cultura non ten nada de apoio á internacionalización. Só hai que ver cousas como o feito de que estes orzamentos baixen os recursos destinados...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO:... á internacionalización, ou ver a moitos dos nosos creadores e creadoras, premiados, por exemplo, no ámbito do audiovisual, en festivais internacionais, que teñen que ir alí sen unha soa subvención da Xunta de Galiza...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Por favor, acepten as responsabilidades e asúmanas e cesen o conselleiro.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas.

Señor conselleiro de Presidencia, ten a palabra para pechar o debate desta pregunta.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, eu tamén escoitei esas declaracións; agora, do que non me vai convencer é dunha visión que vostede lle quere dar sesgada e que non coincide... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Perdoe, pero non nos imos poñer de acordo.

Mire, señora Pontón, *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* “hai que apostar por unha cultura proactiva e non acomplexada”. ¿Sabe quen dixo eso? O señor Anxo Quintana na campaña electoral. Entendemos a cultura galega como unha cultura dinámica e aberta, que dialoga, pero para isto ten que ser normal. ¿Sabe quen di isto? O seu programa electoral da campaña electoral. *(Risos.) (Aplausos.)* “Do que temos que ofrecer ao que se coñece fóra respecto á cultura galega existe un treito longo de máis”, Cristina Pato. Non sei se a vostede lle parece... Bueno, ao mellor non a respecta.

Mire, ¿quere que lle saque todo iso de contexto e lle empece aquí a facer todo o que vostede está dicindo? ¿Quere que xoguemos a eso, señora Pontón? Eu non xogo a eso, de verdade. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabra que non se perciben.)* Eu creo, sinceramente, que hai que respectar a todo aquel que respecta a cultura galega; penso que vostedes o fan, pero tamén estou seguro de que o conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Roberto Varela Fariña, tamén o fai, tamén o fai, e fixo estas declaracións nun foro falando da promoción das industrias culturais galegas, que lles fai falta, e que, se vostede non está de acordo niso, é que non nos vamos a poñer de acordo absolutamente en nada.

Mire, eu comprendo que vostedes podan diferir do deseño que temos nós, que cremos na cultura galega e cremos na necesidade de proxectala canto máis, mellor; canto máis, mellor. Vostedes ao mellor prefieren o modelo da Habana, que é concentrar os recursos todos nun sitio concreto e despois non ter ningún resultado, pero nós non cremos nesa traxectoria e nese proxecto, señora Pontón. Non entendo... Podo entender que difira do noso proxecto, que difira dunhas explicacións hasta que se dan esas explicacións concretas, pero a partir de aí, perdón que lle diga, con toda sinceridade, todo é enredar, todo é desenfocar un problema e todo

é, e llo digo por segunda vez, intentar sacar rédito político e desenfocar o que é unha traxectoria impecable —e llo digo sinceramente e con convencemento— dun conselleiro do que todo o Goberno se sente orgulloso.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Rueda.

Pregunta de D. Modesto Pose Mesura, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a intención da Xunta de Galicia de construír un hospital único para Pontevedra no monte Carrasco e o destino previsto para as instalacións hospitalarias de Montecelo

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Ten a palabra o señor Pose.

O señor POSE MESURA: Si, grazas, señor presidente.

Con todo o respecto, señora conselleira, en Pontevedra dáse unha situación ben curiosa, ben curiosa. Fai doce anos todos queríamos un novo hospital porque os recursos sanitarios estaban dispersos entre Montecelo e o hospital provincial; todos menos o Partido Popular, que era quen gobernaba, que non era unha cousa menor. E decidiu, contra a inmensa maioría da poboación de Pontevedra e da súa comarca —e ademais chamoulle irresponsables a todos os que tiñamos outra posición—, que había que continuar ampliando Montecelo e invertindo recursos en Montecelo. Así que o Goberno anterior, o Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño, por responsabilidade e despois dos recursos gastados na ampliación de Montecelo —en torno a uns sesenta millóns de euros no ano 2005, terminárase xa a terceira fase do proxecto de ampliación de Montecelo—, pois decidiu facer de Montecelo a ubicación dese añorado hospital único de Pontevedra, cun proxecto de importante ampliación para trasladar o que son os servizos do hospital provincial a Montecelo. Fíxose o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, fíxose un plan funcional como é debido, fíxose o proxecto construtivo básico, firmouse un convenio co Concello de Pontevedra e iniciouse o procedemento de expropiación; ou sexa, que fai un ano estaba todo listo para empezar a facer as cousas.

Chegan ustedes —bueno, ustedes, máis ben o señor Telmo, neste caso— e din, quietos, vamos a darlle a volta a todo o

que hai feito, e o mundo ao revés. Os que non quixeron fai doce anos, despois do que todos os galegos levamos gastado alí, din que se vai a facer un hospital novo, iso si, ecolóxico, *guay*, non sei que, non sei canto, din vostedes, nun sitio que tamén o sinala o planificador señor Telmo: monte Carrasco. Nós xa sabemos as causas, agora descubrimos as causas por que queren facer un hospital novo –moi sencillas, moi sencillas–: porque non van gastar un euro, van a facer un hospital novo donde ustedes non van a gastar un euro; van a gastalos os que veñan despois. Coas chaves en man empezárase a pagar un canon que finalmente nos vai a saír a todos os galegos pois o precio multiplicado por cinco, como vostede sabe, e, se quere, noutro debate llo demostrro.

Sabemos as causas de por que fan un hospital novo, e agora solo queremos que nos digan qué pensan facer co actual hospital de Montecelo.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Pose.

Ten a palabra, para respostar, a señora conselleira de Sanidade.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Farjas Abadía): Moitísimas grazas.

De verdade que me comprace poder informar en sede parlamentaria das liñas de traballo que o Goberno da Xunta está a desenvolver para dotar a área sanitaria de Pontevedra dun novo hospital; un hospital único, público, innovador e dotado dos equipamentos diagnósticos e terapéuticos que require unha medicina de futuro; un hospital coas dotacións complementarias que permitan, ademais, compatibilizar a actividade e a vida laboral e familiar, integrado no entorno e con boas comunicacións. Mañá, no Consello da Xunta de Galicia, o Goberno galego vai aprobar o proxecto de decreto polo que se deroga a declaración de interese supramunicipal do proxecto sectorial de Montecelo, un paso decisivo e decidido que desenvolve e devolve as parcelas aos seus propietarios e marca claramente a decisión inequívoca do Goberno da Xunta de dotar a Pontevedra dun novo hospital público.

Como temos informado dende a chegada á Consellería de Sanidade, encarguei a valoración técnica das propostas e

estudos, nos que perderon catro anos; perderon un tempo precioso no que se podían facer as melloras que estaban previstas a iniciar xa fai cinco anos. Estes estudos puxeron de manifesto as graves limitacións do proxecto de ampliación do Montecelo. Traballamos en colaboración cos profesionais para elaborar o plan funcional e o plan de espazos, traballamos en colaboración con quenos coñecen perfectamente cales son as necesidades e as dificultades de traballar no entorno do hospital de Montecelo; un plan funcional e un plan de distribución de espazos nun excelente traballo que presentamos a todos os pontevedreses, que presentamos aos alcaldes, que presentamos ás institucións provinciais e a todos os veciños. Agora estamos a elaborar os pregos para a licitación do proxecto arquitectónico básico.

Ademais, iniciouse o procedemento administrativo para a obtención de solos nun emprazamento que resposta claramente á necesidade de comunicacións, de espazo para o futuro crecemento e de entorno que permita claramente a planificación desta importante infraestrutura. De feito, esta mañá tivo lugar a reunión das institucións, das tres institucións implicadas no novo proxecto; unha reunión da Comisión Técnica de Seguemento, que xa se emplazou para a segunda reunión no mes de marzo e que se reuniu baixo un ambiente de clara cooperación para afrontar claramente a realización desta infraestrutura.

E no que respecta a Montecelo sepa que todos os traballadores do complexo, en colaboración coas dúas xerencias de atención primaria e de especializada, están a elaborar o Plan funcional da área sanitaria.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Farjas.

Ten a palabra, para a réplica, o señor Pose.

O señor POSE MESURA: Bueno, vostede vén aí co papel escrito. Ten que dicirlle que lle fagan o papel máis corto, porque non me contestou ao que lle preguntei: ¿que van facer con Montecelo? E non me diga que o van a dedicar ao sociosanitario, porque, en fin, entón vou a ter que dicirlle algo que non me gusta, que é unha insolvente; que politicamente non se pode confiar en vostede, porque é non saber

nada do que estamos a falar. Vale máis que lle metan a pala directamente e que o derrumben.

Xa temos unha medida en Galicia para acabar co paro, é moi sencillo: van a facer o hospital de Vigo, o hospital de Pontevedra, non nos costa nada, e van a ter aí obreros a traballar a punta e pala cunha empresa privada. Pois fagamos así en toda Galicia cos centros de saúde e empregamos a todas as construtoras de Galicia, se esa é a medida, se esa é a solución. ¿Ou será unha irresponsabilidade e estamos hipotecando o futuro? Desde logo, estamos hipotecando o futuro sanitario da área sur de Galicia, e vainos costar moito a todos os galegos. É unha verdadeira gamberrada; gamberrada, non, eu utilizaría..., non existe o término “delito político”, pero desde logo está entre a gamberrada e o delito político; delito político polas repercusións que ten, porque é irreversible, estas decisións son irreversibles, e teñen unha transcendencia moi relevante, porque vamos a ter que pagar todos os anos, no capítulo II, din ustedes 50 millóns de euros, vamos a ver o que temos que pagar. E, por certo, ¿quen vai dirixir ese hospital? Porque vai haber un xerente que controla todo e outro xerente que dirixe aos médicos –por certo, os médicos sabe ben vostede que son pouco fáciles de dirixir–, xa me dirá qué vai facer ese xerente. A comida dos enfermos vanlla controlar, todo o que é a hostelería vanllo controlar, todo o que é limpeza vanllo controlar, a vixilancia vanlla controlar, a tecnoloxía vanlla controlar, todo; ¡ollo!, e os produtos farmacéuticos. E veremos no futuro se ao final non interesa tamén que aos médicos os xestione e que os contrate unha empresa privada, ¿por que non? Se estamos nestas novidades do... ¿como era?, ¿PFI, ou PIF ou Pifia?, ou ¿como era eso? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Pose.

O señor POSE MESURA: Contéstenos, señora conselleira, diga con responsabilidade, que usted non está aquí..., en fin, non é unha predicadora nunha igrexa...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas gracias, señor Pose.

O señor POSE MESURA:... é a conselleira de Sanidad e tenlle que decir a todos os pontevedreses qué vai facer co hospital de Montecelo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas gracias, señor Pose.

Gracias.

Ten a palabra, para a réplica, a conselleira de Sanidade.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Farjas Abadía): O Goberno da Xunta de Galicia está a traballar con responsabilidade, está a traballar cun claro obxectivo: dar definitivamente unha resposta, unha resposta con criterio e unha resposta pensando no futuro da atención sanitaria de Pontevedra. E tanto é así –e tamén o entenderon todos os traballadores sanitarios que colaboraron na elaboración do plan funcional– que na reunión que tiveron con eles todos, todos, entenderon que claramente esta é a aposta que estaban a esperar dun goberno responsable e dun goberno que non perde o tempo.

Si quero clarear ademais a importante utilización que se está a facer da inversión, que ten permitido durante os seis-sete últimos anos, facer as intervencións no hospital do Montecelo, as inversións nos quirófanos, que actualmente están sendo utilizados, están a permitir precisamente as intervencións que se fan. Pero non se podía abordar a elaboración dunha ampliación que partía da destrución, precisamente, do bloque quirúrxico e non deixaba claro onde íbamos a operar, onde íbamos a intervir en Pontevedra: hospital de Montecelo, hospital Provincial. Como decía, se está a elaborar o Plan funcional da área, que é complementario ao Plan funcional do hospital, e que vai permitir definir a utilización tanto para a hospitalización para os doentes en media e longa estancia, así como a complementación no hospital provincial de servizos sociosanitarios. Un panorama claramente de mapa, claramente incardinado das tres estruturas: un hospital único, xeral, que va a atender claramente a todas as unidades coas innovacións que require a área sanitaria de Pontevedra.

E fai falta un novo hospital, e vostedes serán os que tendrán que responder ante a cidadanía de por que se opoñen a unha infraestrutura desta capacidade. Ademais, imos acelerar todo o proceso, de maneira que poida ser unha realidade un novo hospital en monte Carrasco no mesmo prazo de tempo no que estaba prevista a ampliación; un novo hospital que estará, polo tanto, que se pode facer claramente en 2,5-3 anos de

construción e, polo tanto, que nos sitúa en cinco anos nun entorno de dotacións adecuadas na área sanitaria de Pontevedra.

Además, tamén é importante dar resposta con esta iniciativa, evidentemente, á situación económica actual. E é verdade que as inversións en sanidade poden cambiar e romper a tendencia claramente e colaborar na dinamización económica de Galicia. Crear 1.500 postos de traballo en Pontevedra, dende logo, a esta conselleira, membro do Gobierno de la Xunta, non lle parece un elemento menor; é unha aposta definitiva pola dotación de infraestruturas de calidade e pola xeneración de emprego na zona de Pontevedra.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D.^a Ana Luísa Bouza Santiago, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o balance relativo ás listas de espera na sanidade en 2009 presentado aos medios de comunicación

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Ten a palabra, para formular esta pregunta, a señora Bouza Santiago.

A señora BOUZA SANTIAGO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoría.

Boas tardes, señora conselleira.

A ver se consigo que a min me conteste, a ver se teño máis sorte que o señor Pose.

Hoxe o presidente da Xunta tivo xa oportunidade esta mañán de contestar á mesma pregunta, e tampouco o conseguimos. Dos seis minutos que tivo para responder dedicou un só a dar algún dato sobre as listas de espera, e o resto dos cinco minutos a outros temas. Eso é unha mostra clara de canto lle importan os problemas da sanidade ao presidente da Xunta, porque nese minuto se reiterou na mentira e no funambulismo político que anunciou vostede mesma coas súas declaracións sobre as listas de espera o 25 de xaneiro, porque hai dez días máis de espera media que a finais de 2008, porque

hai 3.200 pacientes máis agardando quirófano na lista estrutural, e os quirófanos están parados pola tarde, porque no Complexo Universitario da Coruña hai 1.000 pacientes máis esperando quirófano, no Universitario de Santiago 1.500 pacientes máis esperando quirófano, e os quirófanos seguen pechados pola tarde. ¿Pódense ter os quirófanos pechados pola tarde con 35.318 persoas esperando quirófano? ¿Ese é o seu xeito de pensar máis nos doentes que nas estatísticas?

Pois ben, señora conselleira, imos falar de doentes: FSV, 53 anos, Ourense, varón. O 11 de setembro ingresa cun infarto no CHOU. Despois de moitas e longas citas que se anulan, hoxe, 10 de febreiro, sigue de baixa, sen cita. El está ben, pero o médico de atención primaria non lle dá a alta porque non ten unha indicación do cardiólogo. ¿Donde está rexistrado FSV que non ten cita de cardioloxía? Cando anuláron a súa cita, ¿en que lista o meteron? E, sobre todo, ¿cando o van a atender?

MVT, muller, 69 anos, de Santiago. Logo de varias consultas de primaria cunha posible flebite, despois dun mes sen ser atendida polo especialista, o especialista dille que é moi urxente que se opere de varices, que hai un risco grave para a súa saúde. Ao solicitar data para a operación, dinlle que a chamarán e que conte con que, como mínimo, ten que esperar un ano porque esa intervención non é urxente. Hoxe, o día 10 de febreiro, agarda quirófano sen cita. ¿Onde está rexistrada MVT? ¿En que lista a podemos ver das que se publican? E, sobre todo, señora conselleira, ¿cando a van atender?

Señora conselleira, leva nove meses acusando o Goberno anterior de ocultación, leva nove meses alardeando de transparencia e de claridade, de que con vostedes a cidadanía vai ter coñecemento de todos os datos, que non vai haber agachados no caixón, que todo se vai rexistrar e que todo se vai coñecer. Pois dende o BNG a emplazamos a cumprir ese compromiso de transparencia informativa e lle preguntamos no concreto, ¿cal é a total actividade cirúrxica no 2009 no Sergas en xornada ordinaria e en xornada extraordinaria? ¿E cal é o número de doentes, a decembro de 2009, nas listas de espera do Sergas, en lista estrutural e en lista non estrutural? Agardamos, señora conselleira, que conteste con datos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Bouza.

Ten a palabra, para responder, a conselleira de Sanidade.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Farjas Abadía): Moitísimas grazas, señor presidente.

Señora diputada, os datos están na *web*, cumprindo estritamente a legalidade e cumprindo, ademais, co compromiso de transparencia deste Goberno. Todos os datos de data de espera, de número de pacientes e demais están na *web* de forma..., e –repito– cumprindo estritamente tanto o compromiso de transparencia como a legalidade. No que respecta –que os ten á vosa disponibilidad– ao número de pacientes que estaban en lista de espera á data 31 de decembro do 2009, saben –e temos difundido toda a información– eran 35.318 pacientes que estaban en lista de espera quirúrxica o 31 de decembro. A diferenza, tanto no número de pacientes como na espera media respecto a outros anos está clara, informamos na estratexia de traballo para priorizar claramente os doentes. Queremos poñer nome e apelidos, queremos poñer cara a cada un dos doentes. E por primeira vez en Galicia, (*Murmurios*.) por primeira vez en cinco anos, os doentes en prioridade uno –segundo o criterio médico, que é quen define a prioridade–, por primeira vez os doentes en prioridade uno (*Murmurios*.) tiveron que esperar menos de trinta días. Xa sei que non lles gusta escoitar a realidade, xa sei que é difícil aceptar neste momento que estiveron traballando para buscar datos estadísticos de media. Pero sabemos que esa é precisamente a estratexia do maquillaxe. Sabemos que unha cousa é mirar aos doentes á cara e priorizar de acordo ao risco, de acordo á urxencia e de acordo á importancia da súa patoloxía. O tempo medio de espera destes doentes se situou en 28 días, doce menos que a 31 de decembro do 2008. E, xa dixeran, non traballamos para diminuír o dato estadístico, senón para atender os doentes según a súa gravidade.

Máis. Podo darlle datos; piden, datos. A anxioxía e cirurxía vascular: 2008, 63 días; (*Murmurios*.); 2009, 28. Cirurxía cardíaca: 2008, 103 días; 2009, 14 días. Cirurxía cardíaca infantil, 33 días; 2009, cero días. Cirurxía torácica, 31 días; 2009, 15 días. (*Murmurios*.) E así unha longa listaxe de cirurxías de gran importancia. A actividade quirúrxica ordinaria no 2009 aumentó 3.025 intervencións sobre a actividade ordinaria do 2008.

Moitísimas grazas. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica, ten a palabra a señora Bouza.

A señora BOUZA SANTIAGO: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, na *web* están os mesmos datos que había a 31-12-2008, os datos de lista estrutural do sistema de información que se creou na lexislatura anterior polo Goberno bipartito. Están os mesmos datos, non engadiron ningún dato; eso si, eliminaron a distribución por xéneros da información, que está claro que a vostedes eso non lles parece relevante.

Señora conselleira, temos un problema nestos debates con vostede. Nós non fomos educadas na santa desvergüenza e nos costa traballo –de verdade, nos costa traballo– asumir a mentira con ese descaro. Vostedes non nos explican onde engadiron, onde contabilizaron eses 71.000 pacientes que parece ser que atoparon nun caixón. ¿Donde están rexistrados?, ¿donde se dá a información desos pacientes?

Señora conselleira, é escandalosa a interpretación que fai sobre as doenzas graves, escandalosa. As especialidades de cardiología –grave– pasan de 41 a 66 días, 25 días máis de espera; oncoloxía –grave– pasa de 11 a 14 días; neuroloxía –grave– pasa de 69 a 72 días. Deixe de mentir, señora conselleira. ¿De que pacientes graves está vostede a falar? ¿Ou é que vostede quere dicir que, unha vez máis, a culpa é dos facultativos? ¿Ou é que vostede pretende deixar enriba da mesa esta cousa sibilina de que durante a anterior lexislatura os facultativos non atendían a xente que tiña en perigo a súa vida por maquillar as listas de espera? ¿É eso o que vostede pretende dicir? Porque os facultativos sempre atenden primeiro a xente que ten en perigo a súa vida. Esa non é a maneira de contar.

Señora conselleira, as listas de espera son unha medida da calidade de xestión sanitaria. E, utilizando esa medida, estes nove meses da súa xestión sanitaria son un fracaso estrepitoso...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas.

A señora BOUZA SANTIAGO: E, por favor, responda: ¿cantas operacións en xornada ordinaria e extraordinaria? ¿E canta xente en lista de espera estrutural e non estrutural? Por favor, son datos o que lle pido, non valoracións. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Bouza.

Ten a palabra a conselleira de Sanidade.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Farjas Abadía): Por suposto, seguiremos dando datos.

Primeiro, clarexarei que no Sergas, no Servicio Galego de Saúde, polo menos nesta etapa, non tratamos os doentes primeiro ou segundo según sexan varóns ou mulleres. A prioridade non a marca o xénero, a marca a gravidade, a urxencia da súa patoloxía, *(A señora Bouza Santiago pronuncia palabras que non se perciben.)* non tratamos os doentes según sexan homes o mulleres.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Vamos a ver, por favor. Un momento, señora conselleira.

Supoño que se lle fan preguntas á señora conselleira é para escoitar as súas respostas; despois fagan as valoracións oportunas.

Prosiga, por favor. *(Interrupcións.)*

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Farjas Abadía): En segundo lugar, temos informado puntualmente das incorporacións dos doentes que estaban agochados en caixóns, 25.000 doentes que temos incorporado, que están rexistrados e que teñen sido citados, *(Protestas.)* e que polo tanto sumáronse aos doentes que estaban nas listas de espera e que se suman ao conxunto, nuns casos están tratados, noutros non.

Ademais, contabilizamos os 45.000 doentes que nunca, nunca, rexistraron e que, polo tanto, nunca sumaron tempo de espera. E así fan os setenta e tantos mil a que fan relación.

Repito, actividade ordinaria. Actividade ordinaria que segundo o Consello de Contas puxo de manifesto claramente a desestruturación no seu informe de 2006, que reitera contundentemente no informe do 2007, e que os invito a ler detidamente para que comproben cal foi o resultado da desestruturación. E incorporamos dúas medidas: a primeira, claramente, a reestruturación da actividade ordinaria para aumentar os resultados dos nosos centros, 3.025 intervencións máis na mañá e 133.000 consultas iniciais diagnósticas máis en xornada ordinaria. Dous datos que claramente, claramente, son un reflexo do resultado do esforzo de colaboración cos profesionais nos nosos hospitais.

Pero ademais, ademais, incorporamos na web todos os datos de doentes que están á espera de probas diagnósticas que nunca, nunca, vostedes fixeron públicas. Xa temos dous datos, o primeiro, os novos, os 25.000 pacientes que incorporamos segundo os datos que nunca vostedes fixeron públicos de tempos de espera en probas diagnósticas.

E seguimos, seguimos a dar a información diferenciada segundo os tres niveis de prioridade. E vostede está a falar do resultado matemático estadístico da media, e eu estoulle a falar do resultado da priorización e do recorte do tempo de diminución da intervención quirúrxica, do tempo de espera entre intervencións quirúrxicas urxentes. Polo tanto, todos os datos á súa disposición.

Non vou entrar en individualidades, que tamén, se quere, por suposto teño toda a información de todos aqueles doentes que tardaron máis dun ano en intervencións quirúrxicas e que operamos por exemplo o 25 de xuño de 2009, cun año, cun año, esperando para unha intervención electiva baixo circulación...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Farjas Abadía):... extracorpórea.

Destes datos temos moitos, moitos casos que esperaron. O importante, o importante é que sempre debemos de priorizar poñendo cara e tratando aos nosos doentes como o que son, persoas con nome e apelido, circunstancias sociais e circunstancias sanitarias a valorar e a priorizar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora conselleira.

Rematados os asuntos obxecto da orde do día, levántase a sesión.

Máis nada e moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás sete e vinte e tres minutos da tarde.



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25